Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 21/10/2022 10:51:30
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 87

Sesión plenaria
28 de xuño de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga (doc. núm. 32399, 11/PL-000013)
Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 330, do 13.06.2022
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 330, do 13.06.2022

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia (doc. núm. 35140, 11/PL-000014)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022
Publicación da emenda á totalidade, BOPG nº 333, do 16.06.2022

Punto 2. Comparecencia

2.1 36269 (11/CPP-000089)
Da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para dar cumprimento ao previsto no Plan de traballo da Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

Punto 3. Mocións

3.1 36151 (11/MOC-000103)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25221, publicada no BOPG núm. 232 do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 14 de xuño de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.2 36163 (11/MOC-000104)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ante a situación dos equipos técnicos encargados da valoración da dependencia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34003, publicada no BOPG núm. 315 do 4 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 14 de xuño de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

3.3 36170 (11/MOC-000105)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35222, publicada no BOPG núm. 325 do 1 de xuño de 2022 , e debatida na sesión plenaria do 14 de xuño de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 30738 (11/PNP-002653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

4.2 33937 (11/PNP-002978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

4.3 34931 (11/PNP-003089)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.4 35280 (11/PNP-003122)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

4.5 35403 (11/PNP-003139)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e catro deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

4.6 35965 (11/PNP-003203)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e catorce deputados/as máis
Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 332, do 15.06.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 34926 (11/INT-001795)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre a sinistralidade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

5.2 35117 (11/INT-001803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

5.3 35511 (11/INT-001831)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os servizos de medicina interna
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 36264 (11/POPX-000071)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reforzar a Atención Primaria ante o inicio da temporada estival
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

6.2 36266 (11/POPX-000072)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia ante o Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 36263 (11/PUP-000264)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre os contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados no mes de maio pola Axencia de Turismo de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade a medios de comunicación con domicilio social en Madrid
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

7.2 29533 (11/POP-004430)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Carballo Páez, Ramón e doce deputados/as máis
Sobre a decisión do Goberno municipal de Lugo de manter pechado, sen uso e sen mantemento, o novo auditorio
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

7.3 34660 (11/POP-005016)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza que desestima a reclamación feita pola empresa concesionaria da AP-9 sobre o pagamento das peaxes en sombra de Rande e A Barcala
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.4 35976 (11/PUP-000260)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e once deputados/as máis
Sobre a información dispoñible por parte da Xunta de Galicia en relación coas circunstancias, causas e posibles solucións en que traballa o Goberno de España para a reparación do viaduto colapsado na A-6
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

7.5 36260 (11/PUP-000263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central na mellora do mapa de transportes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

7.6 35206 (11/POP-005085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre a inclusión da oferta do novo bacharelato xeral e o bacharelato de artes para o curso 2022-2023 nos centros educativos do Val Miñor
Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

7.7 27427 (11/POP-003980)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

7.8 35352 (11/POP-005108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar de dous profesionais de psiquiatría o cadro de persoal do Servizo de Saúde Mental da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Cristina Sanz Arias e a delegación de voto, con base no artigo 84.7 do Regulamento, na deputada dona Paula Prado del Río. (Páx. 11.)

Así mesmo, manifesta que nesta sesión hai alteracións da orde do día, que son coñecidas por todos os deputados e todas as deputadas. (Páx. 11.)

Comparecencia da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para dar cumprimento ao previsto no Plan de traballo da Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. Conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 16.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 20.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 24.)

Réplica do Goberno*: Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 27.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 30.) *Nesta rolda interveñen a señora Ortega Otero (S)* (Páx. 30.), *a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 33.), o *Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 35.) *e a Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 37.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 39.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo).* (Páx. 39.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 40.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 44.) *e Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 48.)

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 51.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 54.) *e Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 56.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mejuto).* (Páx. 58.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 61.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 66.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 69.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 74.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación das emendas formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da disposición derradeira primeira bis e da emenda técnica no apartado 4º da exposición de motivos do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga: *rexeitada por ningún voto a favor, 57 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 78.)

Votación do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga: *aprobado por 39 votos a favor, 31 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 79.)

O señor presidente informa dunha declaración institucional que lle achegan os grupos parlamentarios en relación co *día de hoxe, 21 de xuño, no que se celebra o Día Internacional das Persoas LGBTI, da que non chegaron a acordo.* (Páx. 79.)

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 80.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 83.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 86.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 90.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a situación dos equipos técnicos encargados da valoración da dependencia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 91.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 95.) *e Sra. López Sánchez (P).* (Páx. 97.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 100.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 107.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 111.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 114.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 115.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ante a situación dos equipos técnicos encargados da valoración da dependencia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

A señora Prado Cores (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 2 da moción presentada polo señor Torrado Quintela (S). (Páx. 116.)

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación do punto 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria: *aprobado por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 118.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, menos o punto 2, xa votado, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co *día de hoxe, 21 de xuño, do que se celebra o Día Internacional das Persoas LGBTI, que se aproba por asentimento.* (Páx. 118.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e catro minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia a este pleno de acordo co artigo 84.7 do Regulamento e delega o seu voto para esta sesión dona Cristina Sanz Arias, que o fai na viceportavoz do Grupo Parlamentario Popular dona Paula Prado del Río.

E, sen máis, entramos na orde do día, coas alteracións que xa todos vostedes coñecen e comezamos coa:

Comparecencia da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para dar cumprimento ao previsto no Plan de traballo da Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, moi bos días a todos.

Un dos erros máis habituais que cometemos como seres humanos é pensar que o sufrimento dos demais é alleo a nós mesmos. As dificultades que unha persoa con discapacidade poida atopar no seu día a día para saír á rúa, para ir á escola ou para atopar un traballo non son intrínsecas a el, forman parte dunha sociedade que non é capaz de adaptarse ás necesidades ou á realidade de todos os seus integrantes. Resulta difícil e doloroso imaxinar o medo, as dúbidas e as incertezas que uns pais poden sentir cando descobren que o seu fillo ten unha discapacidade. Algunha das preguntas que asaltan a súa cabeza nos primeiros momentos son: que atención ou axuda podo ofrecerlle dende o ámbito doméstico?, que coidados profesionais necesita?, que ocorrerá cando vaia ao colexio?, estará integrado? Conforme o seu fillo vai medrando, tamén medra a lista de preguntas sobre o seu futuro. Neste caso as dúbidas pasan a ser: poderá acceder ao mundo laboral?, poderá vivir unha vida plena e autónoma?

Nos últimos trece anos a Xunta situou entre as súas prioridades a atención á discapacidade para poder responder a todas esas preguntas, e porque entendemos que só así poderemos entregarlle unha Galicia mellor aos nosos fillos e netos.

Non podemos negar que Galicia ten avanzado moito en materia de discapacidade neste tempo. A mostra é que cada vez son menos as dúbidas sen resposta de todas estas familias.

Hoxe comparezo ante esta Cámara para dar conta de todo o avanzado en materia de discapacidade e tamén para marcar entre todos os retos do futuro. Antes de nada quero agradecer

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o traballado realizado por todos os axentes que participaron na Comisión de discapacidade ao longo das últimas catro lexislaturas. Unha comisión que dende o ano 2012 analizou 25 informes sectoriais e pola que pasaron máis de 55 profesionais, expertos e responsables da Administración.

Moitos dos avances acadados neste tempo beben directamente do traballo colectivo e tamén desa análise conxunta, e por iso merecen todo o noso agradecemento e recoñecemento. *(Aplausos.)*

Un dos últimos logros nesta materia foi a recente creación por parte do Goberno galego dunha Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, un departamento centrado integramente nesta materia e que foi moi ben recibido por parte das entidades do sector social.

Con esta dirección Galicia convértese nunha das poucas comunidades en contar cun departamento exclusivo para as persoas con discapacidade. Sabemos que o seu coidado e a súa atención e a súa integración requiren da implicación de toda a sociedade. Será esta, precisamente, a mellor maneira de seguir atendendo as súas necesidades de forma individualizada dende a infancia ata a vellez. Ese camiño empeza coas primeiras sospeitas ou indicios que unha familia pode ter se o seu fillo ou filla ten unha discapacidade. Nese momento necesitan de profesionais que sexan quen de realizar un diagnóstico rápido e exhaustivo do seu caso. Uns profesionais que os asesoren e disipen todas as súas dúbidas e lles dean certezas.

No ano 2009 existían en Galicia dúas unidades de atención temperá que daban cobertura a 14 concellos galegos. Estes centros eran vistos naquel momento cun servizo único que soamente estaba á disposición das familias que vivían neses pobos.

Hoxe, existen na nosa comunidade 36 unidades de atención temperá funcionando e dan cobertura a 167 concellos galegos. Ademais, o pasado mes vimos de resolver unha nova orde de axudas que permitirá abrir dez novas unidades. É dicir, que este mesmo ano contaremos cun total de 46 unidades que achegarán este servizo a preto de 200 concellos de toda Galicia. Con esta resolución atendemos as peticións de absolutamente todos os concellos galegos que nos solicitaron abrir unha unidade de atención temperá. *(Aplausos.)* Pero o máis importante de todo é que as familias xa non van ter que desprazarse quilómetros e quilómetros para acudir a unha unidade de atención temperá, senón que disporán dela ao carón da súa casa.

Ademais, este ano melloraremos o servizo financiando o cen por cento das horas prestadas e incrementando o investimento por cada hora de servizo, de maneira que estes primeiros coidados sexan aínda de maior calidade.

Tamén coa finalidade de mellorar o seu funcionamento, a finais do ano pasado impulsamos un completo plan de formación para que os seus profesionais conten con todos os medios e co coñecemento máis avanzado. Podo asegurarlles que seguiremos avanzando e apostando pola atención temperá, porque ten demostrado claramente a súa efectividade para identificar trastornos no desenvolvemento dos máis pequenos, e porque nos permite avanzar cara a unha maior igualdade de oportunidades entre o ámbito urbano e o rural.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outro dos momentos decisivos na vida dunha persoa con discapacidade é a súa etapa educativa. Trátase dun momento de constante cambio no que espertan as inseguridades e se prolonga dende a infancia ata ben entrada a adolescencia. É preciso garantir un acceso á ensinanza en igualdade para as persoas con discapacidade. E, sobre todo, garantir o seu dereito a unha infancia feliz e chea de bos recordos.

Galicia pode presumir de ser a comunidade máis inclusiva de todo o Estado; o 93 % do alumnado galego con necesidades educativas especiais está escolarizado en centros ordinarios. Trátase de dez puntos máis que a media española, que o sitúa nun 83 %. Ademais, contamos con protocolos de actuación nas aulas para todo tipo e necesidades do alumando. Dende o ano 2013 fomos aprobando documentos adaptados ao alumnado con TDAH, con TEA, con Síndrome de Down, con discapacidade auditiva, entre outros.

Deste xeito, tamén procuramos que o persoal docente saiba como actuar para identificar, para atender e para adaptar os seus contidos ás necesidades de todos estes alumnos. E, por suposto, fomos tamén incrementando o persoal especializado en atención á discapacidade. Nos últimos sete anos, aumentamos un 50 %, ata chegar aos 5.000 o número de orientadores, de pedagogos, de persoal auxiliar coidador, ou de intérpretes.

Para promover o lecer e a aprendizaxe non formal das persoas con discapacidade máis alá das aulas, a Xunta impulsa actividades adaptadas ás súas necesidades. A Consellería de Política Social e Xuventude ofrece cada ano unha variada oferta de actividades aberta, por suposto, tamén ás persoas con discapacidade. Máis de 150 mozos con discapacidade participaron nas últimas edicións da campaña de verán e nos programas primavera e outono xove.

Ademais, un ano máis volvemos poñer á disposición das familias unha convocatoria específica de 200 prazas para persoas con discapacidade de entre 11 e 50 anos. Unha convocatoria que permite que desfruten de actividades de ocio e de aprendizaxe non formal que, ademais, isto supón un importante recurso de conciliación para centos de familias de Galicia.

Polo tanto, son uns programas que non debemos para nada menosprezar porque son igual de agardados polas familias como polos participantes.

Unha vez rematada a etapa educativa, o apoio do Goberno galego non cesa. Axudamos ás persoas con discapacidade a atopar un traballo para vivir unha vida plena e tamén unha vida o máis autónoma posible. Facémolo a través dos centros especiais de emprego que existen por toda a comunidade e que procuran a súa inserción no mundo laboral.

Facémolo creando prazas de emprego público reservadas para persoas con discapacidade, e facémolo axudando e promovendo actividades nos centros ocupacionais que poñemos en marcha a través das distintas entidades sociais de Galicia. Ao peche de 2020, que é o último dato dispoñible, en Galicia había un total de 14.700 persoas con discapacidade afiliadas á Seguridade Social. Eta cifra sitúa a nosa comunidade como a cuarta a nivel nacional que máis logrou incrementar a súa inserción nos últimos anos.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outro dos retos importantes que temos por diante para axudar ás persoas con discapacidade é eliminar todas as barreiras arquitectónicas que poden atopar no seu día a día. Traballamos da man dos concellos e das entidades sociais nun novo decreto de accesibilidade que permita ofrecer facilidades ás persoas con discapacidade, tanto no que respecta á mobilidade como no acceso a todos os servizos.

Nestes momentos os técnicos xurídicos da consellería están incluíndo neste documento todas as alegacións achegadas por parte dos distintos organismos. Un decreto moi agardado que permitirá unificar as actuacións levadas a cabo polas distintas administracións en materia de accesibilidade arquitectónica ou de comunicacións. En materia de vivenda, a Xunta tamén ofrece axudas ás familias para facer os seus domicilios máis accesibles. Faino a través das axudas á vivenda do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Nós últimos tres anos investíronse 21,5 millóns de euros para realizar melloras na accesibilidade de 11.000 vivendas galegas. Unhas axudas que poden acadar ata os 21.000 euros por inmoble e que resultan fundamentais para milleiros de familias.

Sabemos que non todas as persoas con discapacidade precisan da mesma atención e que para moitas delas a prioridade é acceder a un centro de atención e coidado. Galicia incrementou nun 30 % o número de prazas de atención á discapacidade, dende o ano 2009 ata chegar ás 5.600 que existen a día de hoxe.

Tan só neste mesmo ano 2022 crearemos 280 novas prazas, trátase de prazas de atención diúrna, ocupacional e residencial.

Para impulsar servizos de atención de xeito inmediato alí onde son necesarios tamén avanzaremos no tan demandado concerto social. Hoxe podemos anunciar que nas vindeiras semanas realizaremos as primeiras convocatorias de servizos sociais en réxime de concerto. *(Aplausos.)*

Trátase, polo tanto, dunha demanda histórica do sector que facilitará que as persoas con discapacidade non teñan que desprazarse tantos quilómetros para acceder a unha praza pública, senón que poderemos crear novas prazas públicas próximas ao seu domicilio e, o máis importante, no centro da súa elección.

Por medio deste sistema crearase unha bolsa de entidades que están en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios predeterminados. Poderase facer de dúas formas complementarias, a través dun procedemento anual para que as entidades presenten as súas solicitudes. E tamén a través dos denominados concertos de adhesión, que permiten que as entidades sociais poidan inscribirse en calquera momento e que as prazas se concerten cando e con quen sexa preciso a través de criterios obxectivos.

Non quixera esquecerme tampouco do papel das familias na atención diaria das persoas con discapacidade. Hai moitas mulleres —na súa gran maioría— e homes que dedican moitas horas do seu día a día a coidar dun familiar con discapacidade. O noso apoio está tamén con todas elas, queremos apoiar e axudar a todos estes familiares a coidar ao tempo que seguir vivindo a súa propia vida e que sintan que non están soas. Con esa finalidade dende a Xunta

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia levamos anos impulsando o Programa Respiro Familiar, que permite coidar a quen coida, e permitirlle tamén ter momentos de descanso. A través desta iniciativa a Xunta de Galicia financia o 100 % da estadía temporal en calquera centro residencial da nosa comunidade, ata un máximo de 1.500 euros ao ano; e tamén financia o custo dun coidador no fogar ata un tope de 1.000 euros. Neste último ano investimos 600.000 euros para a posta en marcha deste programa, que é moi valorado polas familias e que permite que os coidadores poidan dispoñer de preto de 1 mes ao ano para facer as súas tarefas.

Para implantar todas estas medidas e coñecer as necesidades das persoas con discapacidade contamos permanentemente cuns aliados fundamentais: as entidades sociais de Galicia. Elas destinan todos os seus esforzos diarios a construír esa sociedade mellor que todos anhelamos. O Goberno galego segue apoiándose no tecido social galego para chegar a todas esas familias que precisan de axuda, que teñen dúbidas que resolver sobre os servizos que teñen en cada momento á súa disposición, ou que solicitan axuda próxima aos seus fogares ou ao seu lugar de traballo ou residencia.

As entidades sociais levan décadas traballando polos dereitos das persoas con discapacidade para mellorar o seu presente pero tamén o seu futuro. O Goberno galego segue impulsando axudas para que realicen todas elas o seu traballo. Ademais de contemplar un ano máis os 9,3 millóns de euros destinados a garantir a súa sustentabilidade financeira, elevamos nun 65 %, ata os 10 millóns de euros, o importe que recibirán dentro das axudas con cargo á casilla social do IRPF. E nas vindeiras semanas aprobaremos novas ordes de axuda para a compra de vehículos, para a reforma de centros e tamén para a construción de novas infraestruturas sociais por un importe único de 17 millóns de euros. *(Aplausos.)* 17 millóns de euros máis cos que poderán seguir impulsando todos eses programas e todas esas iniciativas que buscan unha maior inserción e atención e coidado das persoas con discapacidade.

As entidades sociais de Galicia saben que contan co apoio permanente do Goberno galego para facer realidade os seus proxectos e para apoialas nas súas reivindicacións. É por iso que podo garantir que farei todo o que estea na miña man para que Galicia se implique nos cambios normativos necesarios para lograr unha lexislación que máis se axuste ás súas necesidades, pero sobre todo unha lexislación que sexa respectuosa coas persoas con discapacidade.

A pesar de todos os logros que acabo de enumerar, sabemos que aínda nos queda moito camiño por percorrer. Seguiremos traballando para que ningunha persoa con discapacidade conte con impedimentos; conte con impedimentos para realizar a súa actividade no seu día a día, que conte con impedimentos para realizar os estudos que soña e que a apaixonan para acceder a un servizo público, para ter un posto de traballo ou, en definitiva, para desenvolver a súa vida de forma plena e autónoma.

Un dos asuntos nos que é máis importante incidir aquí pero tamén en todas as partes de España é o sistema de valoración á discapacidade. As melloras implantadas polo Goberno galego permitíronnos reducir un 25 % o tempo de espera na valoración no último ano. É dicir, que a día de hoxe unha persoa agarda 50 días menos que no ano 2021 para ver resolto o seu expediente. Pero é que ademais neste tempo puxemos en marcha 17 novas unidades de va-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

loración, e tamén estamos a reforzar o persoal que atende este servizo para atender máis rápido as persoas que o necesitan, porque moitas delas aínda esperan máis do desexable. Todos estes retos e obxectivos están aparellados a uns orzamentos que este ano son os máis sociais da historia de Galicia, e nos que a discapacidade ocupa un lugar destacado.

Neste ano 2022 destinamos a esta materia 142 millóns de euros, un 12 % máis que no ano 2021. Como sociedade comprometida, sabemos que todos os seus integrantes deben atopar o seu espazo. Sen a participación das persoas con discapacidade non poderemos mirarnos coa tranquilidade de vernos iguais en liberdades e en dereitos. Sen a participación das persoas con discapacidade non poderemos ter a tranquilidade de saber que os nosos fillos vivirán nun mundo mellor que o noso. *(Aplausos.)* E sen a participación das persoas con discapacidade non viviremos na Galicia solidaria, xusta e igualitaria que todos queremos. Para lograr que as persoas con discapacidade teñan un lugar representativo, un lugar que merecen, debemos de seguir impulsando novas medidas adaptadas ás súas necesidades. Estou plenamente segura de que dende o consenso e dende a colaboración poderemos seguir mellorando a súa vida. Nese tempo avanzaremos en visibilidade e gañaremos espazo para todas elas, avanzaremos e continuaremos avanzando na diagnose temperá, na integración educativa, no acceso ao emprego e na accesibilidade aos servizos. E avanzamos tamén durante todo este tempo na creación dunha rede de atención e de coidados máis sólida que precisa para todas estas persoas con discapacidade poidan dispoñer en todo momento de axudas, de apoios, e tamén que conten con todo o noso apoio as familias das persoas con discapacidade.

Agora debemos seguir poñéndoo todo da nosa parte para que se minimicen as posibles dificultades. Témonos equivocado moito ao longo dos anos como sociedade, pero con cada xeración temos a oportunidade de corrixir e de mellorar todos eses erros cometidos. Poderemos así darlles ás persoas con discapacidade o lugar e as oportunidades que durante moitos anos lles foron privadas. Poderemos axudar cada día aos pais e ás nais a non ter que facerse preguntas e sentir incertezas ante a posibilidade de ter un fillo con discapacidade. E poderemos así entre todos chegar a vivir nunha Galicia mellor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira.

A verdade é que escoitei atentamente todas as palabras que a señora conselleira nos ofreceu, e realmente eu veño en disposición, eu quero crela. Eu quero crer no que vostede di. E tamén quero crela cando di que ten empatía polas dúbidas e as incertezas que poden ter uns pais

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cando teñen un fillo con discapacidade, pero entón ¿por que aplaudiu o Decreto de dependencia de 2012, do Partido Popular, que recortou a cotización e a prestación desa nai que non pode traballar porque ten que coidar o seu fillo?

Tamén quero crela cando fala da atención temperá, de que quere loitar, de que queren chegar a todos os nenos e nenas. Pero ¿por que entón votaron en contra de financiar a longo prazo o servizo? ¿Por que votaron en contra das nosas propostas que pedían atender a poboación diana, facer un estudo da poboación de nenos e nenas que teñen problemas, que son susceptibles da atención temperá? E non chegamos a todos. Precisamente a nosa proposta ía da man dos profesionais e das familias para que puidésemos chegar a todos eses nenos e nenas que precisan da atención temperá. Non entendemos a súa negativa.

Tamén quero crela cando vostede di que a Comunidade Autónoma de Galicia é a máis inclusiva de España. Sen embargo, os datos oficiais, señora conselleira, din que somos das que menos emprego ofrecemos ás persoas con discapacidade de todo o Estado. Entón a verdade é que as palabras só son palabras, pero cando non se acompañan de accións non serven de nada, señora conselleira. *(Aplausos.)*

Hai anos, as persoas que estudamos Psicoloxía coñecemos moi ben a teoría da profecía autocumprida, que derivou tamén no que Rosenthal e Jacobson chamaron o «efecto Pigmalion». As expectativas ou prexuízos que temos sobre outras moitas persoas condiciona ou predí realmente en moitas ocasións os resultados futuros. E para demostralo fixeron un experimento con alumnado e docentes; aos mestres dixéronlles que dividirían os alumnos en dous grupos: a un deses grupos dixéronlle que tiñan unhas facultades ou intelixencia superior á avaliada, pero realmente era mentira, xa que ese grupo de alumnos foi escollido ao azar. ¿E que pasou? Os propios resultados do experimento demostraron que esa premisa que *a priori* era mentira condicionou os resultados futuros, facendo que eses alumnos que *a priori* tiñan mellores expectativas —falsas— conseguiran mellores notas. E esta profecía autocumprida, o efecto Pigmalion, prodúcese de xeito recorrente na sociedade coas persoas con discapacidade pero á contra. O feito de ter unha discapacidade supuxo durante moitos anos poñer unha cruz a esas persoas non só no ámbito escolar, senón no ámbito laboral, tamén no ámbito afectivo e tamén no ámbito social. A perspectiva puramente asistencial coas persoas que teñen discapacidade non é suficiente, temos que dar un paso máis alá. Vostede nomeou moitas das medidas que xa viñan da época de Rey Varela, e o feito é que temos que ir pasos máis alá, non podemos quedar en políticas que xa teñen moitos anos e, como saben, a sociedade nos últimos anos ademais cambiou moito e sobre todo para as persoas con discapacidade e dependencia.

Pero ademais non é suficiente esta perspectiva asistencial —como digo—, porque temos que loitar contra profecías autocumpridas que borran as persoas con discapacidade dos ámbitos laborais, de ter dereito a unha vida independente ou tamén no ámbito afectivo-sexual. E hei de recoñecer, señora conselleira, que me sorprendeu ver a súa comparecencia na orde do día, porque non é habitual, a pesar de ser unha obriga implícita no cargo, a pesar de ser unha das consellerías clave para a reconstrución de Galicia. Tamén hei de recoñecer que me sorprendeu incluso o cambio de nome da Consellería de Política Social para chamarse Consellería de Política Social e Xuventude, porque precisamente esta foi a consellería res-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ponsable de baixar a partida para a xuventude durante anos consecutivos *(Aplausos.)* no peor momento para o nosos mozos e mozas durante a pandemia *(Aplausos.)* e tras a maior fuga de talento dos últimos tempos para a xente nova, que tivo que emigrar por falla de oportunidades. ¿Que foi da Lei de demografía, señora conselleira? ¿Serviu para algo á parte da propagada do Goberno? Porque hoxe en día os resultados que temos é que Galicia é a comunidade con peor comportamento demográfico e levamos xa máis dun ano da aprobación da Lei de demografía, ¿para que serviu, señora conselleira? Para propaganda. E máis sorprendente foi que o señor Feijóo esta semana exixira ao presidente Sánchez mudar o termo «disminuído» da Constitución, cando o PSOE xa o levou a Congreso e o Partido Popular votou en contra. *(Aplausos.)* ¡Hai que ter máis cara que espalda, señora conselleira! *(Aplausos.)* Exixir unha cousa que previamente votan en contra, iso é cinismo político. Pero, para máis inri, falan de investimento en inserción social para persoas con discapacidade cando tras 13 anos de Goberno do señor Feijóo en Galicia somos tristemente das comunidades autónomas que peores datos de inserción laboral en persoas con discapacidade temos de toda España. E dende o Grupo Parlamentario Socialista non nos cansaremos de ofrecer as nosas propostas e denunciar todo aquilo que nos parece inxusto para as persoas con discapacidade. Denunciamos que o Goberno galego está facendo valoracións de discapacidade telefónicas, relatamos exemplos incluso de xordo-cegueira. Señora conselleira, ¿como poden valorar persoas con xordo-cegueira por teléfono e a moitas delas baixarlles o grao de discapacidade?

Denunciamos que os tempos de resolución para as axudas de dependencia ou discapacidade eran e son eternos. Propuxemos medidas para solucionalo, que vostedes rexeitaron. Denunciamos os recortes do Partido Popular que sufriu e sofre a Lei de dependencia e que dende o Goberno central estamos a reverter. Que, por certo, somos a comunidade autónoma que maior porcentaxe de fondos estatais percibe para a dependencia e a que menos inviste por habitante de dependencia dende o Goberno galego de toda España. Denunciamos o sobrecusto de máis dun millón e medio de euros e 800.000 adicionais que levan a lombo as entidades con discapacidade, que exercen as competencias propias da súa consellería e que seguen sen atender. Atenda as entidades de discapacidade, señora conselleira. Por suposto, pois fágao. Porque están reclamando eses sobrecustos e literalmente din que, se non atende estas demandas, a súa supervivencia periga.

Pero seguimos, señora conselleira; o feito é que a adaptación destes convenios literalmente que dicía, que estes sobrecustos en palabras das asociacións, se estivo atenta á Comisión de Discapacidade, realmente dixeron textualmente: Están a pór en perigo a supervivencia e o traballo das entidades de discapacidade. Atenda estas entidades, señora conselleira.

Tras dous anos de lexislatura fixemos propostas de xeito reiterado. Pero a xente segue a pararnos pola rúa preguntándonos porque lle tarda tanto a axuda á dependencia, porque lle tarda tanto a axuda á discapacidade. Como se atreven... como se puideron atrever a valorar a súa discapacidade por teléfono e incluso baixarlle a porcentaxe?

Tamén nos paran pola rúa queixándose da resolución da valoración. Pero non só a nós, señora conselleira, senón a propia Valedora do Pobo nos seus informes recolle este tipo de queixas de forma constante.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entendemos que o Goberno galego non vive en Xúpiter nin en Marte e que ten que ter constancia igualmente destas demandas. ¿Por que non queren aceptar as nosas propostas, pero ao mesmo tempo no son capaces de solucionar o problema por si mesmos?

O Goberno galego é o que menos inviste por habitante potencialmente de toda España. É dos gobernos autonómicos que peores datos de inserción laboral ofrece para as persoas con discapacidade de todo o territorio español. É o único que esconde case 10.000 solicitantes do sistema para que non saian nas estatísticas de dependencia. Aquí as listas de espera para a axuda á dependencia tardan máis do dobre do que marca a lei. E en Ourense, señora conselleira, o triplo; pode ser que ao mellor, como di o Partido Popular, Ourense non sexa Galicia, como dixo a señora representante do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Estamos á cola de solicitantes de axuda á dependencia, sendo a comunidade autónoma con maior porcentaxe de persoas con discapacidade.

O Goberno galego é dos que peor xestionan os servizos sociais de toda España segundo os últimos informes. Ademais o Goberno galego é dos que menos rendemento lle saca aos recursos; ou sexa que, segundo os informes, con menos recursos nalgunhas comunidades fan máis que aquí, porque invisten con dilixencia e con intelixencia.

É imprescindible garantir a reserva de prazas para persoas con discapacidade empezando pola propia Administración. É urxente que o Goberno galego incremente o número de prazas públicas de centros adaptados como centros de día, residencias con patoloxías graves, pluridiscapacidade.

Dende o Grupo Socialista defendemos o empoderamento das persoas con discapacidade, alonxándonos da tradicional sobreprotección ou trato infantil e aportando recursos baseados na igualade de oportunidades dende a primeira infancia.

É urxente un plan galego contra a pobreza e que aborde de xeito especializado a pobreza que sofren as persoas con discapacidade. Porque si, a pobreza tamén ten cara de discapacidade. É imprescindible que o Goberno galego aborde unha das cuestións que máis preocupa as persoas con discapacidade e as súas familias: o tránsito, señora conselleira, da vida escolar á vida laboral.

É urxente que hoxe voten a favor de propostas como as que traemos para mellorar os tempos de dependencia. É urxente que atendan o que piden as entidades e o sector da discapacidade, piden diálogo co Goberno galego sobre o investimento dos fondos europeos. É urxente que atenda este tipo de solicitudes. Piden ser escoitados, piden recursos para abordar as discapacidades adquiridas como neurodexenerativas, neurolóxicas ou comportamentais que están tristemente en aumento. Especialización para ofrecer diagnósticos temperás, como nos casos de trastorno do espectro autista.

Reiteramos unha vez máis as nosas propostas en atención temperá, señora conselleira. ¿Por que non atenden as nosas propostas? ¿Por que son negacionistas cando as propostas veñen da man da oposición e, sen embargo, intentan solucionar a vida das persoas?

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A pandemia deixounos unha lección, nunca saberemos se mañá podemos ser nós os que teñamos unha discapacidade. Nunca saberemos se poderemos ser mañá usuarios de servizos sociais. Hoxe estamos aquí, mañá a vida non sabemos se nos pode colocar noutro sitio. Polo tanto, a defensa de dereitos das persoas con discapacidade dende a primeira infancia é unha necesidade de toda a sociedade. Non se poden soster máis no tempo os datos demoledores en materia social que afectan á súa consellería...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ... derivados da falta de investimento do Goberno galego, derivados da falta de coordinación entre consellerías, claves como son a Consellería de Educación, a Consellería de Sanidade a súa Consellería de Política Social. É precisa dilixencia, sensibilidade e escoita activa cos colectivos afectados. Nós seguiremos propoñendo, non podemos vivir con axudas illadas ou puntuais sen estabilidade para o terceiro sector que tanto apoia estas políticas. É preciso traballar dende unha óptica integral. Acepte as nosas propostas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día tamén á conselleira, que comparece hoxe para dar cumprimento neste pleno ao Plan de traballo da Comisión non permanente de estudo no ámbito da discapacidade. Un plan de traballo que buscaba orixinalmente cando foi constituída esa comisión, que hai que retrotraerse a hai dez anos, no ano 2012, buscaba visibilizar a realidade concreta das persoas con discapacidade no noso país, analizar as políticas neste ámbito por parte do Goberno galego e procurar, sobre todo, ferramentas para construír unha sociedade máis inclusiva e, polo tanto, máis xusta e máis democrática. Para todas e para todos, non só para as persoas con discapacidade.

Nós desde o BNG buscabamos outro obxectivo a maiores, que é transitar ou mudar un enfoque asistencialista na atención, no coidado das persoas con discapacidade, cara a un de dereitos humanos que procure algo tan básico, tan fundamental para calquera persoa como é o dereito a unha vida independente, a unha vida autónoma e, polo tanto, a contar cos recursos, cos apoios que necesitamos para poder decidir sobre as nosas vidas libremente sen tutelas. E iso non se está a cumprir neste país, non se está a garantir a inclusión social nin a accesibilidade universal, nin a disposición deses medios necesarios para levar a cabo o proxecto de vida independente que todas as persoas merecemos e temos dereito a el. E non hai escusa para isto.

Non está a cumprir o Parlamento, non estamos a cumprir nesta Cámara e é unha vergonza. Hai que dicilo así de claro. Levamos cun plan de traballo, co mesmo plan de traballo nesa

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comisión de Discapacidade que non remata nunca, que se constituíu —insisto— hai dez anos, no ano 2012, que foi aprobado ese plan de traballo en 2014; e que en catro lexislaturas, vostede tamén o dicía, non foi capaz nin de facer un só ditame volvendo unha e outra vez á caixa de saída, renovándose as persoas que a integran e sen capacidade para poder sacar adiante os obxectivos polo menos dese primeiro plan de traballo que se aprobou por unanimidade en 2014.

Nós asumimos como grupo parlamentario, eu creo que é o lóxico ao subirnos nesta tribuna falando dese plan de traballo da Comisión non permanente no ámbito da discapacidade, nós desde o BNG pola parte que nos corresponde, asumimos a parte de responsabilidade que temos nese retraso e nesa demora, que non ten escusa, non a ten. E tamén asumimos o compromiso de axilizar o máximo posible o traballo para presentar a nosa proposta de ditame e comezar a negociar cos demais grupos algún acordo ou algún ditame —se é que é posible— por unanimidade.

Pero tampouco está a cumprir a Xunta de Galiza. Vostede hoxe comparece ademais para dar conta das políticas no ámbito da discapacidade que desprega o Goberno galego e, nomeadamente, a consellería, e actitude que teñen é inadmisible. Eu dígollo con toda franqueza. Porque, claro, escoitándoa a vostede calquera diría que vivimos no mundo do unicornio, la piruleta y el algodón de azúcar, pero non é verdade. E non garanten o buenismo dereitos nin, moito menos, os servizos e recursos que necesitan. Son un goberno sen impulso e agora lle explicarei por que. *(Aplausos.)* Porque está moi ben vir aquí pero non dicir do que teño que facer o que non fixen. Sen impulso no ámbito normativo e tamén de acción de goberno.

Digo que son sen impulso e ademais que están incumprindo a súa propia lei. Aquí hai unha lei de accesibilidade do ano 2014, hai oito anos, non se está a cumprir, por exemplo, non se fan os informes bienais que aparecen recollidos na propia lei de accesibilidade sobre o grao de aplicación das políticas incluídas na mesma. Non se aprobou nin sequera, vostede falaba dese decreto, non se aprobou ese decreto que debe desenvolver desde hai oito anos a lei de accesibilidade, dicía ela moi agardado, oito anos. Esperado non, eu creo que xa chega non tarde. Porque pensemos que cando non se cumpre unha lei destas características, ningunha, pero ningunha destas características, cando non se desenvolve a normativa que hai aprobada e está en vigor, o que se está é negando dereitos fundamentais a persoas que os teñen recoñecidos sobre o papel, pero que non se están a poñer na realidade.

O groso do proxecto de decreto que vostedes teñen pendente de aprobar e que xa estivo en exposición pública, que se fixeron achegas por parte das entidades sociais, tamén por parte de concellos, algúns deles gobernados polo BNG, viña con retraso pero ademais tiña partes que eran cortadas e pegadas dunha orde de 2011, de hai 21 anos. Eu o que espero, tamén llo digo, con toda a franqueza é que atendan as achegas, as emendas, as propostas que formulamos desde o ámbito por suposto das entidades sociais que traballan no sector da discapacidade, pero tamén por parte dos concellos. Un decreto, un proxecto de decreto que no groso do seu articulado o que prevía era adoptar medidas para garantir a accesibilidade arquitectónica, a accesibilidade física; é dicir, baños adaptados, vivendas adaptadas, cadeiras, ramplas, adaptar os espazos públicos, tamén os privados, ter un transporte á medida das necesidades dunha persoa que teña algún tipo de discapacidade física ou mobilidade redu-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cida. Estamos como hai vinte anos se o pensamos, é dicir, estamos debatendo medidas para garantir que unha persoa poida saír do seu domicilio, poida camiñar pola rúa ou entrar nun establecemento público ou privado. E non é que vaimos tarde, eu dígoo con absoluta franqueza, pero tamén con toda a claridade, é que levamos consciente e intencionadamente levamos décadas negándolles dereitos fundamentais a persoas que hoxe teñen moi difícil e hai noticias recentes de veciñas e veciños nosos que non poden saír da súa casa. Porque por exemplo a veciñanza coa lexislación que hai a nivel estatal hoxe lles impide poñer un ascensor. Estamos falando de algo tan elemental como poder entrar ou saír da túa propia casa ou do teu domicilio. E non serve de verdade en todo este tempo buscar escusas de que ben, é complicado, necesítase tempo ou necesítase tamén un investimento moi grande. Porque, efectivamente, os dereitos, dicímolo moitas veces desde o BNG cando falamos de feminismo ou doutros ámbitos, os dereitos custan cartos, custan cartos pero é a única maneira de garantir unha sociedade democrática e inclusiva para todas e para todos, recoñecéndonos, hoxe que é o Día do Orgullo tamén, na inmensa diversidade que nos compón a todas e todos. Porque limitacións na capacidade témolas calquera persoa que leve gafas, calquera persoa que non teña capacidade para moverse por si mesma, pero non falamos só de incluír ou de ser inclusivas no ámbito físico ou no ámbito arquitectónico. Temos que ir moito máis alá. Imos tarde porque é que nin sequera se fala dunha inclusión cognitiva por exemplo.

É complexo falar de quitar barreiras físicas e arquitectónicas para que unha persoa poida desprazarse por si propia pola rúa ou entrar nun espazo público ou nun espazo privado, pero pensemos agora, dicíannolo desde Acadar na última reunión de mulleres con discapacidade, dicíannos na última reunión que tivemos con elas desde o BNG, que hai moitísimas mulleres por exemplo que nunca tiveron unha revisión xinecolóxica. Porque non temos protocolos no ámbito sanitario adaptados a mulleres con discapacidade cognitiva, con discapacidade psíquica. É dicir, estamos negándolles —é así— pero estamos negándolles os dereitos sexuais e reprodutivos a mulleres. Que nunca —insisto— eu flipaba porque imaxinen, e sobre todo empaticemos as mulleres que estamos aquí o complexo que é ir a unha revisión xinecolóxica e facer unha citoloxía para calquera de nós, imaxinemos se ademais es unha muller con discapacidade psíquica. Non temos nin sequera, nin se fala sequera de garantir eses dereitos sexuais e reprodutivos para as mulleres con discapacidade psíquica e aínda estamos falando de aprobar decretos para poder suprimir barreiras arquitectónicas.

É unha vergonza e temos que dicilo así, porque aquí vimos ademais de darnos algo de xabón, *(Aplausos.)* analizarnos criticamente sobre o modelo de sociedade que estamos construíndo. Para promover esa accesibilidade que sexa física, que sexa arquitectónica, pero tamén que sexa social, que sexa cognitivo que o que necesitamos son medidas concretas, medibles que garantan eses dereitos e promovan tamén o cumprimento da lei. Porque, claro, temos unha lei desde o ano 2014 que di que hai que facer un plan de accesibilidade, dous anos desde a aprobación da lei para ter o primeiro e non temos nin sequera o primeiro oito anos despois. Entón, somos a comunidade autónoma máis inclusiva e nin sequera cumprimos o que recolle a propia lei de accesibilidade desde hai oito anos. Non temos o plan, non temos os informes bienais de seguimento nin tampouco ese decreto que debía desenvolvelo, que aínda está pendente de aprobación.

Non só non se cumpre ademais a lei de accesibilidade, senón que non hai regulación ningunha. Por exemplo, vostede falaba das prazas de residencias ou de atención diúrna, de cen-

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tros ocupacionais para persoas con discapacidade, non temos regulación, non hai normativa. Cantas veces criticou o BNG aquí a orde do 96 que regula os centros para persoas maiores?, infinitas. Non temos nin sequera unha normativa, nin orde, nin decreto nin nada que regule cales son as condicións deses centros para persoas con discapacidade. Non hai nada, nin sequera que criticar. Cada vez que hai un plan de inspección, que ten que ser publicado no DOG, sábeno perfectamente, dos servizos sociais, ponse unha e outra vez que hai que facer esa normativa. Pois aquí estamos en 2022, en pleno século XXI e esa normativa aínda nin existe. Nós preguntamos desde o BG, ¡oia! ¿cando se vai facer? Bueno, no hay prisa.

Non hai nin sequera normativa de cales son non as condicións físicas deses espazos, senón cales son os perfís profesionais dos que deben contar e cal é o modelo de atención que deben recibir as persoas con discapacidade.

Hoxe, ademais, estanse negando —e vou rematando— os dereitos non só pola vía do incumprimento reiterado e consciente da lei, senón tamén por esas listas de agarda das que vostede dicía, efectivamente, foron moitísimo peores hai anos, pero é que hoxe, hoxe no ano 2022 temos 13.000 persoas agardando para ter o recoñecemento e valoración do seu grao de discapacidade; 13.000 persoas son todo o concello de Sarria, para que dimensionemos as cousas. 13.000 persoas ás que se lles nega non só os seus dereitos fundamentais, senón o acceso aos recursos e servizos que necesitan para garantir esa inclusión e esa vida independente.

Falabamos de persoas que, ademais unha vez é recoñecido ese grado de discapacidade, entras no limbo do programa de asignación de recursos e podes botar anos esperando para acceder aos servizos que necesitas e sobre todo aos que tes recoñecidos dereitos. É bo ter as persoas con discapacidade matriculadas en centros ordinarios, sempre o dixemos, pero para iso tamén hai que ter o persoal de atención de audición e linguaxe, ou o persoal terapéutico que necesitan, porque hoxe e o que estamos é facendo que o profesorado que non ten información nin recursos suficientes para atender ese persoal teña que asumir unha responsabilidade que non lle corresponde. E iso tamén limita os dereitos das persoas con discapacidade. Entón si, matrícula nos centros ordinarios, pero recursos para o sistema educativo público para poder atendelos debidamente.

E volvo ao mesmo, inclusión arquitectónica, inclusión física...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... —remato, presidente— pero tamén inclusión cognitiva.

Hoxe, no ano 2022, ás portas non, en xullo de 2022 non temos nin persoas de intérpretes de lingua de signos, como esa persoa que está aquí, non a hai no sistema sanitario público deste país, nin sequera podes ter o recurso fundamental para ir ao teu médico e explícalle que che doe ou cal é a situación na que te atopas na túa saúde. E hai acordos parlamentarios unánimes impulsados polo BNG nesta cámara. Canto tempo, que estamos en xullo de 2022, hai que esperar para poder ir ao teu médico e poder dirixirte ti, libre e autonomamente, sen dependencias, sen tutelas doutra persoa. Unha vida independente, os dereitos fundamentais das persoas con discapacidade —e acabo, presidente— o que exixen son boas palabras, si

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moito algodón de azúcar, si, pero sobre todo cartos, investimento planificación e o cumprimento das leis que hai ademais do impulso doutras.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Sorprenden algunhas cousas que se escoitan aquí, xa é habitual. Sorprende que sorprenda a comparecencia da conselleira que estaba incluída nun plan de traballo que aprobamos todos por unanimidade. Sorprende. Sorprende que se critique ese plan de traballo aprobado por unanimidade, e sorprende que se critique o traballo realizado na comisión de discapacidade porque non formaba parte da comisión de discapacidade.

Son cousas sorprendentes que xa empezan a parecer normais neste hemiciclo, pero non hai que deixar de dicilas, ¿verdade? *(Aplausos.)*

Mire, a Comisión especial de discapacidade converteuse na última década nunha atalaia privilexiada, dende a que observar, dende a que vivir e dende a que participar no profundo cambio social que experimentou a atención a discapacidade. Un longo proceso, aínda inconcluso, hai que dicilo, que mudou a visión asistencialista predominante ata hai ben pouco por unha concepción moito máis ampla, moito máis integradora e que está baseada no compromiso con dereitos fundamentais como o dereito á dignidade, o dereito á autonomía ou o dereito á igualdade de oportunidades.

E eu quero comezar esta comparecencia, ou esta intervención, agradecendo a todas as persoas que compareceron para aportarnos distintas visións sobre a discapacidade, todos eles coñecedores de distintas caras dunha realidade poliédrica chamada discapacidade. Moitos, partícipes, ademais, directos nese profundo cambio social experimentado. Eses profesionais expertos, responsables públicos, os 55 que pasaron por esa comisión aos equipos redactores dos 25 informes aportados e a todos os comparecentes, dende o primeiro, o señor Queiruga, que compareceu como presidente entón do CERMI, ata a última, a conselleira, a quen eu lle agradezo profundamente que hoxe estea aquí para explicar o que avanzou a Xunta de Galicia en materia de discapacidade.

E teño que facer un recoñecemento especial, porque, se non, non sería xusto, ás persoas con discapacidade, que pasaron de ser meros demandantes de servizos a converterse en actores do seu propio destino, e conseguírono a través do permanente diálogo e a interlocución coas distintas administracións, a través do potente tecido asociativo que conformaron ao longo de vinte anos. A atención á discapacidade cambiou moito, e fundamentalmente hai que aplaudírllelo ás propias persoas con discapacidade; para eles todo o noso recoñecemento.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, no caso concreto de Galicia, eu creo que o diálogo entre a Xunta de Galicia e as asociacións permitiu agromar froitos vizosos que se poden ver reflectidos en logros concretos. Logros, por certo, dos que todos nos deberiamos sentir orgullosos e partícipes.

A discapacidade en Galicia é hoxe unha materia transversal. E é transversal en dous sentidos distintos. O primeiro, o institucional, porque pasou de ser unha responsabilidade exclusiva da Consellería de Política Social a atinguir a acción política de todas as consellerías e organismos. E tamén é transversal no persoal, porque evolucionou do que era un apoio esporádico e puntual a unha dificultade a un acompañamento integral da persoa en calquera idade, en calquera circunstancia ao longo de toda a súa vida, como ben degrañou a conselleira durante a súa intervención. Pero escoitamos aquí que as palabras non bastan se non van acompañadas de feitos, creo que dixo a señora Ortega. A señora Rodil resumiuno de maneira máis concreta, cartos.

Falemos de cartos, eu no pleno pasado facíalles un recordatorio sobre como cambiaron os investimentos en política social na consellería. No ano 2009, aquela consellería bipartita dedicaba 468 millóns de euros a políticas sociais, o 4 %. Hoxe dedica 927, o 8 %; ese é o cambio, eses son os cartos.

Pero falemos tamén da concreción en materia de discapacidade, e pasamos dos 65 millóns que se dedicaban naquel orzamento do 2009 aos 142 millóns de euros, un 118 % máis que dedica esta consellería. ¿Queren feitos?, ¿queren cartos? Estes son os feitos crus, esta é a crúa realidade orzamentaria, esta diferenza de quen fai discursos e de quen dota a discapacidade de recursos materiais para facilitar a súa vida. E hai diferenzas, claro que hai diferenzas.

Miren, feitos, dicían; criticouse aquí o sistema educativo galego. Eu non digo que non haxa posibilidades de avance, eu non digo que non haxa ámbitos de mellora, eu non digo que non poidamos seguir traballando para cada día mellorar na atención ás persoas con discapacidade no ámbito da educación. Pero, home, o gráfico non é meu, é do Goberno de España, e esta comunidade que está aquí cun 93,5 % da porcentaxe do alumnado con necesidades especiais escolarizado en ensinanzas ordinarias, esta barriña de aquí, a máis alta de todas, dez puntos por riba da media nacional, esta barriña é Galicia, e eu creo que ese é un motivo para sentirse moi orgulloso. *(Aplausos.)* E, home, sinceramente antes estes datos vir aquí a botarlle a bronca ao Goberno que conseguiu a educación máis inclusiva de España comprenderá que chame poderosamente a atención.

Pero dicían vostedes: feitos; feitos é que hai unha aposta intensa pola integración laboral das persoas con discapacidade, unha aposta que se concretou por exemplo na aposta polos centros especiais de emprego, aposta que non sempre foi compartida por todos os grupos da oposición e, tamén hai que dicilo, o Goberno galego sempre estivo aí, como sempre estivo colaborando cos centros ocupacionais que xestionan as propias entidades, que, volvo repetir, se converteron en actores do seu propio destino ou dando exemplo, por exemplo, a través da contratación desas 1.000 persoas con discapacidade intelectual que hoxe traballan na Xunta de Galicia. A min paréceme que é outro motivo para sentirse orgulloso.

Falabamos de atención sanitaria. Seguro que hai que mellorar a accesibilidade e os recursos sanitarios, non digo que non, pero creo que se traballou moito; primeiro coa creación daquela

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tarxeta sanitaria AA, a da dobre A, que creaba protocolos específicos para que, cando un galeno recibe un paciente con esa tarxeta saiba que ten que prestar unha atención especial e aplicar un determinado protocolo para mellorar a súa atención mediante a dotación de recursos tecnolóxicos. Houbo unha voceira do BNG —non llo agradecerei nunca o suficiente— que ata dixo que se sentía orgullosa da capacidade tecnolóxica da que dispuña hoxe o Sergas para atender todas estas necesidades.

Somos unha das comunidades autónomas pioneiras e máis avanzadas na instalación de baños para persoas ostomizadas. Por certo, quero felicitar o Parlamento, porque tiven recentemente coñecemento de que esta casa tamén vai contar con dous baños adaptados para ostomizados, continuando, por certo, con esa liña de adaptabilidade que practica tamén de maneira activa o Parlamento de Galicia, do cal tamén todos nos deberiamos sentir moi orgullosos.

E, por suposto, a través de Sanidade, coa colaboración permanente coas entidades para axudarlles a crear recursos, como pictogramas ou como proxectos piloto como o de videointerpretación que se está levando a cabo neste momento. E, ademais, subvencionado os propios programas sociosanitarios que desenvolven as propias entidades. Creación para crear recursos específicos adaptados ás súas necesidades, ás súas propias necesidades: fisioterapia, logopedia, rehabilitación cognitiva, terapia ocupacional, apio psicolóxico. ¡Home! Que non está todo feito, que xa o sabemos, que é verdade. Pero, sinceramente, este discurso catastrofista e novidoso, porque lle teño que dicir que eu non o escoitei durante os traballos desta comisión de discapacidade, que sinceramente se desenvolveu un ton un tanto distinto ao de hoxe, en fin, resulta sorprendente.

Pero, miren, nunha cousa si coincidimos; do mesmo xeito que a comisión tiña a misión de facer seguimento das políticas de discapacidade, tamén recibiu unha segunda encomenda, como indica o seu propio título: realizar novas propostas para mellorar a integración das persoas con discapacidade, e ese é o reto que nos toca agora enfrontar a todos.

E eu quero agradecer á conselleira que hoxe viñera aquí a explicar e a propoñer, e quero poñer en valor tamén algún dos compromisos que anunciou. O primeiro, a posta en marcha do concerto social; fundamental e esencial, un avance sen precedentes na liberdade de elección dos usuarios, achegando os recursos ás persoas en vez das persoas aos recursos, en cambio moi substancial da concepción de axuda ás persoas con discapacidade. Nese novo decreto de accesibilidade, que é un requisito fundamental para a autonomía persoal e a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. No compromiso tamén ás modificacións lexislativas, entendo que falaba dese artigo 49 da Constitución, que ten aínda unha denominación das persoas con discapacidade que é ofensiva, e que, por certo, nalgún momento se intentou modificar, é certo que mesturando con outras cuestións nas que non existía a unanimidade que si existe respecto a este tema. Entón, non fagamos demagoxia porque o triste é utilizar algo no que estamos todos de acordo para intentar colar de rondón outras modificacións constitucionais que non compartimos determinados grupos. E xa anunciou novas axudas para vehículos, para reformas, para entidades..., e anunciou tamén un compromiso na redución na espera das valoracións. Pero non veu facer un compromiso sen máis, porque ese compromiso xa se está traducindo nunha redución do 25 % nos tempos medios de espera xa neste ano. ¿Como que non se están facendo cousas? Eu creo que si e moitas.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu, en fin, despois na segunda quenda falaremos algunha cousa máis de certos comentarios que me sorprenderon. Pero non me quero ir de aquí nesta primeira quenda sen agradecer o ton e a predisposición que todos os grupos amosaron durante o desenvolvemento desta comisión. Tería que agradecerlles ás moitas persoas que participaron nela ao longo destas lexislaturas, e vanme permitir que o personalice nalgunhas. En primeiro lugar, nas miñas compañeiras na Comisión, a presidenta Carmen Pomar e Rosalía López, das que aprendo cada día moito en materia de discapacidade e noutras outras moitas cousas. Á que me precedía antes como voceiro, a Marta Rodríguez Arias, de ninguén aprendín máis disto que dela, e dende aquí agradecerlle o moitísimo traballo que fixo durante moitísimos anos. E tamén quero agradecérllelo ás voceiras da oposición nesta comisión, agradézolles de verdade o ton que mantiveron durante todo este tempo. E quero ter un recordo para alguén moi especial que tamén formou parte desta comisión, que era Isaura Abelairas, que estou seguro de que estaría moi feliz de que fósemos quen de chegar a acordos en materia de discapacidade; un recordo moi cariñoso para ela.

Eu o que digo é que ogallá, ogallá de verdade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... sexa posible que esta actitude colaborativa e este ton se manteña na redacción da ponencia para que poida ser útil para todas as persoas con discapacidade e o conxunto da sociedade. E que certas acritudes que escoitamos hoxe nesta tribuna non sexan máis que un paréntese desafortunado que dea lugar a unha vontade de acordo sincera que nos permita chegar a eses acordos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente, deputadas e deputados.

Cando falo de atención á discapacidade e que esta atención precisa de toda a nosa colaboración e a implicación de toda a sociedade, tamén falo, por suposto, dos grupos da oposición. Gustaríame que, ademais de críticas á Xunta de Galicia, sairamos hoxe deste Parlamento con propostas construtivas para contribuír a facer de Galicia un mellor lugar. Un lugar mellor no que as persoas con discapacidade e as súas familias atopen todas esas dúbidas e incertezas resoltas e encontren aquí na nosa comunidade —como dicía— garantías, atención e coidados.

Como dixen xa na miña primeira intervención, esta comparecencia é para facer balance de todo o feito ao longo de todos estes anos en materia de discapacidade ata o día de hoxe. Pero unha comparecencia que tamén debe servir para seguir avanzando e trazando novos retos de cara ao futuro. Son plenamente consciente de que todavía queda moito por facer e de que as familias hoxe nos agradecerían que lles deixaramos un futuro cheo de esperanza e de

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

oportunidades para os seus fillos. Eu o que poido é garantirlles que o Goberno galego seguirá traballando día a día para darlles resposta a todas esas necesidades que teñen as persoas con discapacidade e ás súas familias. Imos seguir traballando sen descanso para darlle visibilidade á súa realidade diaria e imos seguir traballando para que ninguén quede atrás e que todos poidamos seguir convivindo en igualdade.

Señora Ortega, falaba vostede da atención temperá, da negativa da Xunta de Galicia a financiala. Pero se lle dixen xa na miña primeira intervención que blindamos o financiamento de todas as unidades de atención temperá e vimos de ampliar 10 novas unidades de atención temperá. *(Aplausos.)* Cando gobernaban vostedes, señora Ortega e señora Rodil, con ese Goberno do bipartito que desfixo Galicia —por fortuna durante pouco tempo— había dúas unidades de atención temperá na nosa comunidade. Estaban cubertos 14 concellos galegos, a día de hoxe hai 46 unidades de atención temperá e están cubertos 200 concellos de toda Galicia. *(Aplausos.)* E xa lle adianto, señora Ortega, que imos seguir por este camiño: máis servizos á disposición das familias, máis servizos creados no rural galego e que as familias teñan que recorrer cada vez menos quilómetros para levar os seus fillos a unha unidade de atención temperá.

A min alégrame tamén, señora Ortega, que vostede fale de financiamento, eu sei que é un tema que a vostede lle encanta. A vostede gústalle falar do señor Rajoy e a min gústame falar do creador, cando digo o creador é o creador da Lei da dependencia, o seu presidente, o señor Rodríguez Zapatero. Se algunha cousa fixo ben foi a Lei de dependencia, pero olvidouse de blindar o financiamento á dependencia. Tanto se olvidou de blindar ese financiamento que a día de hoxe temos 150 millóns de euros de débeda cada ano dos sistema de atención á dependencia. Mentres a Xunta de Galicia inviste 430 millóns de euros para atender as persoas dependentes, para atender as persoas maiores, para darlles máis servizos ás persoas con discapacidade, vostede e o partido dos morosos continúan debendo cada ano máis e máis euros ao peto de todas as persoas maiores e con discapacidade da nosa comunidade. Pero tamén lle adianto: imos seguir investindo máis fondos e imos seguir coidando as persoas maiores e as persoas con discapacidade. *(Aplausos.)*

Mire, vostede dicía na súa intervención que non sabe para que vale a Lei de impulso demográfico. Por certo, hai que recordarlles aos galegos, unha Lei de impulso demográfico que despois de traballar meses e meses e meses no Observatorio, de incluír as alegacións do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, votaron en contra da Lei de impulso demográfico. ¿Que vostede di que non vale para nada? Pois, mire, entre outras cousas, vale para 30.000 familias galegas que pagan cero euros a partir do curso que vén para levar os seus fillos a unha escola infantil. *(Aplausos.)* 30.000 familias en Galicia e máis de 50 millóns de euros de inversión por parte do Goberno galego, integramente do Goberno galego. Mentres o seu presidente Sánchez fala continuamente «de la educación infantil gratuita» Galicia cumpre, Galicia paga, e 30.000 familias galegas que van pagar cero euros por levar o seu fillo a unha escola infantil. *(Aplausos.)*

Mire, pois de algo tamén serve esa Lei de impulso demográfico, serve para o rural: 97 casas niño abertas e en pleno funcionamento no noso rural, 500 nenos que poden ir a día de hoxe a unha casa niño nos concellos máis pequeniños de Galicia onde antes non era posible con-

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciliar e compatibilizar a vida persoal e laboral de todas esas familias. A día de hoxe os concellos máis pequenos teñen un recurso de conciliación a través das casas niño e tamén moitos deles a día de hoxe, por fortuna, tamén dispoñen dun recurso de conciliación para os seus maiores como son as casas do maior.

Mire, falaban das entidades da discapacidade; se a algo nos dedicamos no noso día a día é a atendelas, é a escoitalas e é a apoialas. Levamos moitos anos traballando da man das entidades sociais de Galicia e queremos continuar traballando da man de todas elas con cartos, por suposto, señora Ortega. Mire, levamos financiando as entidades de atención á discapacidade antes da pandemia e fixemos un esforzo importante —e elas sábeno— durante a pandemia. Porque durante a pandemia, cando os centros estaban pechados —falo dos centros de día e os centros ocupacionais—, a Xunta de Galicia mantivo o financiamento de todos estes centros como se estivesen funcionando, ¿e sabe para que?, para que ningún traballador nin ningunha traballadora de todos eses centros se tivera que ir ao ERTE. Investimos 12,5 millóns de euros para garantir a súa viabilidade e a súa estabilidade. A estabilidade de todos eses traballadores e a estabilidade dos centros para que non tiveran que pechar as súas portas. Pero ademais financiamos e contribuímos coa repartición totalmente gratuíta de mascarillas, de equipos de protección individual, de probas diagnósticas. Puxemos á súa disposición en todo momento protocolos de actuación e axudámoslles a adaptar os centros. E cando había un brote acudimos a apoialas, a axudalas e a aportar todo ese persoal que necesitaban nos momentos máis difíciles da pandemia sanitaria, señora Ortega. *(Aplausos.)*

Mire, imos continuar apoiando —queira vostede ou non— as entidades sociais. Imos continuar aportándolles cada vez máis financiamento. Cando hai un novo convenio colectivo, a Xunta de Galicia incrementa o financiamento, ¿que o prezo do transporte está baixo?, a Xunta de Galicia acaba de incrementar o prezo do transporte a todas as entidades sociais de Galicia. ¿Que as entidades nos trasladan que fan falta reformas nos centros, que os vehículos están vellos e que necesitan comprar vehículos novos, que necesitan construír novos centros?, a Xunta de Galicia financia 17 millóns de euros nas videiras semanas, destinados integramente ás entidades sociais de Galicia. Polo tanto, imos continuar traballando da man das entidades, imos continuar incrementándolles o financiamento ás entidades para conseguir unha maior calidade e unha mellor atención a todas esas familias e ás persoas con discapacidade da nosa comunidade.

Mire, dicía vostede tamén e falaba das valoracións telefónicas. Galicia, igual que o resto das comunidades autónomas, tivo que adaptarse ás circunstancias da covid-19. Eu entendo que vostede non pretendía que durante toda a pandemia non se valorase nin unha soa persoa; o que fixemos é reaxustar todos os procedementos que eran presenciais e facelos de maneira telemática. Por iso os equipos de valoración seguiron traballando de forma non presencial e facendo esas valoracións de forma telemática. Pero foi unha solución momentánea, unha situación excepcional que xa estamos a reverter o antes posible para que se retome a súa actividade de forma totalmente normal e de forma presencial.

Mire, vostede tamén facía referencia á atención á dependencia, de cales son as comunidades que máis atenden as persoas con discapacidade e as persoas maiores. Eu ás veces penso que vostede vén aquí a esta tribuna berrar, pero eu penso que no fondo a vostede lle molesta que

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Goberno galego atenda o 95 % das persoas cunha dependencia recoñecida. Galicia é a segunda comunidade a nivel nacional, despois de Castela e León, que máis persoas dependentes atende, *(Aplausos.)* máis de 66.000 persoas dependentes están atendidas aquí en Galicia —xa lle digo, a segunda comunidade a nivel nacional—. E xa temos o horizonte posto nos 70.000 dependentes atendidos que imos traballar sen descanso para que o antes posible reciban esa prestación ou ese servizo que tanto necesitan.

Señora Rodil, vostede tamén facía referencia a que os espazos non están regulados nin tampouco os profesionais, que cada centro pon os profesionais que cre convenientes ou que os espazos tamén son os que coincidan. Pero se fala con todas as entidades sociais, saben perfectamente que teñen que cumprir uns requisitos: que os espazos están regulados, que as cociñas teñen que ser dun xeito, as habitacións dun tamaño, os espazos comúns doutro tamaño. Hai uns claros criterios por parte da Inspección que tamén se van elevar a máis rango normativo. E vostede tamén fala de que non están reguladas as condicións de que traballadores ten que ter cada centro. Pero ¿como cada centro, cada entidade social vai ter os traballadores que queira? Por suposto que está todo estritamente regulado nos pregos de licitación de cada contrato, ben sexa nun centro de día, nun centro ocupacional ou nun centro residencial da nosa comunidade.

En definitiva, señorías, eu podo asegurarlles que a nosa comunidade, que Galicia soamente poderá ser unha gran familia se temos en conta as persoas con discapacidade e se continuamos traballando xuntos e facendo aportacións por todos os partidos que están presentes nesta Cámara. Temos que conseguir vivir nunha sociedade na que os nosos fillos merecen vivir, nunha sociedade que ten que ser cada vez máis igualitaria, na que todas as persoas conten con esas facilidades para vivir unha vida plena —como dicía— dende a infancia ata a vellez, que sexa unha sociedade solidaria na que todos os seus integrantes se preocupen máis polas súas similitudes que polas súas diferenzas. E unha sociedade xusta na que se teña en conta as persoas con discapacidade, na que se lle dea sempre visibilidade e que todos os que estamos nesta Cámara continuemos loitando polos seus dereitos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Penso que a conselleira utilizou un termo coloquial, o que quería dicir era falar alto ou elevar un pouco o ton de voz. Hai que entendelo por aí. Non imos darlle máis connotación a iso. *(Murmurios.)* Si, eu entendino así, non é unha cousa que vaia a maiores.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Socialista a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

Primeiro, grazas ao señor Pazos por ter un recordo para a nosa compañeira Isaura.

A colación do que ata o propio presidente entendo que tivo que explicar a saída de ton da señora conselleira, que non é a primeira vez; xa me dixo o pasado pleno que viña aquí a be-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rrar, supoño que pola desesperación dos datos que afectan á súa propia consellería e que a verdade ofrecen un panorama que para vostede, que é a máxima representante de política social non é... é un pouco preocupante e sobre todo deixa un pouco á altura, a responsabilidade que vostede está ofrecendo, á altura do chan. Sobre todo para as persoas que sofren a dependencia e a discapacidade *(Aplausos.)* no noso país, sobre todo para as persoas. Vostede chamábanos morosos ao noso partido, e a verdade é que é costume porque non só chama morosos ao noso partido, señora conselleira, senón que tamén chamou morosas a moitas familias que non teñen recursos en Galicia. E chamoulles morosas mandándolle unha carta reclamándolles ata 5.000 euros que tiñan que devolver por non facer as súas funcións, por non facer compatible a Risga co Ingreso Mínimo Vital. Ata aí chega a súa irresponsabilidade. *(Aplausos.)* E vén aquí insultar a oposición, que o único que estamos a facer é facer propostas construtivas para mellorar a vida das persoas. Vergoña que lle tiña que dar, señora conselleira, vergoña.

E di que eu berro, pois berro, por suposto, e seguirei alzando a voz polas persoas que queren e non poden, señora conselleira. Polas que están encamadas na súa casa e dependen da súa filla como coidadora a cal vostedes dende o Partido Popular recortaron a prestación que tiñan e a cotización especial da Seguridade Social que o Goberno de Pedro Sánchez tivo que recuperar nada máis chegar. Seguirei alzando a voz polas persoas con discapacidade que teñen *(Aplausos.)* dereito a facer o seu proxecto de vida e que viven na Galicia cun dos peores gobernos autonómicos de toda España, cos peores datos laborais que ofrecen para estas persoas. E seguirei alzando a voz para visibilizar esa xeración de mozos e mozas polas que os seus pais deixaron a pel por que estudaran estudos universitarios e se prepararan, e tristemente tiveron que facer as maletas en busca de oportunidades, realidade que o Partido Popular é negacionista. E seguirei alzando a voz polos nenos e nenas que teñen problemas de saúde ou desenvolvemento e non teñen un acceso real e equitativo á atención temperá que tanto necesitan. Seguirei alzando a voz polas persoas maiores que viven en residencias á espera de dignificar a súa situación e as súas vidas mediante un modelo de residencias que nunca chega e que vostede xa vendeu durante máis dun ano, e a día de hoxe é ficción, non existe e ata a propia Valedora do Pobo o está a reclamar.

E, mentres vostedes sacan peito deses datos *(Aplausos.)*, os propios datos demoledores tiñan que pecharlles a boca, porque as competencias que vostede dirixe, señora conselleira, en política social están tocadas a día de hoxe en Galicia. Porque temos os peores datos de todo o Estado en moitísimos dos parámetros de política social. Teríalle que dar vergonza saír aquí e facer un discurso totalmente triunfalista, fóra de toda a realidade. Galicia é a comunidade autónoma con peor comportamento demográfico e cunha Lei de demografía. ¿Para que serve, señora conselleira? Unha farsa para dar titulares. Baleira de contido totalmente. A comunidade autónoma cos peores datos de investimento en dependencia e en xestión dos servizos sociais de toda España. Ourense segue a ser a única provincia sen un centro adaptado para persoas con discapacidade público de toda Galicia. ¿Que lle fixemos en Ourense ao Goberno galego, señora conselleira? *(Aplausos.)* Pero ademais Ourense é a provincia que máis tardan en valorar a dependencia, máis do triplo. Pero ademais non entendemos a discriminación e o desprezo constante do Partido Popular á nosa provincia. ¿Por que? ¿Que lle fixemos en Ourense? ¿Caémoslle mal ao Goberno galego? ¿Que foi da Lei de demografía? ¿Que foi dese proxecto para combater a soidade non desexada, por certo a proposta socialista? ¿Por que non

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aproban un plan contra a pobreza como pedimos dende o Partido Socialista encamiñado sobre todo a blindar os menores, que hai unhas cifras preocupantes, especialmente preocupantes en Galicia con respecto ao territorio de España en pobreza infantil? E tamén cifras especialmente preocupantes con pobreza asociada á discapacidade, que diso non falou, señora conselleira.

¿Por que non fai compatible a Risga co Ingreso Mínimo Vital? ¿Por que trata de morosas as persoas cando é culpa da súa falta de dilixencia e responsabilidade sobre as funcións que ten adheridas á súa carteira que dirixe? ¿Por que usaron os datos covid dos centros de persoas con discapacidade para tapar preocupantes cifras de contaxios nos peores gromos da pandemia en residencias de maiores? *Dime de qué presumes y te diré de qué careces.* E máis traballar na comunidade autónoma que maior porcentaxe de persoas con discapacidade temos e a que menos inviste. Así que con maior motivo esforzarse neste Goberno é o que tiñan que facer e deixar de facer palabras baleiras de contido que logo non repercuten en accións concretas. Porque o desastre e a descoordinación entre consellerías a están a pagar as familias afectadas.

Nós seguiremos propoñendo, porque ademais os datos son preocupantes. Galicia ocupa un dos postos máis altos en consumo de psicofármacos de todo o Estado. Tamén na incidencia de suicidio. Trouxemos aquí unha proposta para un plan de suicidio para Galicia e non a aceptaron, ¿por que, señora conselleira?

Urxe crear o observatorio galego do suicidio; 250.000 persoas ao ano amosaron un risco en saúde mental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ... de feito, os problemas de saúde mental ocupan o segundo tipo de discapacidade despois das físicas. Nos últimos anos a discapacidade psicosocial nos nosos nenos aumentou, de 0 a 15 anos, nun 137 %. E aquí, se alguén ao seu fillo mal e ten problemas de saúde mental e ten que ir a un psicólogo, ¿canto ten que esperar en Galicia, señora conselleira? Iso chámase coordinación entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade, que a día de hoxe é totalmente inexistente e que a están a pagar, sobre todo neste ámbito de saúde mental que está crecendo exponencialmente, as persoas e, sobre todo, os menores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ... que teñen problemas de saúde mental.

Fagan algo, déixense de triunfalismos, póñanse a traballar e déixense de insultar as persoas, a oposición, representantes lexítimos da cidadanía que vimos aquí a propoñer lexitimamente e construtivamente. Respecto, señora conselleira.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu unha cuestión previa e algunha engádega. Eu, como cuestión previa, porque, claro, ese Goberno bipartito que vostede deosta cada vez que vén aquí e que intentan criminalizar até a saciedade foi o que fixo a Lei de servizos sociais do ano 2008 que é a que regula os dereitos, entre outras persoas, das persoas con discapacidade e con dependencia. *(Aplausos.)* Porque neste país non había nada. E mire que o PP gobernou anos que, pobre Fraga, non o acordan porque todo empezou, como todo o mundo sabe, cando se abriu a boca do inferno no ano 2005. Pero realmente non é así, este país ten goberno e autogoberno desde o ano 1981. E non foi —insisto— até o ano 2008 que o BNG na Xunta de Galiza fixo a Lei de servizos sociais, non foi até ese ano que se regularon os dereitos fundamentais básicos das persoas con dependencia en Galiza, das persoas con discapacidade en Galiza entre outras persoas usuarias dos servizos sociais no noso país. Eu pediría un pouco de respecto ao traballo dos demais inxente e algo de humildade tamén.

Dicía vostede que as condicións dos centros que atenden a persoas con discapacidade en Galiza están regulados nos pregos de licitación, de licitación dos concertos e concesións públicas. Eu o que lle falo é de normativa específica que desenvolva o Decreto 149/2013, de maneira concreta e específica no ámbito da discapacidade. Que é moi curioso poder vir aquí, debater sobre unha orde do ano 1996 completamente anacrónica, desfasada en materia de centros de atención a persoas maiores, pero é que nin sequera temos unha orde que atenda os dereitos e as condicións das persoas usuarias de centros de atención diúrna ou residenciais en materia de discapacidade: públicos, privados, de iniciativa social, concertados ou doutra índole.

Nós —eu insisto— fixemos esa pregunta e a través da resposta escrita dese mecanismo a propia Xunta de Galiza dicía que se estaba facendo. Vostede agora veu aquí e dicía que xa estaba todo regulado, entón méntenos. Cada vez que entra unha pregunta para resposta escrita por esta porta menten cada vez que a remiten. E as aclaracións ou as consideracións a maiores.

Miren, nós colaboración toda, toda de verdade, absoluta, sempre. Eu ademais empezaba a miña primeira intervención facendo autocrítica sobre que nós tampouco como grupo parlamentario fomos quen de axilizar os traballos e de que hoxe traiamos aquí ou puidésemos estar falando aquí de ter xa propostas de ditame para poder empezar a negociación e o debate. E é que resulta, e díxeno ademais, porque resulta bastante difícil cada vez que te reúnes coas entidades que traballan no ámbito e representan as persoas con discapacidade en Galiza, é bastante difícil de explicar como, despois de dez anos de que se constituíse a comisión, que logo se di, ¡eh!, dez anos, unha década, nove anos de que se aprobase o plan de traballo e oito de que Galiza teña unha lei de accesibilidade, estamos falando aquí de empezar se tal a redactar as propostas de ditame para poder culminar os traballos desa comisión. ¿Iso é criticar os traballos da comisión? Eu creo que é actuar con responsabilidade, que é o que se nos pide a todas e todos. Non vir aquí darnos xabón, ¡eh! Non vir aquí darnos xabón. Porque cada vez —insisto— e dínnolo a nós, entendo que llelo dirán tamén a vostedes as entidades.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Que piden as entidades? Unha comisión permanente non de estudo, porque para o que vale unha atalaia privilexiada. Queren dereitos, dereitos, non unha atalaia. E a Xunta de Galiza pola súa parte tamén o dicía, autocrítica sobre o traballo do Parlamento e a nosa responsabilidade como grupo, pero tamén a da Xunta de Galiza. Vostede aí non entra. Fálase dun proxecto de decreto para desenvolver unha lei que hai oito anos que tiña que estar feita. Fálase dun informe de cumprimento e aplicación da lei bienal que nunca se fixo e iso é unha responsabilidade súa. Aí non ten a quen botarlle a culpa a Xunta de Galiza, non hai a quen tirar responsabilidades con ventilador.

E hai dúas opcións, eu digo para isto ou para calquera cousa. Hai dúas opcións. Pódese vir aquí e recoñecer que é unha vergonza, de verdade. É que ademais esa inacción, esa falta de impulso por parte do Goberno e o incumprimento reiterado da lexislación e a escusa permanente para atrasar e atrasar e atrasar a aplicación do que recolle esa lei de accesibilidade, pódese intentar recoñecer para actuar e cambialo, ou vir aquí facer autocompracencia. *¿De qué se quejan?* De que non hai nin sequera un intérprete para poder ir a un servizo de urxencias ou ao teu centro de saúde e poder explicarlle ti directamente, sen ter que ir coa túa familia ou intentando cadrar as axendas nos servizos de intérprete que teñen as fundacións, as entidades de iniciativa social, que vai contigo para poder explicarlle que problema tes. Iso é autonomía persoal. E non o temos, ¡eh! En xullo de 2022 non o temos. Ou o que temos, efectivamente, máis do 90 % das persoas, do estudantado con necesidades educativas especiais matriculados en centros ordinarios.

Eu teño un amigo que leva anos traballando no Picacho de Vigo. Desesperación absoluta, absoluta. Dígollelo en serio. Porque non teñen e din que é unha frustración enorme porque non tes nin a formación nin os recursos que necesitas para atender persoas cunha diversidade brutal, con persoas que teñen Asperger, con problemas que teñen moitos migrantes, persoas refuxiadas que son demandantes de asilo ou que xa o teñen recoñecido. Cero autocompracencia, de verdade, cero autocompracencia. Recursos e orzamento para poder garantilo.

Remato con dúas cuestións. Eses dereitos hai que garantilos, primeiro, recoñecendo, no caso do ámbito da discapacidade, o grao de discapacidade, e hoxe temos —volvo repetir as cifras— 13.000 persoas agardando por ese recoñecemento e outras tantas moitas nese programa de atención de asignación de recursos que non lles garanten por exemplo, xa que se falaba tanto de atención temperá, hai unha lista de agarda en Bergantiños de 252 días para que crianzas de menos de 6 anos accedan a unha persoa de fisioterapeuta ou de audición e linguaxe, ou unha persoa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... de orientación mínima para poder, falamos de persoas de 6 anos ás que lles podemos garantir unhas condicións de vida dignas para o futuro ou todo o contrario. A atención temperá pasa por que ti poidas acceder a eses recursos, para poder ter unha vida autónoma e digna, e non ter acceso a eses recursos, ademais dun sobrecusto para as familias que teñen que ir á privada, pode ser condenar unha persoa a ter unha vida en peores condicións das que podería ter se tivese acceso aos mesmos. Na Mariña hai catro profesionais, catro profesionais para atender máis de 1.000 persoas, e outro tanto acontece

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no Salnés. Listas de agarda que, como nos dicían as entidades no ámbito da discapacidade, o que fan é restarlle tamén dereitos, furtárllelos, negárllelos e pecharlles a porta a ter unhas condicións de vida dignas, que é o que todas e todos merecemos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Pois vanme permitir que empece parafraseando a señora Rodil, porque evidentemente eu tamén flipo. Eu flipo, dígollo de verdade que oio cousas aquí que son sorprendentes.

Si, señora Rodil, recordamos, dixémolo máis dunha vez que foi o bipartito que aprobou a Lei de servizos sociais; por certo, debéuselle de olvidar modificar esa orde de 1996, que agora vostede exixe que modifiquemos con urxencia e que en catro anos non tiveron tempo. Por certo, nesa Lei de servizos sociais tamén posibilitaba a xestión indirecta das residencias, esa que a vostede lle gusta criticar tanto e aos seus compañeiros de partido a practicar máis que ninguén. Son cousas que pasan, e que fan que eu tamén flipe. *(Aplausos.)*

E dicía vostede: non, é que non queren palabras, queren dereitos e recursos. Vólvollo repetir, que creo que non se escoitou ben: 2009, bipartito, 468 millóns de euros, 4 % do orzamento total, o orzamento moi parecido ao actual. Actualmente, o 8 %, 927 millóns de euros. Non, recursos damos nós, vostedes dan os discursos, a nós e ás asociacións. E, claro, vén dicir e preguntarnos que se escoitamos as asociacións. Non, aquí a que falaba de oídas foi vostede, que non asistiu nin a unha soa sesión da comisión; o resto estivemos alí e escoitamos as asociacións, e escoitamos os seus representantes, tomamos nota do que nos dicían e por iso non dicimos as cousas que dixo vostede hoxe aquí, que evidentemente non investiu un minuto en escoitar o que se dixo nesa comisión de discapacidade. Por favor, por favor, vamos ser un pouquiño prudentes, ou, como prefire dicir vostede, modestos, vamos ser modestos.

Sendo modestos, señor presidente, creo que confundiu, creo que a conselleira, cando falaba de berrar, non se refería a alzar a voz; refírese a este costume de vir aquí á tribuna a rifarnos, é que veñen a rifarnos, é unha cousa sorprendente. E di que, claro, é que se ten que defender a conselleira porque está desesperada polos datos. ¿Que datos?, ¿os de duplicar o orzamento publico dedicado a política social respecto ao que facían vostedes, ou de dedicar un 118 % máis a política de discapacidade do que investían vostedes? Exactamente, ¿cal é o dato que avergoña a conselleira. É unha broma, e vén aquí a dicirnos, a enfadarse moitísimo, porque chamamos morosos, non chamamos morosos a ninguén, nós aplicamos un procedemento administrativo. Temos que aplicalo, é obrigatorio, fundamentalmente porque non temos unha pasarela segura de paso da Risga a IMV, a Ingreso Mínimo Vital, que solicitamos vinte veces e que vostede, por certo, se negou a apoiar, vostede, vostede, porque o BNG si que a apoiou, igual que o Partido Popular.

Home, vir aquí a poñerse agora brava por un problema que crearon vostedes e o seu partido hai que ter un cuajo importante, vaimo permitir.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E fala do modelo de residencias. Eu creo que vostedes de residencias debían estar un pouco calados. Mire, onte coñecemos unha noticia do seu secretario do Estado, creo que é seu, é doutro partido pero tamén é do seu Goberno, ¿non? Concretamente o secretario de Estado de dereitos sociais, que presentou unilateralmente un modelo de residencias que estaban negociando todas as comunidades. Negociando quere dicir que as chamaron, as escoitaron, non lle fixeron nin caso e onte presentaron o modelo. O modelo que incluíron moitísimas memorias, ¿sabe como se financia?, segundo don Nacho Álvarez, secretario de Estado de Dereitos Sociais. Finánciano as comunidades autónomas, que xa teñen recursos abondo. E isto dío o Goberno que nos prometía que ía achegar nesta lexislatura o 50 % da aportación na Lei de dependencia, e ¿que fixo? Nada, é mentira. Entón, claro que lles temos que chamar morosos; veñen vostedes a dar lecciónns de como facer a residencia, pero que o financie a Xunta.

E, home, eu respecto ás residencias, a vostede que lle gusta moito ler estes informes que fai a Asociación de Directores e Xerentes, o que pasa é que non os le completos, non os le completos. Voulle dicir o que di o informe ese que mencionou vostede sobre a actuación do seu Goberno respecto das residencias: «Mientras que el Gobierno aprobó partidas milmillonarias para apoyar a los diversos sectores afectados por la pandemia, tanto en sector público como en empresas, ni los servicios sociales en general ni las residencias de mayores en particular recibieron un solo euro extraordinario por parte de la Administración general de Estado a pesar de ser el sector más golpeado por el covid-19 en el drama humano vivido en residencias y domicilios en las personas mayores. Resulta incomprensible y doloroso este abandono presupuestario de la Administración general del Estado a los servicios sociales cuando ha sufrido el mayor drama y la mayor crisis humana y económica de su historia. Gobierno de España».

Pero, como lle gusta moito ler eses informes, léolle tamén, porque ademais de lelos hai que comprendelos. O informe sobre o gasto que dedicamos as comunidades autónomas non é un informe sobre o gasto que dedica a Administración autonómica, é un informe que inclúe todas as administracións que traballan no ámbito da autonomía. Voulle ler un parágrafo que creo que se perdeu dese informe: «El peso de la financiación local sobre el total de gasto en servicios sociales en Galicia, Administración local, es algo inferior a la media de España, ya que solo supone el 29,4 frente al 30,6. En consecuencia, la aportación de la comunidad autónoma es superior a la media, con un 75,6 del total de gasto frente al 69,4 de media en España».

Eses gobernos municipais dos que vostedes presumen gastan un punto menos que a media española. E este Goberno ao que lle vén botar a bronca gasta 6 puntos máis que a media española. ¡Esa a diferenza, home, e vostede vén aquí a rifarnos! *(Aplausos.)* É unha cousa certamente que sorprende.

Miren...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... e como non —remato xa— facendo un recordatorio, porque xa me parece que hai que ter, en fin, non quero dicir palabras grosas, que hoxe estou eu

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conciliador, pero vir aquí a pedirlle á Xunta que ten que dar solución aos sobrecustos que estean asumindo as asociacións. Pero, se llelos crearon vostedes, pero se o dixeron desde o principio. Claro que si, sobrecustos salariais, sobrecustos sobre custos eléctricos, sobrecustos sobre custos de augas, sobrecustos alimentarios, pero ¿quen é o responsable? Pero ¿tamén é a Xunta de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E vén aquí a falarnos de sobrecustos e de recortes.

Mire, teño un cadriño feito, un día pásollo —e remato con isto, presidente— son os recortes estes que vostedes non queren do supremo hacedor, o señor Zapatero, non sei se se acorda, claro, que fixo moitísimo, e di: é que vén queixarse dos recortes do señor Rajoy. Recortes en Lei de dependencia, á parte de baixar pensións e soldos públicos, 600 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Perdón! 670 millóns de euros eliminación de dereitos en dependencia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... que non minta...

Señor presidente, remato xa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... e poño á disposición da señora Ortega o decreto aprobado polo Goberno Zapatero para que poida chegar a coñecer unhas cantas décadas despois o alcance o alcance dos seus recortes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados.

A atención á discapacidade é unha tarefa continua que require da nosa implicación constante para seguir avanzando.

Mentres exista en Galicia unha soa persoa que non se sinta incluída na nosa sociedade, será o noso deber seguir traballando.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pese a todo, creo que é importante recoñecer que Galicia ten avanzado moito na atención ás persoas con discapacidade, sen mensaxes triunfalistas, pero sendo realistas e poñendo en valor todo o feito.

O Goberno galego impulsou durante os últimos trece anos medidas destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade. E tamén a resolver as posibles dúbidas que poidan ter as súas familias. Medidas que abarcan toda unha vida, dende a infancia ata a vellez. Cando un pai identifica os primeiros problemas no desenvolvemento do seu fillo, pode contar co apoio da Xunta a través da súa rede de unidades de atención temperá.

Cando un neno comeza a súa etapa educativa, pode contar co apoio da Xunta que lle ofrece, nos distintos centros adaptados e integrados e cun profesorado formado. E tamén cos centros de atención específica cos que contan as entidades sociais.

Cando unha familia precisa servizos de conciliación durante as vacacións, pode contar co apoio da Xunta de Galicia para ofrecerlle unha variada oferta de campamentos e de actividades adaptadas ás persoas con discapacidade. Cando un mozo con discapacidade busca acceder ao emprego, pode contar co apoio da Xunta de Galicia, que conta con centros especializados e con prazas públicas reservadas e con centros ocupacionais. Cando unha persoa con discapacidade precisa de coidados profesionais, pode contar co apoio da Xunta, que incrementou nun 30 % o número de prazas de atención á discapacidade durante os últimos anos ata chegar ás 5.600.

Cando as entidades sociais do sector precisan de financiamento para levar a cabo os seus programas e as súas iniciativas, poden contar co apoio da Xunta, que cada ano segue incrementando as axudas para garantir a súa sustentabilidade.

En definitiva, cando un galego presenta dificultades para realizar a súa vida de forma plena e con todas as garantías, pode contar co apoio permanente do Goberno galego, que procura sempre atender todas as súas dúbidas, as súas demandas e darlle a mellor solución. Pero non nos conformamos e imos seguir traballando, imos seguir escoitando as persoas con discapacidade e tamén, por suposto, todas as entidades sociais de Galicia que son as que antes identifican as necesidades das persoas con discapacidade e que traballan sen descanso para mellorar a súa atención e os seus coidados. E, por suposto, tamén imos continuar escoitando todos os grupos parlamentarios desta Cámara e analizando moi detidamente as súas propostas.

As medidas que hoxe enumerei aquí son unha boa base para iniciar o camiño cara a unha plena inclusión, pero sabemos e somos conscientes de que aínda queda moito camiño por percorrer. Nesta nova etapa contaremos cunha nova dirección xeral que permitirá ofrecer unha atención máis individualizada ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Logrará darlles un espazo propio no que as súas necesidades sexan cubertas e as súas peticións escoitadas. Só deste xeito lograremos mellorar como sociedade, aprendendo dos nosos erros, e contribuíndo a facer un mundo máis igualitario para os galegos do futuro, nese futuro nos que as persoas con discapacidade contarán con máis apoios, con máis axuda, con máis facilidades na súa vida diaria para poder ter esa vida plena que tanto merecen.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, as 16 horas.

Suspéndese a sesión ás doce menos cuarto da mañá e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión co punto correspondente aos textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Carmen María Pomar Tojo.

A señora presidenta da COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 17 de marzo de 2022. E a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 22 de marzo, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 8 e 29 de abril para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente. Concretamente, as emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia rexeitáronse na sesión plenaria do 26 de abril de 2022. Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 119, 54 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 63 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 6 de maio designou a ponencia encargada de elaborar o informe que se constituíu o 10 de maio. E nas dúas reunións seguintes elaborou o informe coas recomendacións definitivas que emitiron con data 25 de maio de 2022 os ponentes e a ponente: don José Manuel Rey Varela, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Xosé Luís Bará Torres, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e dona Begoña Rodríguez Rumbo, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 9 de xuño aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, e cuxo texto consta da exposición de motivos, seguida dun total de 81 artigos integrados en 3 títulos relativos ás disposicións xerais do ciclo integral da auga, as medidas para a súa mellora e a dos servizos asociados, así como o sistema de financiamento da súa xestión por Augas de Galicia nos supostos de adhesión voluntaria das entidades locais; e, por último, a súa parte final integrada por 4 disposicións adicionais, 4 transitorias, 1 derrogatoria e 4 derradeiras, ademais de 2 anexos.

Cómpre pois rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Boa tarde, señora conselleira.

E boa tarde ás persoas que temos hoxe aquí no público escoitando estas intervencións.

Ben, hoxe quero iniciar a miña intervención neste pleno recordando que hoxe celebramos o Día Internacional do Orgullo LGBTI. E hoxe case un ano despois de que un grupo de persoas mataran cunha malleira a Samuel Luíz ao berro de «maricón de merda» na Coruña, unha cidade cuxo lema sempre foi «cidade na que ninguén é forasteiro». O caso de Samuel, por desgraza, non é un caso illado e dende que entrou a ultradereita de VOX —esa que branquea o Partido Popular—, que segundo nos dicía o novo presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, e a nova secretaria xeral do Partido Popular de Galicia, pois non sería imposible pactar con VOX se fora necesario. Eu pediríalles, señores e señoras do Partido Popular de Galicia, que deberan saber que hai liñas vermellas que non se deben cruzar, porque pasalas supón que algunhas persoas xustifiquen determinadas condutas. E, entre elas, xustificar a barra libre para atacar a quen pensa diferente ou —como neste caso— a quen ama libre e voluntariamente a quen lle pete.

Polo que o Partido Socialista sumámonos, orgullosos e orgullosas, á celebración deste Día Internacional do Orgullo LGBTI. Porque a igualdade sempre foi e seguirá sendo o centro das nosas políticas. *(Aplausos.)*

Entrando xa no debate sobre a Lei do ciclo integral da auga, teño que iniciar a miña intervención facendo unha afirmación obvia: sen auga non hai vida; polo que o ciclo da auga en

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

si mesmo é o ciclo da vida. O sistema integral do ciclo da auga é un servizo de interese xeral, e como tal compete a todas as administracións públicas. E ten que ser, señora conselleira, un proxecto de país cun acordo de país; e, se me apuran, o proxecto de país máis importante, porque é un proxecto de vida. Polo que non é de recibo, señora conselleira, que vostede como responsable do Goberno galego, de todos e todas as galegas, que xestiona recursos de todos e de todas as galegas e que ten competencias en Augas de Galicia, se manifeste unha e outra vez como se vostede pasara por alí e, facendo gala de buenismo e do marabillosa que é a Xunta de Galicia, anuncie que presenta unha lei para que os concellos, se lles gusta, se sumen; e, se non lles gusta, que sigan como están. Iso si, se te sumas, a carga económica é túa —dos concellos—, e a Xunta contribúe só nun terzo, o resto búscalo ti, concello. E, se non cumpres, a capacidade sancionadora segue sendo miña, da Xunta de Galicia. En fin, señora conselleira.

Eu pregúntolles, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia ¿tivo nalgún momento nestes 13 anos un proxecto de país para a nosa terra? Señora conselleira, ¿ten vostede na súa consellería unha estratexia de país a nivel político para favorecer que todos e todas as galegas, independentemente do lugar onde vivamos, poidamos exercer o noso dereito a ter auga como ben esencial? Tal e como se recolle precisamente nese texto do proxecto de lei que foi presentado por vostedes. ¿Está vostede de acordo en que a auga é un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal? Porque, se estamos de acordo niso, ¿onde está a estratexia do Goberno galego para levar á realidade esta afirmación? Despois de 13 anos e despois de 12 anos de aprobar a Lei de augas de Galicia, señora conselleira, ¿teñen vostedes algunha estratexia? Porque teño serias dúbidas de que a teñan.

Miren, os efectos do cambio climático son evidentes, tamén na nosa comunidade, independentemente desa negación do señor Rajoy, do seu primo, e probablemente de toda a súa parentela. E as claves son coñecidas por todos os gobernos, temos que avanzar nun consumo responsable, nunha xestión eficaz e eficiente do sistema do ciclo integral da auga e na información e sensibilización á cidadanía. E para acadar eses obxectivos, todas as administracións públicas, todas teñen que estar implicadas para garantir a subministración da auga, para garantir ese tratamento seguro, previsible e de calidade da auga, para habilitar ese conxunto de infraestruturas necesarias para poder cumprir esa función; e infraestruturas de almacenamento, de potabilización, de distribución e de depuración. E tamén para xestionar e explotar o mantemento desas infraestruturas en condicións de calidade.

A Xunta de Galicia aprobou en 2010 a Lei de augas de Galicia, na que establece como unha das súas finalidades garantir as necesidades básicas de uso da auga da poboación favorecendo o desenvolvemento económico e social, e compatibilizando coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados, finalidade, señora conselleira, que 12 anos despois da aprobación desta norma segue sen estar cumprida; 12 anos despois en que nin sequera teñen elaborada unha estratexia que determine as actuacións e os investimentos anuais no territorio.

Pero vostedes aínda así votaron non á primeira das emendas presentadas polo noso grupo parlamentario. Nesta primeira emenda, señora conselleira, nós pediamos engadir como unha das finalidades da lei —que nos parece fundamental— garantir o abastecemento de auga

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

potable a toda a poboación do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. ¿A Xunta de Galicia do Partido Popular non está de acordo con isto? A verdade é que, se non están de acordo, señora conselleira, deberían explicalo e deberían explicar por que.

Vostede, señora conselleira, leva días e meses anunciando unha e outra vez que a súa consellería leva gastado, dende 2010, 1.100 millóns de euros para dar cumprimento á Lei de augas de Galicia. E nós preguntámoslle, señora conselleira, ¿ese gasto corresponde a un plan estratéxico? ¿Eses investimentos están dentro dalgunha liña estratéxica de desenvolvemento do ciclo integral da auga? Ou máis ben responden a obras naqueles concellos que vostedes deciden, atendendo aqueles criterios que vostede sabe de urxencia e de necesidade que practican habitualmente, e que corresponden, na maioría dos casos, en que son máis urxentes e máis necesarios naqueles concellos gobernados polo Partido Popular. Vostedes, este Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, non gobernan con perspectiva global; vostedes, señora conselleira, gobernan segundo conveña.

Por certo, os socialistas, señora conselleira, solicitamos polo artigo 9 a relación de todos eses investimentos anunciados por vostedes, os 1.100 millóns de euros. E a resposta da Xunta de Galicia evidencia, unha vez máis, a ocultación de datos aos deputados e deputadas da oposición, entorpecendo o noso labor de oposición; non podemos facer correctamente deste xeito o noso traballo. Se a conselleira anuncia esta cifra, os socialistas entendemos que é porque está no poder da consellería unha relación destas obras, ou directamente vostede mente. Se mente, gustaríanos que nolo explicara; e, se non é así, parécenos unha mostra máis desa falla de transparencia que estivo rexendo durante os 13 anos que gobernou o señor Núñez Feijóo na Xunta de Galicia.

Señora conselleira, volveremos pedir esta información ata que sexa facilitada para o noso grupo.

Aos socialistas parécenos indecente que a través deses anuncios de autobombo, con esa publicidade e propaganda comprada a eses medios aos que lles asignan contías importantes de cartos públicos, que son de todos, sen cumprir os mínimos requisitos de transparencia e control da legalidade, falen de cifras sen que estas cifras estean avaladas polos datos que as sustentan.

E mire, señora conselleira, é que as palabras do señor Rueda respecto a estes contratos a dedo pois preocúpannos porque di: «El presidente de la Xunta justifica que Feijóo diese contratos a dedo a grupos de prensa coincidiendo con su salto a Madrid». Esta é unha proba máis de que efectivamente, como di o señor Rueda, «cambiou o camiñante pero non cambiou o camiño», cuestión que ben nos preocupa bastante.

A Xunta de Galicia presenta un proxecto de lei que non ten en conta as alegacións presentadas polos principais afectados nesta lei, é dicir, lexislan unha vez máis de costas aos concellos: sen consenso, establecendo unilateralmente como teñen que exercer as competencias que a lei básica lles outorga. Impoñendo formas predeterminadas de colaboración económica nun modelo que non foi nin debatido nin compartido nin acordado; e que vai, polo tanto, en contra do principio de autonomía local. Vostedes falan de escoita, pero a escoita deste Go-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno galego non é coa intención de chegar a acordos, a súa escoita é só un trámite a pasar sen procurar ningún tipo de consenso.

Augas de Galicia establece as condicións para que o concello materialice a delegación insistindo na voluntariedade —se non o queres déixalo, a competencia é túa— e sen establecer as condicións desa delegación. Sen ese plan estratéxico de desenvolvemento que contemple as obras necesarias para dar cumprimento ás finalidades contempladas na Lei de augas, sen datas para acometer esas obras e sen criterios territoriais e temporais para a súa execución.

Pero vostedes, señora conselleira, tamén votaron non a incorporar outra das emendas presentadas polo noso grupo, no que solicitabamos que os principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga estean suxeitos á elaboración dun plan estratéxico acordado con todas as administracións implicadas. Pero vostedes votaron en contra, porque vostedes non queren plans estratéxicos. Vostedes queren facer *según convenga*, como lle dicía antes. Vostedes prefiren seguir actuando con ese principio de actuación que se chama facer segundo a cor do goberno municipal con que se mire.

Vostedes tamén votaron en contra da emenda número 37. Era unha emenda ao artigo 21 sobre a xestión das infraestruturas de titularidade das entidades locais, na que solicitabamos que para instar voluntariamente á xestión autonómica das infraestruturas e á prestación de servizos relacionados co ciclo integral da auga, esta se efectuara no marco dun convenio tipo consensuado na Fegamp para que as administracións interesadas se puideran adherir, no que se estableceran todos os termos de xestión, de mantemento, de financiamento, así como a recuperación do servizo en que condicións sería, de ser o caso. Pero vostedes tamén votaron en contra.

A Xunta de Galicia pretende que os concellos se fagan cargo de 2/3 partes do custo das obras das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo integral da auga. Un terzo corre a cargo da Administración autonómica, un terzo obrigatoriamente os concellos e outro terzo téñeno que buscar tamén os concellos, mentres que a maior parte das actuacións e investimentos feitos por Augas de Galicia son financiados con fondos europeos, fondos aos que non teñen sempre acceso os concellos, fundamentalmente os de menor tamaño. E tendo en conta que nestes momentos temos a oportunidade deses fondos Next Generation EU, eses aos que vostedes votaron en contra, pero que agora mesmo tamén recoñecen que é unha oportunidade; votaron en contra pero recoñecen que é unha oportunidade. Aprovéitenos porque isto sería moi proveitoso para toda Galicia, non soamente para vostedes, senón para toda Galicia.

E tamén a propia conselleira indica que a boa xestión das infraestruturas que permita prestar eses servizos con calidade e eficacia precisa dunha calidade técnica e económica da que carecen a maioría dos concellos galegos.

Pero mire, señora conselleira, vostedes tamén votaron en contra de eliminar esas porcentaxes de obrigado cumprimento que teñen que achegar as distintas administracións, e votaron en contra dunha redacción alternativa no artigo 26.

—A verdade é que non sei que é o que lle dá a risa, porque nin tan sequera me mira á cara—.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois a redacción que lle propoñiamos era que con carácter xeral no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes, agás que concorran causas debidamente xustificadas, as entidades competentes participarán no financiamento destas actuacións segundo un plan de financiamento acordado entre as administracións afectadas, que terá en conta a autonomía e a capacidade económica de cada unha delas. E buscaranse fórmulas para poder estudar todas as vías de financiamento dispoñibles para este fin.

Pero, señora conselleira, vostedes tamén votaron en contra desta emenda presentada polos socialistas.

E voulles facer un pouco de pedagoxía, señora conselleira, e voulle recordar cal é a planta municipal que temos en Galicia. Temos 313 concellos, señora conselleira, 201 concellos menores de 5.000 habitantes, é dicir, o 64 %. Pero é que se imos aos menores de 20.000 habitantes temos 290 concellos, señora conselleira. Estamos falando do 93 % dos concellos galegos.

¿De verdade considera a Xunta de Galicia que os concellos galegos teñen a capacidade económica e técnica para poder dar cumprimento aos retos medioambientais de 2030? ¿De verdade, considérao?

Vostede mesma, a propia consellería, recoñece que en Galicia existen carencias, algunhas de moita gravidade na prestación dos servizos de abastecemento e saneamento. E que é obrigado buscar solucións para poder afrontalas e conseguir unha xestión eficiente e de calidade. E vostede di que para iso presentan esta lei.

O curioso, señora conselleira, é que nesta lei non existe un proxecto de país cun acordo de país, existe só o proxecto presentado pola Xunta de Galicia. Cargan sobre os concellos toda a responsabilidade da xestión e da construción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... das infraestruturas necesarias para garantir unha xestión eficiente e de calidade. E non se ten en conta a capacidade técnica e económica dos concellos.

Seguirei na miña segunda parte, pero mire, señora conselleira, evidentemente os socialistas imos votar en contra desta lei.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señora conselleira.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Teño que comezar dicindo que non imos apoiar este proxecto de lei porque temos moitas diferenzas tanto no fondo como na forma.

Na forma con respecto ao que foi a tramitación que adoece dunha falta evidente de participación. De participación tanto no proceso previo, porque, claro, o problema é que vostedes confunden a participación real da xente e dos sectores afectados cun trámite de información pública. E non promoveron, nunca promoven procesos auténticos, reais de participación pública, social na tramitación e na elaboración dos proxectos de lei e nas normas, nos plans en xeral, por iso pasa o que pasa: que hai un gran descoñecemento, unha gran desinformación, como puidemos ver ademais nestes últimos días a respecto do contido deste proxecto de lei.

E, o que é máis grave, a falta de participación no trámite parlamentario. É algo xa que se repite con demasiada frecuencia, señores e señoras do Partido Popular, señora conselleira. Vostedes sistematicamente vetan, impiden o debate público neste Parlamento, que é un debate que está previsto no articulado do regulamento.

E o BNG presentoulles unha proposta dun trámite de audiencia de altos cargos da Xunta, de persoas expertas e de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a que versa este proxecto de lei. Que sería un trámite en primeiro lugar que non suporía un atraso importante na tramitación da lei, e que suporía a posibilidade de dar un debate público, de mellorar o texto, de enriquecelo. E vostedes vetárono, vetárono porque teñen aversión á participación democrática e plural da sociedade neste Parlamento e despois pasa o que pasa, como veremos máis adiante.

É curioso que a vostedes agora entráronlles as présas a última hora, de feito limitaron o trámite da ponencia a unha única reunión na que deron alí conta dos recados que lle mandan de Augas de Galicia, pero non houbo realmente un debate das emendas, con vontade de chegar a acordos. Vostedes pasan a súa maioría absolutista por riba dos demais grupos e danlles igual as propostas que propoñamos.

A realidade é que esta lei leva tramitándose desde o ano 2019, desde o ano 2019, desde outubro do ano 2019 con outro nome. Porque vostedes ao principio quixeron facer unha lei que lle chamaban de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga, que foi bautizada con ese ocorrente nome de Sogama da auga e que despois tiveron que deixar en dique seco, porque non valía.

Entón realmente, se se perdeu tempo, perdérono vostedes dando marcha atrás con este tipo de proxectos.

A segunda eiva importante na tramitación é a que ten que ver, señora conselleira, señorías do Partido Popular coa falta dun auténtico acordo institucional e social en relación coa auga. Unha vez máis a oportunidade perdida de chegar a un grande pacto galego pola auga, que sería desexable tendo en conta que a auga é un ben absolutamente esencial, necesario para a vida e para as actividades económicas, e que é un ben que sabemos que é escaso, que cada vez vai ser máis escaso, e que require de grandes acordos políticos, sociais e institucionais. E vostedes non tiveron ningún interese en chegar a ningún acordo neste sentido.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes actúan cun absoluto exceso de prepotencia e de soberbia e van afogar nela como sigan así. Pretenden aprobar este proxecto de lei sen ter en conta o ditame do CES. Pois xa lle dicimos que non conten co BNG para iso. Pretenden aprobar este proxecto de lei sen ter en conta a opinión do municipalismo galego, da Fegamp. Pois xa lle dicimos que non conten co BNG para iso. Pretenden aprobar este proxecto de lei sen cumprir co pacto local da auga, que foi anunciado a bombo e prato no ano 2013. Pois xa lle dicimos que non conten co BNG para iso. E pretenden aprobar este proxecto de lei en contra das comunidades das traídas veciñais de augas. E xa lle dicimos que non conten co BNG para iso.

E logo destas cuestións que teñen que ver co procedemento, voume centrar en cuestións de fondo. E a primeira discrepancia de fondo ten que ver co modelo, con ese nome enganoso que lle dan vostedes a este proxecto de lei de ciclo integral da auga que non é tal. En todo caso é un proxecto de lei do ciclo urbano da auga, da captación, da subministración, da depuración e despois de mandar as augas a onde sexa, porque aquí no se trata de recuperar nada, senón de mandalas o máis lonxe posible, como fan tamén co lixo.

E a verdade e a realidade é que temos modelos absolutamente diferentes e vostedes están no pasado, están no século XX. Vostedes están no mundo das infraestruturas grises e o BNG defende unha concepción moito máis ampla, moito máis integral baseada, como lle dixemos xa no debate anterior, na nova cultura da auga e nas infraestruturas verdes.

E para nós ¿cales son as prioridades entón? Pois, mire, as prioridades son: A primeira e máis importante é a conservación, a protección dos recursos. Isto ten que ser o elemento número un de toda a política da auga, e nesta lei non existe, en ningunha lei da Xunta existe atención a isto. A preservación das masas de augas, das subterráneas e das superficiais, a protección e a conservación dos humidais, das turbeiras que desapareceron e son un auténtico obxectivo número un pero da destrución e da depredación con todos os proxectos depredadores que está potenciando a Xunta de Galiza. Cando son un ecosistema absolutamente esencial para combater o cambio climático, para garantir a diversidade e para garantir unha boa calidade da auga.

Vostedes non se interesan pola xestión das augas pluviais por exemplo, que tamén é un elemento que debía ser absolutamente prioritario. Non se interesan nesta lei pola reutilización, polo aproveitamento das augas depuradas e non se interesan tampouco polas solucións baseadas na natureza, que son as solucións máis avanzadas e que non aparecen tampouco por ningún lado.

A segunda cuestión de discrepancia nas cuestións de fondo ten que ver coa competencia ou, mellor dito, coa incompetencia, porque vostedes o que están poñendo de manifesto con esta lei é a súa incompetencia, a súa incapacidade para afrontar, asumir as súas competencias e levar a cabo unha boa política da auga.

E realmente o que pon de manifesto esta lei é o fracaso das políticas hidráulicas da Xunta de Galiza ao longo de trece anos. Non foron capaces de facer o Plan galego de abastecemento, non foron capaces en trece anos. Estaba previsto na Lei de augas de 2010. Non foron capaces de facer o Plan galego de saneamento, non foron capaces de facer os plans locais de sanea-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento e cando os fixeron non os utilizaron, como no caso da ría de Arousa, que está como está a estas alturas, cando se fixo un plan local de saneamento nos anos 2010 e no 2012 que custou máis de 2 millóns de euros e está como está neste momento a ría de Arousa.

O problema é que seguen cun modelo de infraestruturas fracasado, que é un modelo que responde aos intereses das grandes construtoras e das grandes consultoras, e que non responde ás necesidades do noso país. Polo tanto, vostedes son os máximos responsábeis por acción ou por omisión; a pesar de presumir de investir máis de 1.100 millóns de euros en obras hidráulicas, a situación é como é, pois algunha responsabilidade terán vostedes nesta materia. E agora veñen con esta lei que é como meter un elefante nunha cacharrería, señora conselleira, señorías do Partido Popular.

A terceira razón é que esta lei non está adaptada á realidade galega, á realidade do país, que é un país cunha gran dispersión poboacional. Temos máis de 30.000 núcleos de poboación, como se sabe. Case a metade deles están fóra do Plan auga. Non teñen solucións públicas de abastecemento de auga. E vostedes erre que erre seguen optando por alternativas e opcións centralizadas, por redes de abastecemento e saneamento centralizadas, que son moi custosas e moi ineficientes e que requiren grandes custos e grandes gastos enerxéticos, por exemplo, no caso dos bombeos. E, realmente, aquí o que vemos é un plan oculto tamén nesta lei, un plan oculto que cada vez é máis evidente de ataque, de acoso e derruba ás traídas de augas veciñais. E explícolle por que. Primeiro, porque están entorpecendo e dificultando a renovación das concesións. Segundo, porque están intentando impoñer con esta lei cuestións tan absurdas como a obriga de instalar contadores homologados en todos os puntos da captación das traídas veciñais. E eu non sei se votedes coñecen a situación das traídas veciñais, pero hai algunhas que teñen ata 30 ou 40 captacións diferentes de auga, e ¿como pretenden poñer contadores homologados para medir as perdas en cada unha desas captacións? É absolutamente absurdo.

Terceiro, pola vía de novas taxas e sancións, como poñen nesta lei. E, cuarto, pola vía de momento interrupta da disposición derradeira primeira bis coa que pretendían modificar outra vez, e deben de ir 30, a lei do solo para dificultar, acosar e atacar a existencia das comunidades veciñais de auga con novas normas para a concesión de licenzas nos núcleos rurais.

E afortunadamente, nestes días pasados, as comunidades veciñais de auga, enteráronse; fíxense, as comunidades, unha organización como Coxapo, que representa unha parte importante das comunidades de augas, enteráronse do que poñían vostedes cunha emenda pola porta de atrás o Grupo Popular hai uns días, hai catro ou cinco días. ¿A vostede parécelle normal isto? Que vostedes non se dignaran sequera a presentarlle esta proposta ás comunidades veciñais de augas, que o intentaran facer por esta vía, que tiveran que descubrilo porque llo trasladamos o grupo do BNG. E grazas a que se organizaron, a que se mobilizaron, a que se plantaron na consellería, a que presionaron, conseguiron que vostedes dean marcha atrás e que retiren esta emenda.

Pero isto non é suficiente para o BNG e pensamos que nesta lei hai unha carga de profundidade, unha auténtica carga de profundidade contra a existencia e o futuro das comunidades veciñais de augas, e vostedes o que están facendo con esta lei e tamén con outros plans, e

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con outros proxectos, como por exemplo o plan eólico, é un auténtico ataque, unha auténtica agresión ao rural galego. E xa lle digo que non o imos consentir, e que non o vai consentir a xente do rural, porque xa está farta de que se rían deles, de que os ataquen e os agridan con proxectos, con plans e con proxectos de lei como estes que poñen en cuestión a mesma existencia e futuro das comunidades de augas e da xente que vive ou que intenta vivir no rural. Polo tanto, dicímoslle unha vez máis claramente de maneira firme e clara: gobernen para o rural, non gobernen contra o rural.

E, por último, para rematar, queremos tamén deixar claro e insistir en que esta é unha lei que ten unha clara finalidade recadatoria e coercitiva e que non está pensada para este momento actual dun contexto de suba abusiva de prezos que lle afectan ás familias e ás empresas; é un proxecto de lei coercitivo, porque impón obrigas aos concellos, curiosamente vostedes póñenlles obrigas aos concellos, pero non se poñen obrigas a si mesmos, á propia Xunta de Galiza, polo menos as obrigas de cumprir co que xa está na lei de 2010 por exemplo, que podían xa empezar a cumprir, o que puxeron vostedes na lei.

E ten unha clara finalidade recadatoria, por iso se bautizou como lei do sablazo da auga e como vostedes, ademais, poñen negro sobre branco, no propio informe económico-financeiro que acompaña a lei, onde di claramente o que van subir as taxas o canon de depuradoras, actualmente o canon de vertidos. Pois aquí pono claramente, na EDAR dos Praceres os concellos que verten aí van pasar de pagar 2,3 a 3,9 millóns de euros, 1,6 millóns de euros máis. Xa me dirá quen vai pagar isto se non son as empresas e as familias, os fogares nun contexto de suba absolutamente escandalosa e abusiva de prezos. Vostedes presumen de que queren subir os impostos e o que fan é subir unha vez máis os impostos ás empresas e aos fogares. *(Aplausos.)*

E, miren, na seguinte quenda, na última quenda teremos tempo para falar con detalle de todas as emendas que presentamos e que vostedes rexeitaron. Explicarémolas aquí para que todo o mundo saiba que propoñía o BNG e que rexeitou o Partido Popular. Pero nesta quenda quero rematar cunha petición e a petición é que rectifiquen, que están a tempo, que abandonen eses tics autoritarios, que escoiten e dialoguen, que dialoguen cos concellos, que dialoguen coa xente do rural e que dean exemplo cumprindo cos deberes que teñen vostedes postos nas leis, nas normas que aprobaron e que poñan en marcha ese gran pacto galego pola auga que ten que ser un grande acordo de país por un ben que ten que ser un dereito humano fundamental, imprescindible para a vida e para a actividade económica, un ben escaso que é necesario protexer, conservar e garantir tanto no presente como para as seguintes xeracións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, señorías, moitas veces dicimos que a auga cae do ceo, pero a auga é un ben escaso, polo menos niso creo que coincidimos todos os representantes dos galegos que

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estamos neste Parlamento. Segundo as Nacións Unidas, mil millóns de persoas no planeta non contan cunha fonte hídrica para o seu consumo; 2.500 millóns de persoas non dispoñen dun servizo de saneamento. E, a pesar de que o 70 % da superficie da terra está cuberta de auga, dese importe, o 97 % é auga salgada. Por iso, desa auga doce o 70 % está conxelada; polo tanto, o resultado de todos eses datos é que só o 1 % da auga doce do mundo está dispoñible para as persoas e as civilizacións.

A importancia da auga, está presente dende as orixes da civilización, tamén está presente en Galicia; basta lembrar os nosos maiores para darnos conta de que xa eles tiñan plenamente consciencia da importancia que tiña a auga. Frases que nos quedaron a todos gravadas como para mañá dan auga, ou coidado coa semente que vén xeada, está nordeste; en fin, moitas cousas que nos demostran que o noso contacto coa terra sempre nos demostrou que tivemos a auga como un elemento esencial que temos que coidar entre todos e todas.

Sen dúbida, tamén para os que vivimos nunha cidade —aínda que todos practicamente seguimos tendo aldea— a auga sae do grifo. Seguramente tamén lembramos algunhas horas sen auga; esas horas sen auga demóstrannos como se altera toda a nosa vida, non nos podemos duchar e parece un drama, non podemos poñer a lavadora ou non podemos cociñar. Se damos un paso máis nesta reflexión, caeremos na conta de que para que a auga saia do grifo hai que extraela do medio, almacenala, potabilizala, distribuíla e depurala para devolvela limpa ao medio da que a extraemos. Por iso, dende este grupo falamos de ciclo integral da auga. Así que a xestión se presenta tamén como un reto estratéxico; non é o mesmo dispoñer de recursos hídricos que non facelo, non é o mesmo traballar en grandes urbes que traballar en pequenos núcleos de poboación, como se dixo aquí, e niso coincidimos plenamente. Inspira parte da filosofía desta lei na nosa terra que temos a metade de núcleos de poboación que existen en España.

A auga, polo tanto, afecta ás nosas vidas, pero tamén afecta ao medio ambiente; tamén afecta á saúde e a actividades económicas tan importantes en Galicia como a pesca e a agricultura. Por iso é tan importante completar a normativa existente, poñendo á disposición da sociedade un novo instrumento de xestión do seu ciclo integral. Porque, xunto ao feminismo, o ecoloxismo está transformando a conciencia da sociedade, e nós, como representantes dos galegos, debemos trasladar esas inquedanzas ás leis; non falar soamente de feminismo e falar de ecoloxismo, senón poñer instrumentos para que o feminismo e o ecoloxismo formen parte da nosa capacidade de autogoberno. *(Aplausos.)*

Porque o dereito á auga relacionouse desde a Declaración Universal de Dereitos Humanos co dereito á saúde, o dereito aos alimentos ou o dereito á vivenda, dereitos fundamentais recollidos no artigo 25 da declaración universal de dereitos humanos. A convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación da muller prevé no seu artigo 14 o abastecemento da auga, e a convención de dereitos do neno, no seu artigo 24 fálanos de auga potable, salubre relacionando o dereito á auga co dereito á vida. Temos tamén exemplos no Cumio de Río ou na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento de 1992, ata que en 2010 as Nacións Unidas, a través da Resolución 64/292, declara a auga dereito humano esencial para o pleno desfrute da vida e de todos os dereitos humanos.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A diferenza entre dereito humano e dereito fundamental vai radicar na necesidade dun desenvolvemento xurídico, e para iso estamos aquí, non só para falar de dereitos, senón para desenvolver os dereitos para que poidan chegar a todas as persoas. Por iso, dende este grupo imos falar máis da lei que dos partidos, máis de construír xuntos que de criticar o que fan outros. Defendemos así a existencia dunha cuarta xeración de dereitos, que requiren novos avances lexislativos como o que hoxe o Goberno somete a este Parlamento. Porque é tan crecente a preocupación pola auga que, mentres que nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas de 2000 a auga ocupaba un apartado do obxectivo 7, na axenda 20-30 aparece en catro obxectivos, no obxectivo 3, no obxectivo 6, no obxectivo 12 e no obxectivo 15. A Unión Europea, á que pertencemos, aprobou dúas directivas sobre a auga e o Estado lexislou moito sobre a auga, artigo 45 da Constitución española, a lei básica Real decreto 1/2001 da lei de augas e a súa normativa de desenvolvemento, a Lei 7/85 reguladora de bases de réxime local, dúas leis moi importantes, e dúas directivas europeas tamén moi importantes, que inspiran e son o marco desta proposta, e que complementan un intenso traballo previo. Porque, fronte ao que se dixo aquí, temos un proxecto de auga par Galicia. Por iso Galicia, en uso da súa autonomía e das súas competencias, señor Bará, non incompetencias, aprobou... mire, a lei de augas a Lei 9/2010, a Lei de garantía de abastecemento de 2019, a Lei 9/2019, aprobou os regulamentos de planificación de 2015, cos seus plans hidrolóxicos de abastecemento e de saneamento, regulamento do servizo de depuración de 2012, regulamento de colaboración económico-financeira de 2013, e en maio deste ano o Consello da Xunta hai un mes aprobou o Plan hidrolóxico Galicia-costa. ¿Quere máis plans, señora Rodríguez Rumbo? Pois repase todos estes plans aprobados pola Xunta de Galicia, polo Consello da Xunta de Galicia e por este parlamento. *(Aplausos.)*

Mire, este plan é o primeiro de España xunto a Baleares deste terceiro ciclo que se somete ao Consello Nacional da Auga para a súa aprobación por real decreto do Goberno de España. Neste contexto de evolución normativa e de reto de sostibilidade é onde se enmarca esta lei, non en cousas que vostedes non sei de que artigo quitan os obxectivos da lei. Nós preferimos ir á letra do que di a lei, constatadas as dificultades das administracións que son competentes dos concellos, dificultades. E hai que axudalos para prestar correctamente este ciclo integral da auga, sabendo que é unha preocupación que temos que ter todos e todas, especialmente concellos de 2.000 a 10.000 habitantes.

Miren, eu lía esta mañá unha noticia na que os concellos de Marín, Sanxenxo, Poio, Vilaboa e Bueu —con alcaldes e alcaldesas dos tres partidos políticos que compoñemos esta corporación— estaban precisamente falando da necesidade de novas fórmulas de xestión e das dificultades que tiñan —e ata aquí vou ler—. Por iso eu, falando o que digo, do que di a lei, non sobre o que din os partidos da lei —que é unha cousa moi distinta—. Primeiro principio, primeira característica da lei: voluntariedade; voluntariedade para adherirse, señora Rodríguez Rumbo, sen pedirlle permiso a ninguén. Non falou das súas emendas, que o que din é que hai que pedirlle permiso ás deputacións. Nós cremos na autonomía local, plena autonomía local, sen que ninguén tutele esa autonomía local. *(Aplausos.)*

Mire, señora Rodríguez Rumbo, vostede é unha persoa municipalista, coma min. Eu asinei xunto coa Xunta de Galicia no ano 2013, sendo presidente da Fegamp, o Pacto local da auga. Pois eu creo que esta lei desenvolve perfectamente ese Pacto local da auga.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segunda característica da lei: o seu importante valor técnico. Dicía Leonardo da Vinci que «cando trates coa auga consulta primeiro a práctica e logo a teoría». Pois eu quero poñer en valor o traballo dos técnicos de Augas de Galicia, que traballaron moitísimo para facer realidade esta norma. *(Aplausos.)* Tamén quero poñer en valor as letradas e letrados deste Parlamento que nos axudaron no seu proceso de confección. *(Aplausos.)*

E a terceira característica desta lei que traemos a este Pleno é precisamente en contra do que di o señor Bará, o proceso de participación pública de transparencia, do que nós nos sentimos orgullosos. Porque, señor Bará, xa sei que vostede pensa todo o contrario; se non houbo máis reunións da ponencia é que non o consideraron necesario. ¿Nós sabemos escoitar? Posiblemente porque sabemos escoitar e moitas veces rectificar seguramente que é polo que temos o apoio de moitos galegos e galegas, como vostedes teñen un apoio, pero nós o apoio maioritario. Xa sei que se lles fan moitos anos, pero é que cada día nós tratamos de facer as cousas mellor, por iso seguimos desenvolvendo as nosas competencias.

Mire, unha tramitación moi intensa, unhas negociacións moi intensas, ampliados en dúas ocasións os prazos a petición da Federación Galega de Municipios e Provincias e doutras entidades. E un texto de ponencia que finaliza coa aceptación de 14 emendas. Bueno, para vostedes xa veñen co non primeiro, aceptámoslles 14 emendas, transaccionamos 6 con éxito; pero vostedes primeiro xa teñen decido que non e despois pois negociamos e despois transaccionamos.

Miren, onte mesmo dicían que non escoitabamos as comunidades de traídas de augas. Onte mesmo falando con elas decidimos solicitar ao Pleno retirar a disposición derradeira primeira bis) buscando unha mellor redacción e un maior consenso. Porque, o que digo, non se pode dicir isto de escoitar e despois non escoitar; cando dicimos que escoitamos, nós escoitamos para tratar de acertar plenamente. E por iso, con toda humildade, plantexamos esta votación separada desta disposición porque queremos chegar a acordos con todos e con todas, non queremos lexislar por encima de ninguén, queremos lexislar coa xente, que é o que estamos facendo. *(Aplausos.)*

Coincidimos no obxecto da lei, no seu ámbito de aplicación, e entendemos o percorrido da auga dende a súa extracción ata a súa devolución ao medio. Cremos na cooperación, na corresponsabilidade, no cofinanciamento; cremos na solidariedade interterritorial; e estas son textualmente as cousas que di a lei: no seu título II, regula —claro, non se citou aquí antes— as aglomeracións urbanas de Galicia, porque hai que cumprir cunha normativa comunitaria, e queremos que a supramunicipalidade —na que cremos tamén— non pode ser un obstáculo, senón unha oportunidade para prestar mellor o servizo. E podemos ir a un montón de concellos e podemos comprobar perfectamente como as diferenzas locais ás veces están impedindo que se preste correctamente o servizo. Vamos poñer, polo tanto, instrumentos para axudar voluntariamente aos concellos que así o queiran facer. Se nos preocupa a auga, hai que establecer máis controis analíticos, revisar instalacións, ter plans de control de verquidos, medidas para tratar augas brancas e pluviais, revisións técnicas, eficiencia enerxética... Claro, falan do prezo da auga pero non falan do prezo da luz. Claro, pero aquí a recadación non vai ser para ningunha empresa transnacional, vai ser para un organismo 100 % público, que é Augas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, regúlanse os investimentos en instalacións nas estacións de bombeo, nos tanques de tormenta, nas estacións de tratamento de augas residuais. E, por suposto, como en todo servizo público —e nós cremos nos servizos públicos—, hai que falar dos recursos. E, claro, se alguén escoita a algún grupo isto do sablazo, etc., claro, pensará que a xente en Galicia non paga pola auga e isto non é verdade. Aquí o que se fai é reemprazar taxas para aqueles concellos que libremente o decidan por outros conceptos. E aparece o canon de xestión de depuradoras que substitúe o coeficiente de vertido. Aparece o canon de xestión de redes de colectores que substitúe a taxa municipal da rede de sumidoiros. E aparece o canon de xestión de abastecemento que substitúe a taxa municipal —insisto— para os concellos que queiran adherirse.

En definitiva, Galicia, definida polo grande Álvaro Cunqueiro como «o país dos mil ríos», dará un novo paso coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei para a mellora do ciclo integral da auga. Para a xestión dos nosos recursos naturais co obxectivo de que sigamos desfrutando do azul da auga e do verde do noso medio ambiente. Novos retos onde o ecoloxismo impregna as conciencias e os corazóns das novas xeracións. Un novo modelo baseado na cooperación e na participación de todas e todos. Unha lei que en lugar de mirar para outro lado —que sería o fácil— busca sumar os nosos esforzos para multiplicar os resultados en tempos de globalización e cambio. E para esta lei é para a que pedimos o apoio maioritario desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey.

(Aplausos.)

Rolda dos grupos agora para definirse sobre as emendas. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Rey Varela, se non ten o apoio maioritario ao mellor aínda ten que convencer algúns deputados e deputadas, sobre todo municipalistas, da súa bancada. A verdade é que, bueno, en fin, é unha brincadeira.

Mire, señor Rey Varela, vostede fala de que esta lei é un novo instrumento para dar cumprimento a ese sistema da Lei integral da auga. O curioso —e xa llo dixen ao principio— é que vostedes fagan un instrumento de costas aos concellos, ás entidades que dalgunha maneira máis responsabilidade ou máis terán que dicir para o desenvolvemento desta lei. E, polo tanto, creo que vai ser un instrumento ineficaz e fundamentalmente que vai quedar no acordo ou ao mellor simplemente na publicación no DOG. Busquen consensos, búsquenos, que na Fegamp e nos concellos galegos —en todos, tamén os do Partido Popular— queren consensos e queren acordos para sacar este proxecto, porque é un tema moi importante e que afecta a todos os galegos e a todas as galegas.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, eu vou entrar agora un pouco máis no que foron as nosas emendas, aínda que algunhas xa as enumerei. Pero quería empezar por un tema que xa foi tratado anteriormente aquí polos anteriores voceiros, e é que vostede fala, señor voceiro do Partido Popular, de que non hai novas taxas aos usuarios, senón simplemente que se reordenan. Pero a realidade é que, de repente, aparece o canon de xestión de depuradoras, o canon de xestión de redes de colectores e o novo canon de abastecemento. Ben, ata aí ben, podiámoslle cambiar o nome, tampouco pasaría nada. O tema é que cando vemos o Informe de sostibilidade financeira que elabora a propia consellería e que nos achega, non sei se é que aos grupos da oposición nos achegan unha documentación diferente á que lle achegan ao grupo que sustenta o Goberno, pois nos din que estiman que o incremento dos ingresos relacionados con estes servizos no primeiro exercicio de vixencia da nova norma é de máis de 14 millóns. Pero é que, se miramos a memoria económica elaborada por Augas de Galicia —e insisto en que foi entregada a este grupo parlamentario, non sei se ao resto— establece que tendo en conta a modificación do canon da auga —chámelle como queira— incluído nas disposicións finais —e isto dío literalmente— os incrementos serán de máis de 50 millóns dende o primeiro exercicio. Polo tanto, unha de dúas, ou a documentación que nos mandan está incorrecta, está mal; ou, unha de dúas, vostedes están faltando *un poquito a la verdad*. Polo tanto, eu creo que isto deberían explicalo, sobre todo a conselleira, que a temos aquí, non nos mira aos deputados da oposición, pero que pode saír..., pódenos mirar, señora conselleira, que somos compañeiros tamén.

Pois ben, os socialistas presentamos... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* —bueno, a min pareceríame máis correcto, non sei, bueno, en fin— ... 54 emendas, das que foron aceptadas 11 e transaccionadas 2; é dicir, un 24 %. Desas dúas transaccións, e que como dicimos sempre os socialistas, nos permitimos que se transaccionen coas nosas emendas porque entendemos que melloran substancialmente, non todo o que nos gustaría, pero que melloran substancialmente o texto lexislativo.

E, por exemplo, vou citar algunhas: pois no artigo 16, pedimos engadir un novo punto, é que nin sequera o contemplaba, e é simplemente establecer campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación para fomentar o uso responsable da auga e a protección dos ecosistemas acuáticos. E, sen embargo, este texto nin sequera o contemplaba.

Ben, das emendas aceptadas, maioritariamente son emendas que, atendendo ao principio de transparencia e bo goberno —ese que reiteradamente vostedes incumpren, pero que está contemplado na Lei 1/2016— para que se estableza a obrigatoriedade que por parte da Xunta de Galicia se publique nas páxinas web das administracións que teñan responsabilidade toda a información relevante. Por exemplo, que se publiquen os plans de control anual de verteduras, os plans de revisións, as aglomeracións urbanas que se determinen, os controis analíticos das augas e programas de acción —se os houbera—, que se publiquen as directrices para a redacción dos plans de control de vertedura e redes de colectores, as directrices para a optimización da xestión das augas pluviais e o plan de redución de entrada de augas brancas nas redes de saneamento, ou o programa de revisións das instalacións das infraestruturas.

Por certo, vostedes as directrices establécenas a facer para dentro de dous anos —se non me equivoco—; polo tanto, ¿que plan?, ¿que programación?, se nin tan sequera teñen unhas directrices que poidan habilitar en 6 meses, tal como lle presentabamos nas nosas emendas

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Partido Socialista. Vostedes presentan un proxecto froito totalmente da improvisación, non me fale nin de plans nin de establecemento de directrices, porque nin sequera, vostedes mesmos admiten que non as teñen.

Ben, nós presentamos tamén unha emenda ao artigo 5 sobre os principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga, na que pedimos que se introduza a capacidade económica como unha condición no financiamento. Pedimos tamén nos obxectivos engadir un novo apartado, algo tan sinxelo como avaliar o impacto económico que vai ter esta lei sobre as persoas consumidoras. Ou que a recuperación da xestión por parte dos concellos non teñan que aboar ningunha carga a Augas de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... tal como establecía o proxecto orixinal. Ou —xa remato, señor presidente— que as exencións tanto en todos os canons ou as deducións que se establezan pois que teñan un límite para familias numerosas, pero non para calquera tipo de familia numerosa, senón que haxa un límite en función dos ingresos que teñan. E que ademais estas reducións da cota que teñan efecto a partir do día seguinte da xustificación e non do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á súa acreditación...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...posto que non parecen de recibo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Acabo como empecei, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Sen auga non hai vida e, polo tanto, ten que haber un proxecto de país cun acordo de país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rey Varela, teño que recoñecer que case me emociono con esa declaración que fixo vostede aquí, ese canto ecoloxista. Se non fora vostede do Partido Popular, ata podería crelo. Pero realmente vostedes, que fan políticas activas de depredación, de degradación dos espazos naturais, dos recursos naturais deste país, ¿como poden vir aquí presumir de ecoloxismo? E que é o mundo ao revés.

E, miren, a ponencia... ¿Non sei se queren dicir algo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non, é que vostedes e o ecoloxismo é como a auga e o aceite, non hai posibilidade de mesturar aí nada. Non se levan ben, ¿que quere que lle diga? *(Aplausos.)*

Só houbo unha reunión, esa é a realidade. Vostedes non tiveron ningunha intención de chegar a acordos. Se tiveran algunha intención, aproveitarían esa fórmula que lle ofrecemos, ese trámite de audiencia a entidades, e iso axudaría a mellorar a lei, a enriquecela, a recoller suxestións, evitaría os problemas que tiveron vostedes a última hora, pero vostedes vetan sistematicamente calquera procedemento de participación democrática pública de apertura deste Parlamento á sociedade galega. Iso non vai con vostedes. É a realidade. Vétano sistematicamente. ¿Que problema hai? Explíqueme que problema hai de que se faga unha audiencia pública en sede parlamentaria nunha ponencia dunha lei de algo tan importante como a Lei de auga, na que veñan aquí dar a súa opinión sobre a lei unha serie de entidades, colectivos e institucións. ¿Que problema hai? Explíqueme que problema hai. ¿A que lle teñen medo vostedes? ¿Téñenlle medo á democracia, téñenlle medo á participación social, téñenlle medo á xente? Deixen que veñan ao Parlamento e que falen no Parlamento os colectivos, as entidades e as institucións afectadas por unha lei.

E, claro, que me fale de transparencia cando pasou o que pasou, manda... iso na Habana. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, da Habana pódolle falar moito, longo e tendido. *(Murmurios.)* Si, si, si. Si, porque vostedes non soportan que este país fose con voz propia polo mundo, iso non o soportan. *(Aplausos.)* E por iso fan o que fan. E nós imos con orgullo polo mundo, claro. Claro que si. *(Murmurios.)*

Claro, que falen de transparencia cando intentaron coar pola porta de atrás unha disposición derradeira como unha emenda do Partido Popular que non lle explicaron a ninguén, pódeme dicir a min se iso é transparencia; que tiveron que enterarse a última hora porque lle trasladamos nós ese texto. E alarmáronse, preocupáronse e dixeron que non o podían aceptar. ¿Pero iso é participación? Que teñan que as persoas estar horas e horas petando na porta, intentando a última hora arranxar un asunto que se puido arranxar antes. ¿Iso é participación?

E coma este habería moitos outros máis que se poderían arranxar tamén porque están mal, porque son prexudiciais.

E, miren, vou pasar ás emendas dicindo xa que imos apoiar as que presentou o Grupo Socialista. As emendas que vostedes rexeitan, que propoñen obrigas para os concellos, obrigas para a Xunta, que vostedes non lle poñen obrigas á Xunta, e obrigas para toda a sociedade galega.

As primeiras son as aprobacións —como di o CES— da planificación xeral. Temos que contar con planificación xeral de abastecemento e saneamento que non temos, a pesar de que está prevista na Lei de augas do ano 2010. Non a temos aínda e é responsabilidade da Xunta do Partido Popular.

A segunda, o pacto local da auga. Si, porque vostede fixo a foto, señor Rey Varela, como presidente da Fegamp no ano 2013, pero desde aquela non se soubo máis. Si, houbo uns documentos no ano 2017 pero non seguiron adiante.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E pedimos, por exemplo, que se reinvista o 50 % do recadado co canon da auga nos concellos onde se recada e que o resto se utilice para reequilibrar. ¿Que problema hai? Iso estaba incluído nese documento do Pacto local da auga. ¿Por que vostedes vetan e votan en contra desta emenda? ¿Por que vostedes votan en contra dunha emenda que fala de desenvolver medidas de fomento da nova cultura da auga, de protexer os recursos hídricos? ¿Por que votan en contra? ¿Por que votan en contra dun estudo para avaliar a creación dun consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga? Nin sequera dicimos que se faga un consorcio, que se estude esa posibilidade. ¿Por que votan en contra?

¿Por que votan en contra —explíquenmo— dun plan formativo e de boas prácticas na xestión do ciclo da auga? ¿Cal é o problema desta emenda? ¿Que é o que non lles gusta de que se faga un plan formativo, como xa están facendo outras institucións, para mellorar a xestión? Se vostedes din que os concellos non teñen persoal cualificado, pois fagamos un plan formativo.

¿Por que votan en contra dun plan de mellora das traídas de auga veciñais? Por exemplo, respondendo ao modelo islandés; por exemplo, respondendo ao modelo de Tomiño ou de Abegondo, que xa se está facendo ben. ¿Por que votan en contra dun plan de mellora das traídas de augas veciñais? Explíqueno aquí.

¿Por que votan en contra dun plan de protección dos recursos hídricos, dos humidais, dos ecosistemas que son tan valiosos como as turbeiras? ¿Por que votan en contra dunha estratexia galega da auga 2030? Por que votan en contra de que Galiza teña as competencias cando menos da xestión de todas as bacías hidrográficas, polo menos ou, sobre todo, a do Miño-Sil, que é a máis grande, a que lle afecta á maior parte do territorio. ¿Cal é o problema de todo isto? O problema é o ordeno e mando, o autoritarismo, a imposición do Partido Popular. O problema é que a vostedes fáltalles capacidade de diálogo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ... e de participación. O problema é que defenden un modelo fracasado, o modelo das infraestruturas grises. O problema é que vostedes póñenlles deberes aos concellos pero non se poñen deberes a si mesmos. E por iso o BNG anuncia aquí o voto negativo a este proxecto de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rey.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente, señora conselleira, señorías.

Señora Rodríguez Rumbo, case todas as emendas que rexeitamos presentadas polo seu grupo —como lle dixen antes— o que pretendían era incrementar os controis das deputacións sobre a autonomía local e a capacidade de decisión dos concellos. Voulle ler textualmente:

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«Os concellos deberán solicitar informe á Deputación en todas as actuacións que se refiran ás infraestruturas».

Formas de xestión dos servizos. «Outorgamento de novos contratos ou modificación dos existentes, e imposición e modificación das taxas ou prestacións patrimoniais de carácter público».

Tutelar si, señora Rodríguez Rumbo, pero poñer recursos non, tutelar si. *(Aplausos.)* Supoño que nisto tería algo que ver o novo estilo do Partido Socialista de Galicia, non o que sempre defendeu o Partido Socialista na Federación Galega de Municipios e Provincias.

Eu ademais leo esta emenda, señora Rodríguez Rumbo, para que a escoite o señor Bará, porque supoño que votará a favor desta emenda para reforzar o papel de autorización dos concellos —xa digo— para que tamén decidan non se se vai privatizar, a quen se vai privatizar, canto vai cobrar, etc.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, nós si que lle aceptamos 11 emendas máis 2 transaccións. Unha mostra de verdade da vontade que temos de chegar a acordos en torno a temas estratéxicos. Sentimos que iso non sexa mutuo.

Sobre as emendas do BNG, señor Bará: mire, eu xa sei que case o emocionamos, pero eu, de verdade, o que lle quero dicir é que nós, este grupo parlamentario que representa bastantes galegos e galegas o que non cre é no pensamento único. Dende logo nós cremos *(Aplausos.)* que unha persoa que vota ao Partido Popular de Galicia quere a Galicia e quere o medio ambiente polo menos o mesmo que un que vota ao BNG, de verdade que o cremos. *(Aplausos.)* Porque o contrario sería pensar que a maioría de Galicia non quere a Galicia que temos, unha Galicia verde, unha Galicia que para ser verde precisa a auga e unha boa xestión dos seus recursos hídricos.

Tamén, señor Bará, sinto que descoñeza tanto a defensa dos intereses de Galicia en América que o presidente Fraga e o presidente Feijóo fixeron ao longo de moitos anos, especialmente na Habana. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Mire, sendo recibidos sempre polo presidente Castro, polos dous irmáns.

Pero eu sinto que vostedes tamén niso intenten patrimonializar o sentimento dos galegos e das galegas, un sentimento de conexión coas colectividades galegas do exterior. E nós, dende logo, non o imos admitir nunca, non o imos admitir porque nós temos que traballar para todos, temos que tratar de gobernar para todos. E, de verdade, con esas receitas seguramente é máis fácil conseguir un apoio máis maioritario dos galegos e das galegas, porque, se ven unha vez tras outra que iso non funciona, o que deberían de intentar pensar que tamén os que votan ao Partido Popular teñen sentimentos, que tamén queren a Galicia e que tamén queren unha mellor xestión para todos e para todas. *(Aplausos.)* E non vou falar máis disto porque o importante é a lei, o importante é a lei, unha lei moi traballada. Unha lei que incorporou moitísimas emendas, unha lei moi participada pola sociedade civil que a estivemos cambiando ata onte mesmo.

Mire, sobre as súas emendas. Se nós, señor Bará, lle aceptaramos o cambio de denominación da lei, aceptariamos xa 9 emendas; 9 emendas das 63 que presentan, polo tanto, en fin. Des-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pois, se creamos un consorcio, xa aceptariamos outra emenda, veña o consorcio. Se creamos un centro de investigación, outro, pois tamén aceptariamos outra emenda. Ou, se nunha lei de carácter autonómico dicimos que a competencia é exclusiva de Galicia, xa aceptariamos outra emenda. Pero iso debérono de meter vostedes no pacto que teñen subscrito con Pedro Sánchez, porque non é unha lei autonómica a que pode definir a competencia, porque nós exercemos as competencias en augas en base ao noso Estatuto de autonomía.

Señor Bará, daríanos para unha intervención moi longa falar sobre as fórmulas de xestión da auga, falar como unha cousa é dicir unha cousa nas emendas e despois facer o contrario cando se goberna, pero, en fin, nós imos quedar cos acordos, de verdade; imos quedar con algunhas transaccións, sobre todo esa que fixemos sobre o programa de acción coas actuacións necesarias para resolver o incumprimento ou minimizar os riscos para cumprir as obrigas dos concellos no tratamento das augas residenciais, pactando un programa de acción que incluirá un plan para o financiamento por parte das diferentes administracións. Que é moi importante o investimento conxunto, porque así conseguimos sumar, sumar recursos de todas as...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REY VARELA: ... administracións.

De verdade, que o BNG e o Partido Socialista falan de proxecto de país, e o seu proxecto de país é votar que non ao que propón o grupo maioritario. Niso coinciden.

Nós imos seguir tratando de pensar nos galegos, imos dicir novamente si a Galicia, si a esta lei que busca única e exclusivamente mellorar a xestión da auga, que é patrimonio non de ningún partido, senón de todos os galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey.

Debate de totalidade do proxecto de Lei de áreas empresariais de Galicia

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade de devolución polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señorías, traemos hoxe a esta Cámara o proxecto da que busca ser a primeira Lei de áreas empresariais de Galicia, respondendo así ao compromiso que fixemos público por parte do Goberno galego de cara a esta lexislatura.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sen dúbida ningunha, calquera texto legal que se debate no Parlamento é dun gran interese, pero eu teño que dicir que este é transcendental. E dígoo porque ten un plus de relevancia, plus de relevancia xa que se trata dunha norma pioneira a nivel estatal. E, por outro lado, porque busca achegar solo ás empresas que queiran instalarse en Galicia e para que poidan poñer en marcha a súa actividade creando e xerando emprego e riqueza na nosa comunidade autónoma.

Estamos ante unha norma clave nun momento como o actual, onde necesitamos reactivar a economía en Galicia, xerar emprego estable e xerar emprego de calidade; e facer Galicia atractiva para que as empresas se implanten no noso territorio.

Esta lei é froito dun intenso traballo, traballo no que contamos coa experiencia dos maiores promotores de solo empresarial de Galicia, que é Xestur e IGVS, o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Está baseado no modelo territorial recollido nas directrices de ordenación do territorio e ademais o texto parte dunha completa diagnose previa. Unha completa diagnose previa da complexidade que supón a xestión do solo empresarial e das posibles alternativas para mellorala, que son precisamente os mecanismos dos que se dota este texto. E, como non podería ser doutro xeito, para elaborar esta norma, tamén tivemos continuas xornadas de traballo con aqueles que son polos que apostan Galicia, que son en realidade os empresarios, aos que quero agradecer a súa boa disposición, entendemento, para que o texto que hoxe comeza súa tramitación sexa posible. E co que buscamos facilitar e garantir a implantación de tecido empresarial en Galicia.

Señorías, coido que todos os grupos que teñen representación nesta Cámara estamos de acordo en que Galicia necesita unha lei de áreas empresariais, e necesítaa por varios moitos: para poder unificar nun só texto un marco normativo disperso, ata o de agora estaba repartido en distintas leis; para poder dispoñer de planificación de solo empresarial a longo prazo, tendo en conta as necesidades futuras do noso territorio, pero tamén da nosa economía; para facilitar a execución das áreas empresariais por fases e atendendo a demanda existente do sector, e poder así axilizar as modificacións na ordenación destas áreas, reforzar a súa xestión e conservación das áreas empresariais.

Polo que, con esta lei, o Goberno galego busca axilización, simplificación, flexibilización, planificación e creación de solo para un sector clave na economía galega, sempre garantindo o equilibrio. O equilibrio entre uso sostible do territorio e o fomento da actividade económica, adaptando a oferta do solo empresarial ás necesidades reais da nosa comunidade autónoma.

Tendo en conta estes importantes obxectivos, esta norma será a primeira que permita crear reservas estratéxicas de solo en Galicia. Unha figura novidosa coa que poder ofrecer de forma máis áxil e eficaz reservas de solo capaces de acoller actuacións empresariais claves; claves e imprescindibles para o desenvolvemento económico de Galicia e que están especialmente pensadas para proxectos que, sen estar previstos no plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, resulten vitais e imprescindibles para a nosa comunidade, co obxectivo de que as empresas se poidan implantar de forma rápida e sinxela. Unha vontade de simplificación que de feito inspira esta norma de lei no seu conxunto. Porque estamos convencidos de que non podemos deixar escapar oportunidades, oportunidades de instalación de empresas no

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

noso territorio, debido a trámites que se demoran no tempo e que non por iso hai unha maior garantía. Sempre coas máximas garantías, tanto dende o punto de vista administrativo como dende o punto de vista medioambiental.

Outra das novidades é que esta lei dará coherencia a todos os instrumentos de planificación do solo. Así mantense o Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia como marco para fixar a localización das áreas; un documento que actualmente recolle 117 parques en 95 concellos e que suman 46,3 millóns de metros cadrados de solo empresarial, e do que xa está en marcha a súa segunda modificación, que inclúe a creación e modificación de solo en 19 concellos.

E créase o Plan estruturante de solo empresarial como un primeiro esquema que fixa por un lado os parámetros básicos de ordenación dunha área empresarial: os viarios principais, os espazos libres, as zonas verdes, os equipamentos, así como as conexións exteriores. E cuxa tramitación será máis áxil, permitindo reducir de 21 meses na actualidade a 9 a aprobación dun proxecto de urbanización; adaptando a planificación do solo ás necesidades reais; evitando as constantes modificacións dos plans sectoriais; e respondendo con rapidez e dinamismo ás demandas do mundo empresarial.

Tamén se introducen novidades nos instrumentos de execución, definíndose cinco ferramentas para o desenvolvemento do plan estruturante. O proxecto de delimitación de fases de urbanización, o proxecto de desenvolvemento e urbanización, o proxecto de urbanización e o parcelamento. E, por último, os estudos de detalle para aqueles casos excepcionais de parcelas de gran tamaño. Cinco documentos que poderán tramitarse e aprobarse conxuntamente como anexos do plan estruturante, pero que se considerarán de maneira independente para facilitar a súa modificación sen necesidade de volver á casilla de saída e tramitar de novo todo o plan dende un principio, que o único que fai é perder o tempo.

Por último, gustaríame destacar a importancia que se lle dá neste texto lexislativo á xestión, á xestión, ao mantemento e á conservación dos parques empresariais, sendo esta unha das demandas trasladadas polo sector na fase de consulta previa. Con este obxectivo, contemplase a creación de entidades de conservación formada por propietarios, polos propietarios de solo industrial, que velarán polo mantemento das infraestruturas e do servizo do ámbito, así como da súa actualización e modernización constante, e que contarán con autorización e achegas económicas por parte dos concellos.

En definitiva, señorías, dende o Goberno galego somos moi conscientes da importancia de que Galicia conte cunha lei de áreas empresarias e de que debemos dotar a nosa comunidade dun marco regulatorio axeitado que permita aproveitar as nosas oportunidades de desenvolvemento empresarial, unha norma que ao mesmo achegue seguridade xurídica aos empresarios.

Por iso traemos a este Parlamento un texto, un texto que contén múltiples medidas. Medidas orientadas a axilizar e flexibilizar a planificación do solo, que permitirán establecer instrumentos destinados a reducir os tempos na súa tramitación e tamén na súa execución. E todo isto mantendo as bonificacións, bonificacións que levamos aplicando dende o ano 2015 e

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que teñen dado un importante impulso, un importante pulo na nosa comunidade ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Bonificacións que, non nos cansamos de repetir, pedimos a outras entidades que tamén desenvolven solo empresarial en Galicia. En definitiva, a nosa aspiración é que esta nova lei sexa un proxecto de consenso e con garantía de futuro.

Agora, o noso desexo, o meu desexo como conselleira, é buscar e acadar o máximo consenso tamén nesta Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde, grazas presidente.

Teño que empezar dicíndolle, conselleira, que esta lei non é unha lei, é máis ben un texto legal feito de retallos onde as distintas partes que a compoñen non supoñen realmente unha innovación lexislativa, senón que o que se pretende é ir remendando outras leis que vostedes aprobaron recentemente.

Especialmente, hai dous fragmentos nesta lei, un que é o remendo da Lei de ordenación do territorio, que aprobaron en xaneiro do ano pasado, e, outro, o remendo á Lei de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica, que tamén aprobaron o ano pasado en setembro.

Nesta proposición de lei a Xunta o que fai é coller ambos os dous textos para volver pasarlle típex e boli co fin de facelas aínda un pouquiño máis neoliberais e un pouquiño máis desregulatorias se cabe. E ese é o fío común que cose as distintas partes deste texto lexislativo, a vontade de implantar un marco regulatorio que permita unha maior discrecionalidade por parte do Consello da Xunta. Máis discrecionalidade á hora de establecer os diferentes tipos de parques como para axilizar tamén os procesos aprobatorios dos mesmos; e tamén máis discrecionalidade á hora de dar subvencións aos concellos e a empresas. É dicir, que esta é unha lei que non arma unha estrutura dun modelo de áreas empresariais para Galicia, senón que o que fai é armar unha serie de mecanismos de decisión arbitrarios para que a Xunta teña a capacidade de tomar calquera tipo de decisión en calquera momento.

Pero vaiamos, antes de nada, señora conselleira, ao que debería ser o xermolo dun proxecto de lei que ten por obxecto, como di o seu título, regular as áreas empresariais de Galicia. O primeiro paso lóxico debera ser preguntarse cal é a situación das áreas empresariais e facer un diagnóstico para tratar de reorientar aqueles aspectos onde existan debilidades e reforzar os espazos de oportunidade. Esta lei non entra en ningún momento a valorar a situación á que ten que dar resposta nin é capaz de establecer obxectivos concretos en base á situación do solo empresarial. Nós cremos que un bo punto de inicio sería, cando menos, avaliar o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galiza, que está aprobado en 2014, e

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

analizar en que medida se desenvolveron e cales foron as dificultades coas que se atopou no seu desenvolvemento. Porque ese plan sectorial prevía incrementar de 18 millóns de metros cadrados en 2012 a 44 millóns de metros cadrados para 2024 a superficie de solo industrial promovida polo IGVS, Xestur e SEA.

Logo de oito anos en funcionamento dese plan sectorial e a tan só dous anos de chegar á data de obxectivo temporal que se marcaba, parece oportuno realizar unha avaliación de cal foi o seu cumprimento e facer un diagnóstico de cal é a tendencia actual en canto á superficie e localización da promoción de solo industrial.

Na emenda á totalidade que presentamos destacamos algúns aspectos que deberan ser obxecto desta reflexión inicial da situación de partida sobre a que se pretende lexislar, e entre eles quero destacar dous. O primeiro que é cal é o grao de ocupación dos polígonos industriais existentes en Galiza. Segundo un estudo de 2018, a Administración galega, a maior promotora de solos industriais, contaba cun grao de ocupación de arredor de 54 % e as administracións locais dun 49 %. E, ¿que nos din estes datos? Que resulta imprescindible establecer unha estratexia a respecto do solo industrial vacante, ese que xa está urbanizado das áreas empresariais que xa están construídas. E, pola contra, o que fai a Xunta de Galiza nesta lei é centrarse exclusivamente no desenvolvemento do novo solo industrial, obviando por completo as actuacións de mellora de conservación e de comercialización das xa existentes. O anteproxecto de lei de feito recibiu numerosas alegacións de asociacións de empresarios, de comunidades de propietarios, demandando corrixir a lei neste sentido e que se amplíe o foco ao conxunto do parque empresarial; e todas esas alegacións foron desestimadas.

Se vostedes tivesen feito unha análise minimamente seria da situación actual, entenderían que non se trata só dun problema de creación de novos solos, senón de avaliar no seu conxunto o xa construído e o que se planifica urbanizar, non como fan nesta lei que onde o plan sectorial se dedica exclusivamente ás novas actuacións.

A lexislación máis avanzada doutras comunidades autónomas xa está asumindo que a promoción das áreas empresariais non se pode limitar á creación de novo solo e que hai que poñer o foco na xestión máis eficiente do actual. Porque, por exemplo, cando un parque empresarial está ao 40, ao 50 % da súa ocupación, iso implica unha repartición maior das cargas aos distintos propietarios, un maior custo de mantemento e de xestión que acaba repercutindo tamén na capacidade que teñen para mellorar as dotacións, para mellorar os servizos, e en última instancia iso repercute tamén nunha peor, nunha dificultade á hora de ser máis competitivos e de atraer empresas.

Pasa o mesmo neste caso que o que pasa co solo residencial, que vostedes só se centran sempre na creación de novos solos, sen atender o parque xa construído porque seguen con esa mirada atravesada sempre, con esa mentalidade especulativa do solo.

E outra reflexión tamén inicial que debería estar como xermolo desta lei é que esta lei ten que abordar a cuestión da deslocalización das empresas e da perda industrial, especialmente nalgunhas áreas e sectores. Hai múltiples factores que determinan a capacidade de competencia e que non se analizan nin se abordan nesta lei. Esta é unha lei que xermina sen diag-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nóstico da situación actual e, en consecuencia, non propón obxectivos concretos. ¿Cales son os obxectivos concretos desta lei, señora conselleira? A ver se vostede é capaz de dicir que pretende con esta lei. ¿Cal é o modelo de áreas empresariais que pretende impulsar? Porque, máis alá de frases xerais sobre a promoción de áreas empresariais, non hai contido no seu discurso. O único argumento con substancia que esgrimiu a consellería para a tramitación desta proposición de lei é que vai servir para a axilización de trámites. Iso pode ser un mecanismo, pero non é un obxectivo, porque unha lei que pretende regular as áreas empresariais de Galiza ten que ir máis alá.

Por desgraza, a mirada curta da Xunta de Galiza só deu para iso, a lei ten apenas dúas finalidades, cativas e turbias: a axilización de trámites para blindarse fronte ao dereito á participación e o aumento da discrecionalidade nas tramitacións e nas subvencións. E, como dicía ao inicio, para iso vaise valer de coser retallos de distintas leis.

A primeira parte do proxecto de lei fundamentalmente é un corta e pega da Lei de ordenación do territorio que aprobaron o ano pasado. Eu, de verdade, que é un sensentido que se dediquen vostedes a copiar e a pegar unha lei que xa existe, e é que a tramitación dos instrumentos de ordenación territorial xa están definidos na Lei de ordenación do territorio e non fai falla que vostedes repitan e copien. Pero é que, ademais, é que hai partes que van copiando punto por punto toda a lei sobre os pasos dos procedementos administrativos. Eu o primeiro que pensei, sinceramente, cando vin esa lei é se quen lles fixo a lei lles cobrou por peso ou algo. Pero cando un entra a avaliar un pouco con máis detemento por que ese copia e pega, pois o que se descobre é que hai pequenos matices no copia e pega. ¿E cales son eses matices? A redución de prazos na tramitación. En principio, a redución de prazos na tramitación non tería que ser un problema de entrada se tivese de fondo, se obedecese a criterios obxectivos e seguise respectando o dereito á participación nos procedementos. Pero é que xustamente a matización que fai a Xunta é recortar aí; non recorta por exemplo nos prazos que teñen que ver co órgano ambiental para formular informes, eses prazos non se tocan, onde meten a tesoira é nos prazos para información pública e a participación doutras administracións coma os concellos. E engaden ademais unha cláusula de excepcionalidade, que, atención, pola cal o Consello da Xunta pode determinar que os prazos reducidos aínda se reduzan á metade sen ningún tipo de criterio nin obxectivo concreto, simplemente que a Xunta considere que é urxente cargarse á metade os prazos. Iso significa que podemos estar falando de prazos de información pública e de audiencia ás deputacións e entidades locais de apenas 10 días hábiles.

A axilización de trámites é no fondo un mecanismo que está impoñendo a Xunta para blindarse fronte á participación pública e a discrepancia sobre o que poidan facer. Por tanto, boa parte deste texto legal ten por obxecto recortar aínda máis unha Lei de ordenación do territorio que vostedes aprobaron o ano pasado e que recordemos que, cando xa a aprobaron, era un recorte sobre a anterior no dereito de participación na tramitación. Hai un ano que lle meteron a tesoira e agora queren meterlla de novo outra vez máis.

E outro axuste que lle fan con tipex e boli a esa Lei de ordenación do territorio é aumentarlle a cota de arbitrariedade. Porque as leis de ordenación do territorio establecen unha xerarquía dos instrumentos onde o plan sectorial ten que definir o marco xeral do que derivan as ac-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tuacións particulares. E o que fan nesta lei é introducir un mecanismo de excepcionalidade para que se poidan tramitar áreas empresariais que non estean contempladas dentro do plan sectorial —claro, saca peito, pero vou explicar que significa iso—. Poderiamos estar de acordo con que se podería dar certa flexibilidade ao propio plan sectorial dentro duns criterios xerais, pero o que dispoñen vostedes non é iso, é a pura arbitrariedade. Porque o único criterio para poder desenvolver unha área empresarial, á marxe do plan sectorial, é que a propia Xunta a declare estratéxica, declaración que non ten obxectivos concretos ningúns. É dicir, que a Xunta reserva para si a potestade para saltar á toureira o plan sectorial que ordena as áreas empresariais cando queira e sen xustificación; e que ademais lle permitiría a reclasificación e recualificación de solo. É dicir, que en lugar de reforzar o carácter estruturante dos plans sectoriais, o que están facendo vostedes é deixándoos na práctica sen efecto.

E para facernos unha idea do que pode significar isto, temos un exemplo recente deste *modus operandi* que pretende implantar a Xunta a semana pasada. A semana pasada Rueda defendeu que había que validar a tramitación por parte do Estado de dous parques eólicos que non estaban contemplados dentro do correspondente plan sectorial. ¿E cal foi a xustificación? ¿Cales foron os criterios que se deron para saír do plan sectorial? Non foi o interese público. A única xustificación era que había que abaratarlle a factura eléctrica a unha empresa; é dicir, que isto é o que pretenden, que o interese dunha empresa, o interese privado dunha empresa —por certo, só dalgunhas, as que vostedes elixan— van estar por riba dos plans sectoriais. *(Aplausos.)* E na práctica o que están deseñando é un mecanismo que vai favorecer a interrelación e a permeabilidade entre os grandes intereses empresariais e o Consello da Xunta e o partido que sustenta o Goberno. Porque destes mecanismos de suposta axilización e discrecionalidade non vai participar a maioría do empresariado, senón que van quedar reservados para unha elite empresarial coa que vostedes teñan contacto. O Consello da Xunta adquire así unha cota de maior poder sen mecanismos de contrapeso, porque ademais se cargan criterios mínimos de participación; impiden que as administracións locais se poidan opor porque lles quitan competencias na tramitación administrativa. E isto é unha gran lei para as portas xiratorias. De feito, ¿adiviñan de quen son os parques eólicos de quen acabo de poñer o exemplo? *(Aplausos.)* ¿De quen son os parques eólicos que se van facer á marxe do plan sectorial? *(Aplausos.)* Si, de Greenalia, a mesma empresa na que se senta a exconselleira de Medio Ambiente e que ademais a recibiron coas portas xiratorias ben abertas dicindo dela que era un gran valor porque conta cunha contrastada experiencia nos novos modelos de bo goberno. Velaquí os novos modelos de bo goberno do Partido Popular, traballar as portas xiratorias. Si, porque xa o fixeron noutras leis e agora fano coas áreas empresariais. Están pragando a lexislación deste mecanismo de arbitrariedade que destrúe a planificación territorial e que aboa a corrupción e as portas xiratorias.

E outro paralelismo máis coa Lei de ordenación do territorio e, en xeral, con toda esta vaga de normas desregularizadoras é a utilización de mecanismos opacos na tramitación da lei para evitar o debate e a resposta social. Porque daquela na Lei de ordenación do territorio o Partido Popular, o Grupo Popular meteu unha emenda fóra de prazo a petición da patronal eólica. E desta xa fixeron público... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, efectivamente, e en fóra de prazo— ... que introduciría unha emenda que prioriza a tramitación dos parques eólicos que cumpran cunha serie de condicións de fixación de prezos. E son vostedes bastante trileiros porque, en lugar de formular iso dentro da propia lei, claro, pre-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tenden metelo despois como emenda porque así evitan o pronunciamento e a participación da cidadanía, das distintas administracións, dos restantes departamentos; e, en última instancia, evitan que a propia oposición poida emendar ese texto.

E xa analizamos o primeiro retallo do que está formado a lei, que é a Lei de ordenación do territorio tuneada en versión máis neoliberal. Esa segunda parte da lei busca solucionar algúns problemiñas xurídicos da Xunta a través da modificación da Lei de simplificación administrativa que aprobaron hai menos dun ano. Mediante unha disposición derradeira segunda desenvolven todo un capítulo novo para esa lei no que se pretende regular os concellos emprendedores. Din vostedes que veñen facilitar trámites, pero en realidade, vendo esta lei, creo que son uns *cracks* nas chapuzas xurídicas tramitando leis a remendos. Como digo, esa segunda parte da lei non é resultado dun obxecto xeral da Lei de áreas empresariais, senón que o único ao que responde é a necesidade que ten a Xunta neste momento de dar resposta ante a condena do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que fixo en novembro a Xunta, onde se dicía que o programa dos concellos emprendedores é un mecanismo para discriminar concellos na solicitude de axudas. E o que fan agora é desenvolver ese convenio sobre que se condenou e convertelo en lei, pero que non muda e que segue sendo un mecanismo de discriminación dos concellos.

O funcionamento do que propoñen vostedes sería o seguinte: todos os concellos que pretendan acceder á convocatoria de subvencións ligadas coa implantación e funcionamento de iniciativas empresariais, coa mellora do emprego, coa formación, coa conservación e mellora de infraestruturas ligadas a solo empresarial e un longo etcétera, todos os concellos que queiran acceder a esas axudas, se non queren verse penalizados e excluídos de acceder a esas axudas, deben modificar obrigatoriamente a súa fiscalidade municipal para reducirlle até un 95 % o imposto sobre bens inmobles, o imposto sobre actividades económicas, o imposto sobre as construcións, instalacións e obras, para calquera nova implantación dunha empresa, incluso se apenas é unha ampliación das instalacións. Por tanto, o que se establece é un mecanismo de chantaxe aos concellos, ao obrigalos a modificar así a súa autonomía fiscal se queren acceder a calquera tipo de subvención ligada coa actividade empresarial e o emprego.

Non só é unha chantaxe aos concellos, senón que as propias empresas tamén se verían afectadas á hora de solicitar as subvencións, xa que tamén dependen de se esas están localizadas nun concello emprendedor que teña rebaixas fiscais ou non. A Xunta desta forma o que fai é penalizar as empresas que se atopen nun concello que non queira ou non precise de aplicar esas rebaixas fiscais. O único modelo que fomenta o Partido Popular con isto é o da baixada de impostos sen criterios económicos, porque poderían polo menos dirixir e establecer criterios a esas deducións cara a un modelo de áreas empresariais concretas; pero non, é a baixada de impostos sen ningún tipo de dirección.

En conclusión, o primeiro remendo servía para acurtar trámites acurtando dereitos e para lexislar a arbitrariedade aboando as portas xiratorias; e este segundo remendo serve para deseñar un modelo de discrecionalidade na concesión de axudas. Por iso presentamos unha emenda á totalidade na que rexeitamos a formulación que se fai por ser unha involución democrática e un proceso contra o público, e na que propomos ademais nesa emenda á tota-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lidade algunhas das liñas alternativas nas que pensamos que habería que traballar para que esta proposición de lei fose realmente unha lei con vocación de establecer un modelo de futuro das áreas empresariais. Como digo, rexeitamos esta proposición de lei por ser un paso atrás e sobre todo por ser unha oportunidade perdida para este país.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno agora para o pronunciamento da emenda dos voceiros dos grupos parlamentarios non emendantes e fixar a súa posición. *(Pausa.)*

Ten, en primeiro lugar, por 15 minutos o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes a todos e a todas.

Comezamos o mes de xuño coa noticia dunha baixada do índice de produción industrial en Galicia no mes de abril do 8 %, en comparación co mesmo mes do ano 2021, segundo os datos do INE. Galicia situábase como a comunidade autónoma de todo o Estado onde máis caía a produción industrial no cuarto mes do ano, mentres que a media nacional rexistraba unha baixada do 0,4 %, pasa a estar 5 meses en positivo. No que vai de ano a produción industrial galega diminúe un 6,5 %; e, se se compara cos datos do primeiro cuadrimestre do ano 2021, mentres en España se subía o 2 % cunha fenda de 8 puntos entre Galicia e o Estado. Por outra banda, vemos como o segundo informe da consultoría B&B un total de 46 empresas abandonaron Galicia no primeiro trimestre do ano para asentarse noutros territorios do Estado. Unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen e isto tradúcese na perda de aproximadamente 26 millóns de euros mensuais.

Ao longo de 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios 113 empresas. Entre 2013 e 2019 marcharon de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban sobre 1.000 millóns de euros. O crecente proceso de deslocalización industrial afecta a sectores como o de compoñentes eólicos, sectores da industria do metal e, máis preocupantemente, ao sector da automoción na comarca de Vigo.

Seguimos sen apostar polo investimento de I+D+i para chegar a unha porcentaxe do PIB galego que nos faga competitivos con respecto aos nosos veciños; pero a Xunta de Galicia segue a mirar para outro lado.

Esta é a realidade económica e industrial de Galicia e, por moita lei que escriban, isto non traerá consigo ningún efecto máxico *(Aplausos.)* se o Goberno galego se nega a xestionar e utilizar as competencias a nivel económico, industrial e de xestión do territorio que teñen á súa disposición.

Señorías, o obxecto básico da Lei das áreas empresariais de Galicia —como dixo a conselleira— é regular a planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico; o fomento do acceso ao solo empresarial de titularidade

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autonómica; a xestión e conservación das áreas empresariais de Galicia; e a condición de concello emprendedor. A planificación e ordenación das áreas empresariais de interese autonómico realízanse mediante o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia; os plans estruturantes de ordenación de solo empresarial nas dotacións cando son de promoción pública; e os instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio cando son promoción privada.

Esta lei, este proxecto de lei, desde o noso punto de vista, minusvalora as corporacións locais, deixando o noso territorio baixo a Administración da Xunta de Galicia con competencias territoriais e urbanísticas para case todos os usos non residenciais.

Desde o ano 2009, coa chegada de Feijóo como presidente de Galicia, a Xunta caracterizouse en referencia á ordenación do territorio e urbanismo en facer pouco e pasar do tema ás veces. Neses anos só se limitou a xestionar o que deixou feito o Goberno de Touriño, do que se levan aquí decotío e sempre para mal: pecharon a tramitación das Directrices de Ordenación do Territorio que deixou case rematada aquel Goberno bipartito progresista, pero pechounas a cal e canto, tanto que pechou toda previsión de planificación territorial, perdendo toda a súa finalidade esencial.

O Goberno galego non avanzou nos plans territoriais que este imprescindible documento programaba, máis aló dos que se estaban a rematar durante o bipartito, como son o Plan do litoral e, precisamente, o Plan de áreas empresariais, mentres autonomías como o País Vasco planificaron e desenvolveron o seu territorio e as súas directrices de ordenación do territorio como estaba previsto. Así, de 15 plans territoriais no País Vasco programados fixeron 14 e outros 10 plans sectoriais. E no ano 2019 aprobaron as súas segundas directrices de ordenación do territorio para os complexos vindeiros anos que estamos a sufrir. Iso chámase xestión, iso é xestión.

Pasaron trece anos e chegou a coronavirus coa crise que derivou dela, chegou a guerra de Ucraína e a posterior crise de prezos, e agora dende o Goberno galego espertan porque saben que con non facer nada, non prever e non intervir no territorio resultará insuficiente.

A Xunta dáse conta de que no contexto da Unión Europea os territorios, independentemente de que os seus gobernos sexan conservadores ou progresistas, se non espabilan poden perder os fondos Next Generation aos que poden aspirar, algo que é algo esencial para Galicia, polo que cómpre que o Goberno galego xestione rápido e ben. *(Aplausos.)*

Había unha necesidade por parte do empresariado galego de contar cunha normativa que regulase tanto o desenvolvemento do solo empresarial como as relacións dos propios empresarios cos seus polígonos industriais, e destes empresarios cos concellos aos que pertencen. Para iso esta nova lei debería recoller a necesidade de regular a relación entre a Administración local e a entidade de xestión, conservación e modernización.

Ás veces son os propios empresarios alí instalados os que se fan cargo do mantemento, mais xorde un problema engadido, que é que unha entidade privada, como pode ser unha comunidade de propietarios ou similar, actúan sobre un ben público, como son os viais, as lumi-

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

narias, as zonas verdes, etc., sen ningún convenio que o regule. E isto pode xerar un grave problema en caso de que haxa un accidente ou un sinistro.

Para resolver esta problemática, a normativa ten que recoller a necesidade de que os concellos se fagan cargo do mantemento e conservación das súas zonas industriais. E, no caso da imposibilidade ou negativa para facelo, teñen a obriga de subscribir un convenio de colaboración coas entidades de xestión que para tal efecto se constitúan. É dicir, necesítase a creación dun órgano que revise, xustifique e avale esta obriga dos concellos a subscribir o convenio de mantemento e conservación, que podería ser perfectamente o IGVS.

Nestes trece anos de goberno do Partido Popular tivo vixentes os plans sectoriais de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2014. Co fin de axilizar o desenvolvemento do solo empresarial, aproba a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia. Esta lei de 2017 incorpora unha primeira regulación específica de réxime xurídico de solo empresarial. Pero o problema non era a lexislación, o problema era a falta de xestión.

Posteriormente puxeron en marcha outra nova lei sobre a mesma temática, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que substitúe a de 1995 e cambia a denominación dos «proxectos sectoriais» como «proxectos de interese autonómico». Pero o problema non estaba na lei, o problema era a falla de xestión.

Todas estas leis están encamiñadas a flexibilizar a planificación e agora a Xunta trae este documento, o Proxecto de lei das áreas empresariais de Galicia e faino co convencemento de que as características especiais de desenvolvemento do solo empresarial, como operacións de transformación urbanística, exixen un tratamento diferenciado da lexislación territorial, da lexislación urbanística e da lexislación ambiental.

Os socialistas somos conscientes da excepcional situación da crise económica internacional que estamos a sufrir e o marco dentro da Unión Europea no que temos que xestionar o noso país. Somos conscientes de que o que hoxe traen aquí é froito do desleixo dos trece anos de goberno do Partido Popular, e entendemos agora as súas présas ante oportunidades que se poden perder por esa inacción.

Nós non imos poñer ningún pau nas rodas do seu Goberno, aínda que non compartamos a súa falla absoluta de xestión. Dámos a benvida ao Partido Popular a entender que se pode xestionar o territorio dende o público. Benvidas as áreas empresariais de interese autonómico de xestión pública; benvida a tan demandada coordinación básica entre as administracións sectoriais autonómicas, aínda que só sexa para actividades económicas; benvidos os plans estruturantes de ordenación de solo empresarial e todo o que sexa avanzar en dous niveis de intervención: o estratéxico e o de detalle, aínda que só sexa para actividades económicas.

Dende o Partido Socialista cremos no desenvolvemento sostible, racional, produtivo e eficiente do territorio de acordo coa Constitución e a colaboración entre administracións, de aí que entendamos que non se pode eliminar nesta lei os concellos e as deputacións.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cremos que é preciso dotar de medios humanos, fundamentalmente os concellos, que son as administracións máis pegadas á cidadanía e que en Galicia é especialmente urxente, xa que esta deficiencia de medios humanos e materiais non permite a necesaria relación coa veciñanza. A resposta a esta deficiencia é necesaria para a cooperación e coordinación entre administracións en materia de ordenación do territorio.

Por todo o dito dende o Partido Socialista, conscientes da situación de crise que estamos a vivir e da falla de xestión deses trece anos de Goberno continuados do Partido Popular, non imos ser acusados de paralizar este proceso. Votaremos abstención neste trámite e presentaremos aquelas emendas que consideremos necesarias para enriquecer este texto lexislativo, recordándolles que os textos en si non teñen un efecto máxico para solucionar os problemas, isto só se soluciona con xestión.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Benvida, señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Moitas grazas pola explicación desta lei, da Lei de áreas empresariais de Galicia. E tamén moitas grazas pola inxente cantidade de leis que está a tramitar vostede na súa consellería ultimamente, froito dun traballo moi importante, e por iso dende o Grupo Parlamentario Popular lle queremos dar as grazas polo traballo que están a facer dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. *(Aplausos.)*

E hoxe, señorías, debatemos nesta sesión a conveniencia da Lei de áreas empresariais de Galicia, e, unha vez máis, vemos a oposición frontal do Bloque Nacionalista Galego, que se opón a unha lei e temos que escoitar aquí palabras como «remendos». Eu, señora Fernández, que vostede xa tramitou algunha lei, paréceme un insulto falar de remendos das leis, un insulto para a actividade parlamentaria lexislativa que facemos todos os deputados e deputadas igual que o Goberno. Un pouco de respecto pola institución na que vostede e máis eu estamos, señora Fernández.

Mire, o que amosa vostede é un descoñecemento total do sector e da situación das áreas empresariais en Galicia. E esta lei é froito da experiencia da aplicación doutras leis, como si a Lei de ordenación do territorio do ano 1995, a Lei de simplificación administrativa recente do ano 2021, a Lei de implantación empresarial do ano 2017 ou a nova Lei de ordenación do territorio do ano pasado. E é froito desa experiencia e é froito tamén das demandas que a Federación Galega de Parques Empresariais lle fixo ao Goberno da Xunta de Galicia e tamén a este grupo parlamentario. Eu, claro, é que vostedes como están en contra de calquera actividade empresarial, en contra da empresa en Galicia, eu entendo que para vostedes non é

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

necesaria esta lei. Claro que non é necesaria porque vostedes o único que amosan unha vez máis coa súa emenda á totalidade é estar en contra de calquera implantación empresarial que se queira instalar na nosa comunidade, señora Fernández.

E vostedes o que fan, *copy paste* fano vostedes, fano vostedes. Porque o argumentario o escoitaba antes na Lei de augas de Galicia e o escoitaba agora; teñen un argumentario, o manual de deputado do Bloque Nacionalista Galego que lle dan ao empezar a lexislatura, e vostedes sácano en todas e cada unha das leis. E as leis... o seu argumentario é a palabra espolio, os amigos das empresas, a falta de información pública... É todo unha mentira, unha falacia, o que mostran vostedes é un descoñecemento absoluto, señora Fernández. *(Aplausos.)*

E antes de entrar na explicación da lei, señor Ojea, falar da baixa produción industrial cando temos Alcoa pechada por un prezo da luz desorbitado, a máis de 200 euros o megavatio/hora, falar de baixada de produción industrial é un pouco ter bastante cara. Eu doulle datos de empresa, datos do Observatorio de Emprego, que é da SEPE. Non sei se lle vai valer este dato, porque ultimamente están a cuestionar moitos datos que as súas propias institucións publican. Maio de 2021, 80.252 empresas en Galicia. Maio de 2022, 81.540 empresas. Un 2,58 % máis, por tanto eu rógolle que actualice os datos, señor Ojea, porque parece ser que non os ten ben.

Miren, a finalidade desta lei, señorías, pódese resumir no seguinte: en simplificar e flexibilizar os procedementos de ordenación e execución do solo empresarial para adaptar a oferta de solo ás necesidades de empresas, en axilizar os trámites para a aprobación dos instrumentos necesarios para a súa implantación, en xerar un marco regulatorio axeitado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial; en fomentar a creación de reservas estratéxicas de solo que permitan en prazos máis breves a implantación de iniciativas empresariais; e unha finalidade moi demandada polos empresarios como é a creación de entidades para a conservación, xestión e modernización de áreas empresariais urbanas constituídas polos propietarios das parcelas que con autorización e achegas económicas do concello velarán pola conservación das infraestruturas, dotacións e servizos do ámbito. E, en definitiva, señorías, a creación da primeira lei de áreas empresariais de Galicia para axilizar e flexibilizar a planificación e a creación de solo para as empresas.

E gustaríame destacar, aínda que a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda explicou pormenorizadamente a lei, as novidades que introduce esta lei, como é a creación do novo instrumento de ordenación do territorio, que é o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial, co fin de adaptar a execución das fases dunha área empresarial ás necesidades da demanda, dunha forma áxil e flexible para así responder ás necesidades de rapidez que exixe o mundo empresarial nos tempos actuais.

E a idea, como vostede dicía, señora conselleira, é que o prazo de aprobación dun proxecto de urbanización nun ámbito para adaptarse á demanda de solo antes tardase 21 meses e, coa aprobación desta lei, pase a levar 9 meses.

E outra novidade é a xestión e conservación das áreas empresariais. Que con carácter xeral o mantemento e conservación das infraestruturas corresponde aos concellos dende a recep-

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción das obras de urbanización, pero na lei proponse a creación das entidades urbanísticas de conservación das áreas ou parques empresariais situados en concellos que carezan de recursos suficientes para o mantemento da urbanización, e que contarán coa contribución económica do concello correspondente.

E outra novidade deste proxecto de lei materialízase na elevación de rango de lei da figura dos concellos emprendedores que provén do acordo coa Fegamp do ano 2017, que dende a súa posta en marcha existen 151 concellos emprendedores. Aquí hai uns minutos escoitabamos como non acordamos coa Fegamp. Aquí hai un acordo coa Fegamp, cun protocolo firmado no ano 2017 e tampouco lle vale. Aos señores do Bloque Nacionalista Galego non lles vale un acordo coa Fegamp.

Miren eu, señora Fernández, vou dar resposta detallada á emenda de totalidade que evidencia unha vez máis o seu sectarismo contra a empresa privada e vou ir punto por punto.

Falan vostedes na súa emenda de falta de diagnose inicial. Estas afirmacións o que evidencian é o descoñecemento por parte do Bloque Nacionalista Galego dos verdadeiros problemas da xestión do solo empresarial e das posibles alternativas para solucionalos.

Miren, señora Fernández, para a elaboración da lei tívose en conta a experiencia dos maiores promotores de solo empresarial de Galicia, que son Xestur e o IGVS, tanto a nivel de comunidade como a súa experiencia nas actuacións de planeamento e de execución das áreas empresariais promovidas por concellos, [...] e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, dos que o IGVS, señoría, tramitou os correspondentes instrumentos de ordenación do territorio.

E nesta diagnose inicial constatáronse 4 factores que condicionan o desenvolvemento urbanístico de solo destinado ao uso empresarial. E estes 4 factores son:

En primeiro lugar, que as operacións de transformación urbanística de solo necesarias para poñer no mercado parcelas de uso empresarial resultan economicamente deficitarias ou incluso non xeran unha rendibilidade económica que garanta o seu desenvolvemento mediante a actividade da iniciativa privada.

En segundo lugar, resulta moi difícil prever as características das parcelas de solo empresarial necesarias para a satisfacer a demanda futura de solo urbanizado. As condicións das parcelas demandadas varían notablemente, señorías, tanto dende o punto de vista das súas dimensións, como dende o punto de vista dos seus usos, xa que o concepto de uso empresarial é moi amplo e engloba usos diversos con exixencias específicas moi diferentes.

Dados os tempos de desenvolvemento dos instrumentos urbanísticos e dos instrumentos de execución das súas determinacións, en terceiro lugar, é precisa a creación dunhas reservas estratéxicas de solo que permitan en prazos máis breves a implantación de iniciativas empresariais que, doutra forma, buscarían emprazamentos alternativos fóra de Galicia.

E, en cuarto lugar, é difícil saber mediante unha planificación a longo prazo o detalle das implantacións que van ser necesarias. A realidade, señorías, é que o desenvolvemento ur-

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

banístico actual require uns dilatadísimos prazos de execución, que fan que as previsións iniciais resulten obsoletas no momento do remate da urbanización.

E, señorías, necesitamos instrumentos máis flexibles que permiten a adaptación ás necesidades cambiantes no tempo e de aquí a necesidade da creación desta lei. E esta, señoría, é a diagnose que vostede di que falta e que está feita dende a consellería, dende o Goberno da Xunta de Galicia.

E en segundo lugar, di vostede, di o BNG que o enfoque e o obxectivo son errados. Miren, a lei crea os plans estruturantes de ordenación de solo empresarial que unicamente en casos especiais e singulares —atenda ben— poden tramitar unha área á marxe do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, pero sempre de forma xustificada, e seguindo os procedementos ambientais, informes sectoriais e de participación pública que garanten a transparencia e a legalidade de todo o proceso. A lei, señoría, non renuncia a deseñar e propor solucións específicas e innovadoras en canto aos tipos de áreas empresariais, senón que precisamente, partindo das experiencias anteriores, escapa da excesiva categorización que impide a implantación efectiva de iniciativas empresariais.

Señoría, a lei responde a unha necesidade acuciante para asegurar a implantación en Galicia e evitar a deslocalización. As empresas, señorías, non marchan porque a área se chame e ou non se chame tecnolóxica; as empresas non se implantan porque precisan de axilidade e flexibilidade; e por iso, esta lei busca mecanismos que posibiliten e favorezan esta implantación, sendo respectuosos co modelo territorial e buscando un crecemento sustentable.

Di o BNG que esta lei é a consolidación dun marco desregulatorio. Radicalmente falso, señoría; este proxecto de lei non elimina ningunha regulación, non se elimina a existencia de emisión de informes, por parte de ningún dos organismos que deben velar polo cumprimento da normativa sectorial. Só se busca adaptar a oferta de solo empresarial ás necesidades reais deste tipo de solo, establecer os mecanismos que permitan aproveitar as oportunidades que aparezan. Incidir en que a incorporación destas áreas e a tramitación dos instrumentos que as desenvolven seguirán a tramitación, soportarán os mesmos controis, estarán sometidos aos mesmos procesos de tramitación, de información pública e deberán axustarse a toda a regulamentación existente que lles poida afectar.

Di o Bloque Nacionalista Galego, coma sempre, no seu argumentario, que é unha lei opaca contra a participación pública e a cooperación entre administracións. Insisto, non se suprime ningún trámite de información pública, nin un só informe sectorial, ningún trámite de audiencia ás administracións afectadas con respecto á lexislación autonómica. A lei trata exclusivamente de eliminar a redundancia de informes.

Di o Bloque Nacionalista Galego que a lei trata de restrinxir a participación dos concellos. Outro fermoso titular do Bloque Nacionalista Galego, pero que é falso, como todos os do seu manual de deputado do Bloque Nacionalista Galego. Mire, o proxecto de lei outorga aos concellos a capacidade de desenvolvemento das áreas empresariais mediante documentos ur-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

banísticos recollidos na Lei do solo, cando se trate de áreas empresariais creadas e delimitadas no seu plan xeral, sempre que o promotor da actuación non sexa unha Administración distinta dunha Administración local.

Señorías, os concellos seguen mantendo a mesma capacidade de aprobar os instrumentos de desenvolvemento dos proxectos sectoriais que tiñan anteriormente, e a lei só reserva a competencia do Consello da Xunta ou do IGVS para a aprobación destes instrumentos cando a propia Xunta de Galicia ou outra Administración de carácter supramunicipal sexa a promotora da actuación. Parece lóxico, ¿non?, señora Fernández.

Din vostedes que a creación da figura dos concellos emprendedores implica unha falta de diálogo e pon de manifesto a arbitrariedade da Xunta cos concellos. Pero é que é falso: a iniciativa dos concellos emprendedores, como lle dicía antes, é un protocolo de colaboración, provén dun protocolo de colaboración firmado coa Fegamp no ano 2017; e os compromisos alcanzados no protocolo permitiron o establecemento dun marco de cooperación no cal os concellos e a Xunta de Galicia adquiren o compromiso firme de axuntar esforzos, a prol da reactivación e da dinamización da economía, e é unha adhesión voluntaria e hoxe en día hai 152 concellos adheridos. E eu, como concelleira de parques empresariais dun concello que contén o polígono industrial máis grande de Galicia, creo que os concellos temos a obriga de colaborar con rebaixas fiscais, señora Fernández, para atraer empresas, e é que non me pode negar que os concellos recadamos. E di o señor Tabarés que non; si, os concellos recadamos os impostos, recadamos o IBI, o IAE e temos a obriga de fomentar a implantación empresarial nos nosos concellos. *(Aplausos.)* Si, señor Tabarés. E no meu concello fomos uns dos primeiros en adherirnos e claro que somos, e se a Xunta non chega a sacar esta iniciativa, fariámola nós, si, señor Tabarés. Por iso no meu concello o Partido Popular ten dez concelleiros e o Bloque Nacionalista Galego ten cero. *(Aplausos.)*

E falan vostedes de alternativas e falan de impulso económico; e a finalidade principal desta lei é evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio axeitado para traer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial, e disto é obvio que o solo empresarial xoga un papel fundamental na dinamización económica, pero non é a única ferramenta para acadala, e nesta dinamización xoga un papel fundamental o resto de actuacións da Xunta de Galicia, que en materia de economía, industria e innovación se están levar a cabo. E ademais é fundamental non ter un Goberno de Estado que coas súas actuacións provoque o peche de empresas en Galicia.

Miren, falan tamén de novos modelos para as áreas empresariais. O BNG, como alternativa a esta lei, considera que sería necesario establecer unha clasificación das distintas modalidades de áreas empresariais e que definise os obxectivos e os criterios específicos para cada unha delas. Isto é o que din vostedes na súa emenda, que pouco falou aquí, señora Fernández, pero eu como só teño un turno de palabra pois xa falo agora.

Insisto, os intentos de especialización das áreas empresariais que restrinxen o uso previsto nelas non teñen dado o resultado esperado e en moitos casos foi preciso modificar os instrumentos de ordenación para ampliar os usos previstos na área, e eu podo dar fe diso, que teño a experiencia de ter que cambiar usos nos polígonos do meu concello.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E esta lei, señorías, pretende precisamente, mediante a flexibilización na tramitación, adaptar a oferta do solo empresarial á evolución das necesidades, e restrinxir usos pois non adoitaría ser acertado.

E, señoría, remato xa. Esta pioneira Lei de áreas empresariais de Galicia que hoxe comezará a súa tramitación e que, xunto coa Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, coa Lei de ordenación do territorio e coa Lei de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, conforman o marco regulatorio axeitado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial dun modo máis flexible, acurtando os tempos de tramitación e execución e sen menoscabo de ningunha garantía medioambiental.

Agardo, señorías, que no trámite de emendas poidamos conseguir un acordo de aprobación desta pioneira Lei de áreas empresariais de Galicia que poña por riba de todo o beneficio para Galicia e para todos os galegos e galegas.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Réplica, grupo emendante.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Ben, señora Nóvoa, coa súa intervención confírmase que o único obxectivo da lei é a flexibilización, que non hai nada máis, porque vostede dixo «voulle dicir cales son os obxectivos». Flexibilización, pero nada máis, non falou en ningún momento de modelo. E ese é o problema deste proxecto de lei, que nós non dicimos que non sexa necesario, que poida ser interesante, a cuestión é que no momento en que vostedes centran todo na desregulación e se despreocupan por completo por establecer un modelo de áreas empresariais, é unha oportunidade perdida, e ese é o problema que ten esta lei.

E nós cremos que si que podería ter vocación de estruturar o modelo de áreas empresariais a futuro e por iso xa lle advertimos que en todo o proceso de emendas parciais imos traer unha proposta alternativa, porque, ante ese modelo cativo que vostedes entenden que todo se ten que xogar a rebaixas fiscais e a axilizar os tramites, nós cremos que hai que impulsar un modelo, e ese modelo ten que estar planificado en tres aspectos básicos: por un lado, con mecanismos de impulso económico que acompañen ese desenvolvemento de solo empresarial; cunha aposta pola innovación e a planificación dos distintos tipos de áreas empresariais que estean acordes aos novos modelos de produción; e unha aposta tamén por definir criterios territoriais que fomenten a competitividade das áreas ao tempo que melloren a cohesión social e territorial e a calidade urbana destes espazos.

En primeiro lugar, no que ten que ver co impulso económico, esta lei tiña que estar acompañada tamén dunha estratexia e un proxecto ambicioso en termos de promoción

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

económica. A través das emendas parciais, como digo, imos propor toda unha serie de mecanismos que fomenten e favorezan a implantación de empresas ligadas á innovación, á dixitalización, que fomenten a investigación, así como un papel relevante para as áreas afectadas pola reconversión industrial ou pola transición ecolóxica. E, ¿como se pode facer isto, conselleira?, ¿como se pode favorecer este tipo de áreas empresariais? É moi fácil, cambiando a discrecionalidade que vostedes elaboran nesta lei para as empresas amigas por criterios concretos, criterios que orienten a política económica cara a estes obxectivos. Un exemplo, moi simple, vostedes nesta lei queren que a declaración de proxecto singular ou proxecto estratéxico sexa tan ambigua e tan laxa que todo o decidan vostedes dende o Consello da Xunta. Dende o Consello da Xunta van ter a arbitrariedade para decidir que empresa e que proxecto se declara con esta condición. E nós o que dicimos é non arbitrariedade, o que hai que establecer son obxectivos onde as empresas compitan en pé de igualdade e onde haxa unha serie de criterios obxectivos de mirada longa, onde se primen factores de competitividade que van ser chave se queremos adaptar o noso modelo produtivo ante as mudanzas globais, como é o I+D+i ou a investigación.

En segundo lugar, cremos que hai que establecer un novo modelo de áreas empresariais. Sabemos que os procesos de desenvolvemento empresariais están cada vez máis asociados á economía do coñecemento, ás novas tecnoloxías de información e a comunicación. E por iso coñecemento, aprendizaxe e innovación en empresas e institucións e territorio son centrais á hora de ter vantaxes competitivas. E, ademais, estes factores todos nos últimos tempos están incidindo nos modelos de áreas empresariais, e unha lei como esta ten que contemplalo e planificalo. E esta lei o único que fai é chamarlle a todo áreas empresariais sen distinguir nin sequera tipos de áreas empresariais. Non hai ningunha lexislación doutra comunidade autónoma que faga esta auténtica chapuza.

Consideramos que esta lei podería ser unha oportunidade se apostase por introducir, como digo, unha clasificación das modalidades de áreas empresariais, como por exemplo, parques tecnolóxicos, onde se definise tamén para cada un deste modelo de áreas empresariais cales son as necesidades concretas. Por exemplo, os parques tecnolóxicos teñen unha serie de requisitos en termos de servizos de apoio básico, de fomento activo á implantación de empresas de I+D e en canto á capacidade de interacción dos axentes.

Temos tamén a modalidade dos parques científicos e de innovación ligados á produción de coñecemento, que teñen uns requisitos de promoción da especialización, ademais da necesidade de atraer recursos humanos altamente cualificados. Ou tamén un requisito de participación das universidade públicas e dos centros de investigación.

Tamén temos os tipos de áreas de usos mixtos ligados aos entornos urbanos que cada vez se están desenvolvendo máis; de feito, en Cataluña acaban de desenvolver unha lexislación exclusivamente para este tipo de áreas empresariais, que están moitas veces ligados ao vector dixital, e iso fai que teñan unha compatibilidade de usos, con usos residenciais e comerciais que o que están facendo é que este tipo de áreas empresariais, se despracen aos propios entornos urbanos, xerando novos tipos e novos modelos de áreas empresariais en zonas de rexeneración urbana.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes tiñan que estar abordando todos estes tipos de modelo de áreas empresariais e cales son as características específicas en canto a dotación e servizos e a localización de cada un destes.

Por tanto, o obxectivo desta lei, nós entendemos que tiña que ser establecer eses mecanismos que fomentasen a calidade e a excelencia das áreas empresariais. E iso, señora conselleira, a calidade e a excelencia, non se consegue só cun programa de chantaxe aos concellos e de desregulación e limitación da participación pública. A excelencia e a calidade conséguense vinculando as axudas ás exixencias concretas en canto a dotacións e servizos e acompañando, asesorando e creando redes de colaboración entre áreas e empresas.

E acabo xa. O último tamén que debería facer esta lei é establecer criterios territoriais, ao contrario do que fai esta lei, e para iso nós consideramos que é fundamental establecer as áreas funcionais, porque antes de nada cómpre ter un mapa de cal é o mercado de traballo. Se falamos do desenvolvemento das directrices de ordenación do territorio, en fin. O que necesitabamos era desenvolver as áreas funcionais onde se establezan cales son os desprazamentos entre residencia e traballo, e ter un mapa das áreas funcionais que nos permita analizar en cada unha destas as actividades económicas, as tendencias demográficas e as previsións e reservas de solo.

E, por último, unha cuestión tamén que creo que é importante e é que unha lei destas características tamén sería unha oportunidade para establecer criterios de implantación territorial que aunen competitividade e calidade territorial. Por exemplo, esta lei non fala dunha cuestión tan básica como é reforzar a...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ... cooperación territorial —acabo xa— no marco da Eurorrexión, nun modelo de cooperación e complementariedade do propio sistema urbano galego co fin de acadar ventaxes competitivas no contexto internacional, ou a necesidade de facer unha avaliación das vantaxes competitivas do propio territorio galego, que nos permitiría potenciar sectores de excelencia que resultan estratéxicos para o modelo económico deste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Esta lei non aborda nada...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ... das cuestións fundamentais dun modelo alternativo de áreas empresariais. Pero, como digo, no prazo de emendas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ... traeremos unha alternativa ao seu modelo desregulatorio. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos. Comezamos, en concreto, a votación das emendas mantidas e do ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Sométese a votación, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Señor letrado, ¿teño que lelas todas?, ¿o número?, ¿ou vale con que diga...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale.

Sometemos a votación ás emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Votación das emendas formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, pero iso vai despois.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos, polo tanto, agora, en primeiro lugar, a disposición derradeira primeira bis) e a consecuente emenda técnica no apartado 4º da exposición de motivos.

(Pausa.)

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dime o letrado que dixen ben, que hai que votar a disposición derradeira primeira e a consecuente emenda técnica, que, como consecuencia dunha emenda do Grupo Parlamentario Popular, é o que hai que votar, no apartado cuarto da exposición de motivos. *(Murmurios.)* É o que dixen antes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, *(Murmurios.)* bueno, ¿é cal que o problema diso? *(Murmurios.)* ¿Cal é o problema? *(Murmurios.)* Non hai problema. *(Murmurios.)* Pero quero dicir, vamos ver, *(Murmurios.)* a cousa é como era —como dixen eu—, *(Murmurios.)* sorprende... *(Murmurios.)* Si, si, segundo me di o letrado está ben; entón —repito—, vamos votar, en primeiro lugar, a disposición derradeira primeira bis) e a consecuente emenda técnica no apartado 4º da exposición de motivos.

Votamos.

A cousa é complexa, pero estaba ben dito.

Votamos.

Votación da disposición derradeira primeira bis e da emenda técnica no apartado 4º da exposición de motivos do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Faltaba unha.

O señor PRESIDENTE: ¿Faltaba unha? Entón é:

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos en contra, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo e non se aproba a aproba disposición derradeira primeira bis.

O señor PRESIDENTE: E agora, por último, si —que foi onde me trabuquei eu—, temos que votar o ditame da comisión coa redacción resultante das votacións que acabamos de facer. Entón, agora votamos.

Estamos votando o ditame. *(Murmurios.)* ¡Ollo!, claro, porque,... non confundirse.

Votamos.

Votación do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, con este resultado da votación, queda aprobada a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o segundo texto, que era a emenda á totalidade de devolución presentada ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

Votamos a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda a este proxecto de lei, que continúa a súa tramitación parlamentaria.

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración que me fan chegar os grupos —hai un momento que ma trasladaron— e que di así:

«Hoxe 21 de xuño celébrase o Día Internacional das Persoas LGBTI...

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? ¿Non hai un acordo? A min dixéronme que si, que había acordo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Día 28, foi o que dixen, hoxe é 28... *(Murmurios.)* Eu dixen, a ver, a ver, dixen hoxe 28. *(Murmurios.)* ¿Cal é o problema? Está todo ben. *(Murmurios.)* Non, non, eu entendín, bueno, non sei. Bueno, volvemos empezar. *(Risos.)* Volvemos empezar, veña, porque vamos coa declaración que, ¿non hai acordo? *(Murmurios.)* Bueno, a min dinme, fixéronme chegar que había un acordo porque [...], non o sei, ¡ah!, ¿non o hai? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lemos...

Non sei, eu lamento esta descoordinación. A min dixéronme que había acordo; se non, eu non procedería a lela. *(Murmurios.)* Pois síntoo. Chegarán ao acordo logo.

Bueno, pois entón continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Xosé Luís Bará.

Non entendo nada. *(Murmurios.)* Eu non entendo nada. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Continuamos entón coa sesión. E quixera expoñer unha cuestión previa sobre a transición ecolóxica, o Green Deal, o Pacto Verde Europeo, que non é tan verde como o pintan. En realidade ten dúas caras: ten unha cara amábel, unha cara atractiva, que soa ben —ecolóxico, verde, sustentábel, circular, resiliente—, todo marabilloso; e ten outra cara moi discutíbel, polo menos, que é a cara do gran casino, do gran negocio, dos beneficios millonarios para investidores de todo tipo, para especuladores, para a banca, para as empresas. O gran festín do capitalismo, iso si, capitalismo verde e resiliente. E agora co contexto da guerra, co crecemento especulativo, abusivo e artificial do prezo dos combustibles, do gas, da luz, teñen a escusa perfecta para xustificar unha aceleración desta transición que non é tal transición, é realmente unha agresión ecolóxica e contra o medio rural. E ademais con chantaxes, porque utilizan todo tipo de abusos, todo tipo de atallos na tramitación dos proxectos, prescindindo de garantías ambientais e de participación, con fragmentacións fraudulentas con todo tipo de irregularidades —como demostran as sentenzas xudiciais— para acelerar e axilizar os proxectos. E isto estano facendo tanto a Xunta como o Goberno central.

E a última maldade, bueno, a última ou a penúltima maldade que discorreu a Xunta foi a barra libre eólica para as empresas —bueno, para algunhas empresas—, para as empresas amigas do Partido Popular, que poden facer parques eólicos aí onde diga a Xunta do Partido Popular: fóra do plan sectorial, fóra das áreas de desenvolvemento eólico de Galicia. E a estes proxectos ademais non lles afecta a moratoria e son declarados prioritarios e estratéxicos. ¿A conclusión? Toda a terra para as eléctricas, para as empresas amigas do Partido Popular, para as empresas das portas... —das portas non— dos portalóns xiratorios.

E eu non quero darlles ideas, pero a próxima ao mellor é que o Consello de Administración de Greenalia, con Beatriz Mato incluída, se reúna en San Caetano; porque isto é o último invento do Partido Popular e da Xunta: que as grandes empresas e os seus consellos de administración se reúnen na sede do Goberno galego. Ata aí chegamos.

E por iso eu doulle a razón a unha señora que nunha asemblea que se fixo en Lalín, falando desta marabunta eólica, dicía ela: «nin sequera o noso é noso». Efectivamente, porque vía como nas súas propias terras, con todo tipo de abusos e irregularidades, lle estaban chantando os muíños eólicos sen poder facer nada. Esta é a realidade e non se pode dicir máis claro.

E imos ver ademais en detalle como se está desenvolvendo este modelo da chamada transición ecolóxica e do Green Deal, que, claro, é un proxecto, un modelo de grandes empresas que parece que son as grandes benefactoras da humanidade que nos queren salvar do cambio climático. Curiosamente son as mesmas empresas enerxéticas causantes do cambio climático que agora nos veñen salvar da ameaza do cambio climático. E ademais tocounos a lotería porque se queren instalar, queren que Galiza contribúa de maneira máis intensa ca ninguén; en Madrid non, ¡vállame Deus!, en Madrid non teñen nin un só megavatio eólico, pero en Galiza si, que é unha terra privilexiada para a instalación masiva e intensiva. *(Murmurios.)* Si, teñen serras, teñen serras a moreas en Madrid, como aquí e máis grandes; ¿sabe o que pasa?, que en Madrid teñen protexida pola Rede Natura o 40 % do territorio e aquí temos o

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

12. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza, que alí protexen o territorio coa Rede Natura porque xa irá a Xunta do Partido Popular producir enerxía barata para os madrileños. *(Aplausos.)*, que ademais lles pagamos nós parte da factura, porque lles pagamos os custos de transporte que pagamos os galegos e as galegas. Esa é a realidade.

Polo tanto, contribuamos á transición ecolóxica e a salvar o planeta do cambio climático, pero creo que xa contribuímos, estamos contribuíndo bastante máis que outros moitos países e territorios. Cando temos xa o 75 % da nosa produción eléctrica renovábel, con datos da Rede Eléctrica do ano 2020, ou cando chegamos a producir puntualmente no ano 2020 o 100 % do consumo de electricidade con fontes renovábeis. Esa é tamén a realidade, estase facendo unha agresión absolutamente brutal e desmedida ao medio natural e á biodiversidade. E, claro, non se pode combater o cambio climático destruíndo, arrasando con aqueles espazos que son esenciais para previr o cambio climático, para defendernos do cambio climático. Como, por exemplo, os humidais; como, por exemplo, as turbeiras; como, por exemplo, as brañas; como, por exemplo, esas serras, as Brañas do Deo, a serra do Suído, a serra da Groba, que teñen hábitats que son fundamentais para combater o cambio climático.

Polo tanto, se realmente queremos protexernos e defender o cambio climático, protexamos como espazos absolutamente sagrados eses lugares, eses hábitats. Porque a realidade é que xa temos 1/3 dos parques eólicos en Rede Natura e que hai máis de 30 parques en tramitación que lles afectan a espazos de ampliación da Rede Natura que vostedes paralizaron, aínda que puxeron unha disposición transitoria na Lei de aproveitamento eólico que dicía que non se podían facer parques eólicos en espazos de protección da Rede Natura, paralizaron esa ampliación da Rede Natura para poder abrirlles as portas aos parques eólicos e ás empresas amigas. Esa é a realidade, non queren que lles chamemos empresas amigas, pero é que son as empresas amigas favorecidas polas políticas do Partido Popular, que aínda por riba se reúnen na sede en San Caetano. Ata aí chegamos, ¿non?

É si... é que vostedes non se cortan, reúnen os consellos de administración en San Caetano. Temos que dicírllelo aquí, é a realidade, é a realidade. E os consellos, por certo, das portas xiratorias, porque aí hai moitos exministros e exconselleiros do Partido Popular neses consellos de administración; tamén no de Ence, e por iso os favores. *(Murmurios.)*

E ademais... É a realidade, é que iso non se pode negar, está aí. É a verdade. Estou dicindo verdades, verdades como puños, non lles gustan, pero son verdades. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, ¿Isabel Tocino non foi ministra do Partido Popular e está no Consello de Administración de Ence? ¿Carlos del Álamo non está...? ¿Beatriz Mato non está no Consello de...? *(Aplausos.)* Non son verdades como puños e podería falar de moitos máis, tamén doutros partidos, por certo.

É un ataque ao rural, o que están facendo é un ataque ao rural. É unha agresión ao rural, é a maior agresión ao rural en cincuenta anos a que está facendo o Partido Popular con esta marabunta, con este ciclón, con esta cicloxénese eólica que lle está afectando a amplas zonas do país. Porque ademais concéntrase en zonas determinadas do país con parques que son

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moito máis grandes, e con parques sobre todo, son megaparques, que lle afectan —xa llelo dixen no anterior debate— a terras de produción agrogandeira, a terras residenciais, e por iso a alarma social, por iso a rebelión social, por iso a revolta contra este plan do Partido Popular. Estánllelo dicindo, non só nós, estánllelo dicindo os concellos, estállelo dicindo o Consello da Cultura Galega, estállelo dicindo o Observatorio Eólico e Galicia, estállelo dicindo a Xustiza e estállelo dicindo tamén a Comisión Europea. Recentemente pronunciouse tamén sobre esta cuestión a Comisión Europea.

E o que lles dicimos aquí é que se están equivocando, que hai alternativas, que hai outro modelo de desenvolvemento eólico, que se resume ademais nun slogan: «Eólica si, mais non así». E este modelo alternativo pasa polos seguinte criterios:

Primeiro. Público, de promoción e participación pública, e por iso propoñemos un estudo para a creación dunha empresa pública de enerxía que deixe os beneficios en Galiza. E fágolles a pregunta outra vez: ¿por que unha empresa pública que o 30 % do Estado italiano como Enel pode facer parques eólicos en Galiza, ou como unha empresa pública norueguesa que se chama Statkraft —estado enerxía, enerxía do estado, enerxía estatal— pode facer parques eólicos en Galiza e nós non podemos ter unha empresa pública que promova proxectos enerxéticos renovábeis en Galiza? Explíqueme por que.

O segundo. Ten que ser un modelo conservacionista do medio, da biodiversidade, que é o principal escudo que temos contra o cambio climático. Dicíao tamén o presidente da Comunidade de Montes de Vincios. Que estaba dicindo: nós estamos facendo monte renovábel e resulta que nos queren facer aquí un parque eólico renovábel para destruírnos o monte renovábel. É que é un sinsentido absoluto, é un sinsentido absoluto.

Vostedes presumen de ser conservadores, pero son conservadores dunha nova especie, son conservadores-depredadores. E nin sequera iso, son axentes... Agora chámanlles os agapitos. Os agapitos son os axentes das empresas eléctricas que arramplan coa nosa riqueza.

É necesaria unha nova zonificación do país que sexa máis restritiva que a actual. Cantabria fíxoo. Estableceu que só o 3 % do territorio podía ser obxecto de explotación de aproveitamento eólico.

É necesario fomentar a socialización e a democratización da produción e do consumo de enerxía. Iso sábese como se pode facer, xa se está facendo en moitos países europeos que son líderes nesta materia, en autoconsumo, en tellados solares, en comunidades enerxéticas locais. ¿Sabe cantas comunidades enerxéticas hai en Alemaña? No ano 2020 había 1.750. En Dinamarca, 700. Nos Países Baixos, 400. En Galiza hai neste momento, aínda non están feitas, en proceso, 3. ¿E sabe por que? Porque vostedes non cren nese modelo e nós si. E por iso propoñemos nesta iniciativa a creación de 40 comunidades enerxéticas nas comarcas do país para que sirvan de modelo de espello para a expansión desta produción propia de enerxía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ... para o autoconsumo máis barata e poder incluso vender parte desa enerxía.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por último, que sexa xusto para o rural, a favor do rural porque o actual é contra o rural.

E remato xa dicindo que o BNG defende un novo modelo eólico de participación pública, xusto, sustentábel, descentralizado e que xere beneficios para o país, para as pemes, para os fogares e para a maioría social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Hoxe debatemos unha moción que deriva da interpelación feita polo BNG ao conselleiro de Economía, Industria e Innovación sobre o sector eólico galego.

O conselleiro falábanos unha e outra vez sobre o Plan eólico galego da Xunta de Galicia, unha cuestión sobre a que realmente deberían aclararnos e dicirnos claramente cal é ese Plan eólico de Galicia, fundamentalmente para que a cidadanía en xeral teñamos un coñecemento real, porque temos unha Xunta de Galicia que vai modificando e aprobando normas segundo lle conveña.

En 2009 Feijóo puxo as bases da política eólica do Partido Popular. Inicialmente anulando irregularmente o concurso eólico do bipartito, establecendo por lei que non se poderían autorizar parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción da repotenciación de parques en funcionamento.

En 2021 é verdade que xa o modifican e na Lei de reactivación económica engaden que tamén se permitirán parques fóra das áreas previstas no Plan eólico a aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta. É dicir, aqueles que a Xunta considere convenientes.

O pasado 23 de xuño, é dicir, hai uns días, o Consello da Xunta acorda impulsar a tramitación de 2 parques: o de Orzar, con 56 megavatios, e Tornado, con 67,2 megavatios, nas comarcas de Carballo e Ordes, e autorízanse fóra das áreas eólicas, fóra das áreas eólicas, inaugurando esa excepcionalidade que aprobaron no ano 2021. Unha casualidade que ademais os dous son da enerxética Greenalia, esa onde está a señora Mato, que antes era conselleira e deputada neste Parlamento do Partido Popular.

Tamén resulta curioso que resulta que agora o Partido Popular se atribúe o impulso destes dous parques, sabendo que son parques de competencia estatal. Pero é que, ao mesmo tempo, exíxelle ao Estado que axilice a súa autorización. Todo isto 15 días despois de que os deputados e deputadas do Partido Popular trouxeran a este Parlamento unha iniciativa para deixar sen efecto o artigo 6 do Real decreto 6/2022, que precisamente establece un procedemento de determinación de afección ambiental para proxectos de enerxías renovables.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E quérolles recordar que é un artigo aliñado coas últimas recomendacións da Comisión do 18 de maio de 2022 para os proxectos de enerxías renovables, e aliñados tamén coa proposta da nova directiva sobre este tipo de proxectos no paquete REPowerEU. Un artigo que establece un procedemento de determinación de afección ambiental para proxectos de enerxías renovables cunha vixencia temporal taxada, cun contexto moi determinado (a invasión de Rusia da Ucraína), que pretende axilizar o despregamento daqueles proxectos de enerxías renovables que de por si comportan menos impacto ambiental, contribuíndo a acelerar a descarbonización da economía española, a reducir a dependencia enerxética do exterior no contexto xeopolítico provocado pola invasión de Rusia a Ucraína, que está provocando, como todos sabemos, un incremento exaxerado do prezo da enerxía e repercutindo nos petos de todos e de todas. E ademais intentando acelerar a concesión de parques eólicos vinculados a proxectos industriais.

Resulta bastante curioso, unha mostra máis desa hipocrisía política do Partido Popular. É dicir, se autoriza a Xunta de Galicia é correcto, pero, se o fai o Estado, confrontamos.

O Partido Popular trae iniciativas para ir en contra e deixar sen efecto. A verdade é que me gustaría que o explicaran, porque, por unha banda, piden que se axilice e, por outra banda, piden que se deixe sen efecto. É unha hipocrisía política, unha hipocrisía política, señores e señoras do Partido Popular.

Pero é que non acaban aquí as súas incongruencias. É que resulta que o 25 de xuño, hai tres días, a señora Candia pide ao Goberno de España que copie o modelo da Xunta. Mire, que copie o modelo da Xunta, si, a señora Candia, e que facilite os trámites dos eólicos da súa competencia para subministrar enerxía para Alcoa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro, ¿pero vostedes están de coña? Ou sexa, por unha banda queren deixar sen efecto un artigo polo que se acelera e, polo outro lado, queren... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ... piden que se acelere. Home, de verdade, vostedes están de coña ou queren seguir confundindo a cidadanía.

Por favor, señora Marta Nóvoa, terá ocasión aquí de falar, pero agora mesmo déixeme falar a min ¡caramba! Vostedes quérennos ata silenciar. Pero non, non nos van silenciar. Non, non o van conseguir. Vale. *(Aplausos.)* Vostedes queren seguir confundindo a cidadanía e, por un lado, piden unha cousa e, por outro lado, piden outra. Vostedes sempre teñen un argumento para defenderse ou para estar en contra.

A min gustaríame que cando saia aquí vostedes contesten se están de acordo con axilizar onde sexa posible e cumprindo unha serie de requisitos dos parques que teñen menor impacto ambiental ou non o queren. ¿Están de acordo coa transición ecolóxica ou non están de acordo? Paréceme que as señoras do BNG parece que non están de acordo. Pero vostedes dígannos, ¿están de acordo ou non están de acordo? Ou vostedes poñen por riba das necesidades de loita contra o cambio climático ese oportunismo partidario, de partido, para que os beneficie doutra maneira politicamente. En fin, vostedes a verdade é que un día din unha cousa e, xa digo, outro día din a contraria.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia debería aclararse, porque a súa xestión durante trece anos resulta que incrementaron 718 megavatios instalados. É dicir, menos dos megavatios instalados durante o bipartito, señores e señoras do Bloque Nacionalista Galego, do bipartito.

Teñen descontenta a poboación en xeral, que se manifesta en todos os territorios onde se anuncia a instalación dun parque eólico. E tamén os teñen descontentos porque non se preocupan absolutamente en ningún sitio de facer unha explicación clara e concisa do que hai. Non se preocupan de facer unha explicación, porque para vostedes a transparencia nunca foi un principio.

Teñen descontento o sector. Ultimamente saen noticias que din: *La eólica se planta contra la inseguridad jurídica. Laminados en Galicia 1.600 empleos por el parón eólico. La eólica certifica el desplome de la generación de renovables.*

A ver, señores e señoras do Partido Popular, aclárense, é que non teñen contentos nin a cidadanía en xeral e tampouco teñen contentos o sector.

¿Vostedes van camiñar cara esa transición ecolóxica, si ou non? Porque, se o van facer, é hora de que digan como e cando e que o digan dunha vez para deixar de ter esa inseguridade xurídica que solicita o sector, e para que a cidadanía tamén saiba en que lugares, onde van permitir vostedes que se instalen os parques eólicos.

Polo tanto, a integración da enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía é importante. Temos que volver recuperar o potencial industrial que nestas enerxías tivemos no pasado e que perdemos pola paralización destes trece anos do Partido Popular, e xa nos explicarán cales son as razóns destas paralizacións, perdendo ese liderado e con perda de milleiros de empregos.

Galicia foi un territorio cun despregamento anticipado de enerxía eólica, con abundante recurso e con condicións xeoclimáticas favorables, pero agora mesmo as instalacións quedan obsoletas, anticuadas e deterioradas, e provocan que vaiamos perdendo peso e postos nesa redución da nosa dependencia enerxética. Ademais, en Galicia, ademais de contar con estas condicións climáticas favorables, de ter o coñecemento, de ter a formación, hai outros feitos que incrementan as expectativas para as instalacións dos parques eólicos.

Por unha banda, está o desmantelamento das centrais térmicas de carbón, de Meirama e As Pontes, que liberan 2.025,5 megavatios de potencia nos nodos de conexión á rede eléctrica, e que son susceptibles de cubrirse con enerxía eólica. É dicir, liberan megavatios e existe esa conexión absolutamente necesaria para que poida haber parques eólicos.

Hai tamén nestes momentos a posibilidade de financiamento que trae o despregamento do PERTE da enerxía renovable, dos fondos Next Generation, un fondo de recuperación europeo; eses fondos aos que vostedes aluden como unha oportunidade e que lles volvo recordar que vostedes votaron en contra.

E que, ademais, estes teñen como un dos seus eixes prioritarios a aplicación da transición ecolóxica, concepto no que ademais se inclúen as iniciativas ligadas á xeración renovable ou

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os fondos de transición xusta vinculados ao peche das centrais de carbón e que son aplicables nas dúas comarcas afectadas.

Os socialistas estamos de acordo en que hai que aproveitar as sinerxías de desenvolvemento industrial que faciliten novas rendas e postos de traballo sostibles, respectando as demandas sociais, cunha axeitada protección do medio ambiente, do medio agrario e forestal, do patrimonio rural e equilibrando a plena integración das novas iniciativas do desenvolvemento rural.

Si, señoras do Partido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... Popular, onde os novos parques lles deberán exixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalan.

Para os socialistas tan insensato nos parece pretender un desenvolvemento indiscriminado da potencia eólica solicitada en Galicia como optar pola prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica.

Pola miña banda nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grazas.

Grupo parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Vou empezar pola señora Rodríguez Rumbo, porque, mire, eu, señora Rodríguez Rumbo, aquí non estamos de coña. Os deputados normalmente vimos traballar a esta Cámara para facelo moi en serio. E eu o que lle digo *(Aplausos.)*, o que quero é que vostede non faga o ridículo, fundamental, que vostede non faga aquí o ridículo, porque, miren, eu creo que confunde, ese real decreto lei de hai uns meses de sesenta e pico páxinas, agora volven aprobar outro, entendo que é complicado e extenso e non o leu, é que vostede non leu o decreto.

Mire, este grupo e o Goberno da Xunta está en contra de implantar parques eólicos incumprindo a normativa, incluso súa, estatal, eliminando a tramitación ambiental, eliminando a participación pública e a consulta aos órganos sectoriais afectados. E eu, respóndame vostede, dígame como vai saber se un proxecto ten ou non incidencia ambiental se non se consulta os órganos autonómicos que definen ou non se hai unha incidencia ambiental. Dígamo vostede, e a señora Candia e este grupo o que pide é axilización. Si, estamos de acordo, pero

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sen quitar a tramitación ambiental, nin a información pública, nin a consulta aos órganos sectoriais. Aprendan vostedes da Xunta de Galicia, señora Rodríguez Rumbo. Nós levamos anos intentando axilizar a implantación de proxectos na nosa comunidade. Si, a Lei de simplificación administrativa non permite calquera proxecto fóra da área sectorial eólica. Non, señora Rodríguez Rumbo, os que teñen unha especial incidencia cumpren cunhas condicións de traballo e de emprego e por iso na lei de áreas empresariais imos facilitar que Alcoa poida conseguir contratos con empresas que implantan enerxía renovable, pero axilizando, non quitando a tramitación ambiental; e a señora Candia e nós pedimos o mesmo e ao Goberno da Xunta, pero enténdano e explíqueno en Madrid, e non veña facer o ridículo porque levan facendo o ridículo meses; entón ou o fan agora ou o fixeron antes co señor Arangüena, co señor Seco, coa pancarta do ecoloxismo en contra de todos os proxectos eólicos que se queren implantar aquí. *(Aplausos.)* Un pouco de pudor, señora Rodríguez Rumbo. E agora fala vostede de inseguridade xurídica, cando vía decretazo cambian unha lei estatal básica de avaliación ambiental, vía decretazo, e hai tres meses sacan un decreto con dous artigos que dicía: para parques eólicos en zonas de sensibilidade moderada. E agora o que cambian é en zonas de sensibilidad baja. Pero, ¿de que inseguridade xurídica me fala vostede? Vía decretazo cambiando unha lei básica. Se vostedes queren cambiar ou facer unha nova regulación ou axilizar, fágano na Lei de tramitación ambiental e de acordo coas comunidades autónomas, non só para os proxectos estatais. E esgoto o tempo con vostede cando queira, se quere debatemos un pouco máis sobre enerxía eólica.

E vostede fala aquí de non respectar, de que instalamos parques fóra das áreas sectoriais. Mire, eu voulle ensinar un mapa que quero que vexan moi clariñamente, vostedes e o señor Bará. Este é un mapa de depredación, o que instala en máis de cen concellos parques eólicos fóra da lei galega, fóra do plan sectorial eólico de Galicia, máis de 5.000 megavatios que se van instalar, que a Xunta de Galicia informou negativamente porque incumpren a lei, están fóra do plan sectorial ou incluso en Rede Natura e vostedes seguen coa súa tramitación por parte do Estado. E vostedes aquí, nin o Bloque Nacionalista Galego nin vostedes din nada, cero, señorías. *(Aplausos.)* Isto é o que vostede ten que ver. E vaia vostede falarlles a estes concellos de como se van instalar alí os proxectos eólicos.

Mire, señor Bará, vostede fala aquí, vén aquí, un pouco de pudor. Mire, o seu vicepresidente do bipartito tamén se reunía con construtores para falar do eólico, eu aí o deixo. ¿non se reunían? Bueno, vale. Vaia vostede á hemeroteca. Miren, eu creo que vostedes amosan unha vez máis, están en contra da enerxía renovable e en contra de calquera iniciativa privada e deben estar agora a favor do petróleo e do gas ruso, porque iso é ao que parece que queren levarnos. Pero non, miren, vostede só se basea en que a enerxía eólica se é pública non ten impacto. Se a enerxía eólica é xestionada ou implantada en Galicia por unha empresa pública de enerxía non ten impacto medioambiental, pero ¿que seriedade é esa, por favor? Señor Bará, un pouco de respecto pola intelixencia.

Miren, Galicia ten un Plan sectorial eólico, voullo explicar, porque parece que non o entenden. Miren, un plan sectorial eólico é unha das seis comunidades que ten unha ordenación territorial que definen onde si e onde non se poden colocar os eólicos, e dende o ano 2009, e referendado en 2014, non se poden instalar parques en Rede Natura. Vostedes no Goberno bipartito fixérono: seis parques instalaron, autorizaron vostedes en Rede Natura. E a lexis-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lación galega eólica compleméntase coa Lei 5/2019 de patrimonio natural, que outorga a prioridade, a protección ambiental e establece a precaución nas intervencións que poidan afectar a patrimonio natural ou a biodiversidade de Galicia. Eu, señor Bará, lea o Plan director de Rede Natura, no artigo 23 decreta que as turbeiras son áreas de exclusión para novos parques eólicos, non así para a repontenciación ou reparación de parques existentes. No artigo 60.3 tamén se recollen como uso prohibidos os usos eólicos nas zonas húmidas, e por iso a Dirección de Patrimonio Natural informa negativamente todos estes proxectos.

Eu creo que lle falta ler a lei, estudar un pouquiño máis, si, e ver a lei, señor Bará, para poder falar aquí e deixarse do argumentario, do manual de deputado do Bloque Nacionalista Galego do espolio, do ataque á industria, ese argumentario dos amigos das eléctricas e de todo iso.

Mire, señor Bará, falemos en serio. E, mire, Galicia non ten un 40 % protexido fronte á implantación do sector eólico, non, é que temos u 77,5 % do territorio protexido grazas ás leis que lle acabo de nomear. Si, señor Bará, e todas as avaliacións de impacto ambiental se fan pola tramitación ambiental ordinaria, a máis garantista. E non fale aquí de fraccionamento porque, se vostede lese a lei; é que, claro, é que vir falar aquí sen ler as leis, eu que son técnica de profesión, señor Bará, dáme moita, moita rabia, porque non é así. Vostede fala, fala, fala... Lea a lei, a Lei de tramitación ambiental xa analiza o fraccionamento e hai que establecer sinerxías en dous quilómetros arredor dos parques existentes. E por iso aquí todos os parques, todos, non como se fai por parte do Estado, que é a barra libre —e fala vostede de barra libre, barra libre a do Estado—, seguen a tramitación ambiental ordinaria, a participación pública e sometidos a doce informes sectoriais, de Patrimonio Natural, de Augas de Galicia, de Saúde Pública, de... ¡Por favor, señor Bará! eu agardo que fale aquí un pouco máis en serio do sector.

E, miren, Galicia, mal que lles pese, ten un modelo e é o que nos fai ser líderes en enerxías renovables; e vostedes cando gobernaron ese modelo pois nin o cambiaron, senón que o utilizaron para instalar e facer a foto instalando 35 parques eólicos, máis de 800 megavatios, pero ¿quen eran os depredadores? Se un terzo da enerxía eólica que temos instalada en Galicia a instalaron vostedes no seu modelo bipartito coa tramitación iniciada polo goberno do señor Fraga e non cambiaron nin unha coma, ¿entón, daquela non eran depredadores?, ¿é que naquel ano non había medio ambiente en Galicia, non había respecto polo medio natural? Señor Bará, un pouco de respecto.

E, mire, é que a vostedes non lles vale nada. Aquí estableceuse unha moratoria, porque hai 275 solicitudes en tramitación, e tamén están en contra. Incorporáronse máis de 70 profesionais para conseguir tramitar os proxectos con maior axilidade, e vostedes tampouco o valoran. E incluíuse unha nova limitación dos parques, de distancia aos parques, que é cinco veces a altura do aeroxerador, que aproximadamente é un quilómetro para novas instalacións.

Miren, hoxe non o dixo aquí, pero supoño que virá dicir agora, virá aquí a falar do espolio de que non hai retorno. E vostedes cando gobernaron non foron capaces de darlles un euro aos concellos onde se implantaban os parques eólicos, foi este Goberno quen aprobou o canon eólico, que leva recadado máis de 277 millóns de euros, que fan que concellos como o gobernado por vostedes, en Muras, a metade do seu presuposto proceda de impostos da re-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cadación de impostos relacionados co sector eólico. Si, e por iso lle baixan a luz, e paréceme ben, a nós parécenos ben esa iniciativa de que lle baixen a luz aos veciños, pero grazas á recadación do canon, esa é a realidade. Máis de seis millóns de euros leva recadado o concello de Muras en Lugo grazas ao canon eólico da Xunta de Galicia, máis de 6 millóns de euros, o 50 % dos recursos municipais proveñen dos parques eólicos.

E, miren, eu, señor Bará, vostedes teñen unha historia e o seu modelo foi anulado pola xustiza. E cada vez que o digo o señor Tabarés revólvese, pero non, foi anulado, foron tres concursos anulados co aval dos tribunais. Si, señor Tabarés. Eu entendo que vostede estaba naquel famoso modelo. Miren, non estou mentindo, estou dicindo a realidade, non, non. Non, porque eran contrarios á dereita...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... si, señor, tivéronos que retirar e os tribunais avalaron a anulación do concurso eólico do bipartito. Si, señor Tabarés, e iso está aí e é a realidade, e pode vir aquí e vir agora diga que non é verdade. Miren, claro que tramitamos, claro que estamos potenciando o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais, pero ¿dende cando se prohibiron aquí as comunidades enerxéticas locais? ¡Oia! Veña aquí e dígame un concello dos seus, onde gobernan, que promovan unha comunidade enerxética. Eu podo dicir que no meu concello se está agora mesmo tramitando unha comunidade enerxética empresarial de dous millóns de euros. E que terán que presentar as iniciativas, ou é que as imos implantar nós. Veña, veña vostede, o Concello de Pontevedra que promova algunha, pois veña dígallo ao señor Lores. No meu concello estase a promover unha. Tomen exemplo, señor Bará.

Miren, Galicia e a Xunta de Galicia avanza para asumir con responsabilidade o compromiso de chegar a ter emisións netas para o ano 2050 e facémolo convertendo este reto nunha oportunidade para garantir que a través do desenvolvemento das enerxías renovables a nosa industria poida ter unha maior competitividade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... e contribuír ao progreso social e económico do territorio, fronte a un PSOE que liberaliza o sector eólico primando a cantidade sobre a calidade dos proxectos, fronte a un BNG que restrinxe o sector dicindo sempre que non, fronte a eses dous estremos está a Xunta e o Partido Popular de Galicia, que defende un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e xerador de emprego na nosa comunidade.

Votaremos non a outra iniciativa máis do BNG de intentar paralizar o sector eólico en Galicia.

Nada máis pola miña parte. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da moción. Señor Bará.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BARÁ TORRES: Señora Rodríguez Rumbo —cordialmente—, cambian vostedes máis de opinión que un viraventos, a verdade, porque ¡o que hai que escoitar! O que defendían hai unhas semanas ou uns meses, o que foron dicindo por aí nas reunións, nas asembleas, é o que están dicindo agora. Porque vostedes o que están validando son eses megaproxectos de tramitación da Xunta ou de tramitación do Estado que plantan aeroxeradores de 200 metros de altura; parques de 40, de 50, de 60, de 70 ou de 80 megavatios que invaden zonas sensibles, que invaden zonas de produción agrogandeira, que invaden zonas residenciais. Están avalando esta auténtica marabunta eólica. É así, estanse facendo as cousas mal pola Xunta e polo Goberno central, e nós dirémolo aquí e onde faga falta.

E, señora Nóvoa, vostede vén presumir aquí de que é técnica, pero, mire, non estamos nunha comisión técnica, estamos no Parlamento de Galiza e aquí facemos debates de modelos e debates políticos. Non traia aquí o seu pedigree técnico, *(Aplausos.)* non se trata diso. *(Aplausos.)* E non se pode subir aquí a mentir dunha maneira absolutamente descarada, porque, claro, o BNG alegou contra os proxectos de tramitación estatal, levou iniciativas ao Congreso sobre os proxectos de tramitación estatal. E oponse do mesmo xeito aos proxectos depredadores, aos megaparques eólicos sexan de tramitación da Xunta ou do Estado porque son o mesmo, no fondo son o mesmo modelo, exactamente o mesmo. Avalados por esa transición enerxética que realmente é unha traizón enerxética nestes momentos ao rural galego.

E voullo dicir outra vez —xa non sei se o vou volver dicir—, quen prohibiu en Galiza os parques eólicos en Rede Natura foi o Goberno bipartito no ano 2007, *(Aplausos.)* no Decreto 242/2007, *(Aplausos.)* que se puxo por primeira vez a prohibición en Rede Natura. *(Aplausos.)* E vostedes están permitindo que se degraden e que se destrúan centos de humidais, espazos extraordinariamente sensibles, entre eles brañas e turbeiras como as que están ameazadas nas Brañas do Deo, ou no Suído por parques eólicos, por plantacións forestais. E que llo está dicindo o IBADER nun informe que fixo sobre os humidais, sobre as turbeiras, que se levan degradado, que se perderon máis do 30 % destes espazos nos últimos 20 anos. Pero ¿quen llelo ten que dicir?, estállelo dicindo a Universidade de Santiago e vostedes non queren velo. E ademais negáronse a protexer eses 1.131 humidais inventariados polo IBADER, que lle encargou a Xunta inventarialos, hai un rexistro público. E vostedes negáronse a estas alturas aínda a protexelos, e iso é como se demostra que se quere e que se defende o medio natural e a biodiversidade.

E vostedes están avalando, e por iso esa resposta social, ese movemento social, esa rebelión social, ese cuestionamento social e institucional dos xulgados. O outro día díxonos aquí o conselleiro que se puxeran en funcionamento desde 2020 sete parques eólicos; pois, mire, deses sete, dous foron anulados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e un polo Tribunal Supremo. Pero porque non se presentaron contenciosos contra os demais, que se non tamén igual caían abaixo; bueno, xa están feitos e entón o mal xa está feito.

E vostedes están avalando que se tramiten, polo seu efecto chamada, 275 parques eólicos despois de paralizar. Porque vostedes viñeron aquí prometendo. Miren, en 2010, 6.000 millóns de investimento e 13.000 empregos. ¡13.000 empregos! ¿Cantos empregos se crearon deses que anunciaron en 2010 despois de anular ilegalmente un concurso eólico do bipartito? Que tivemos que pagar as indemnizacións, máis de 3 millóns de euros con diñeiro público que debían pagar vostedes do seu bolsillo. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois eses 275 proxectos, os 4.000 tamén megavatios —dixo vostede 5.000— de tramitación estatal, se non hai plataformas que se ergan, se non hai concellos que defendan o territorio, se non hai xente, se non hai partidos como o BNG que lles planten cara, faríanse todos ou a maioría. Si, porque vostedes crearon a barra libre. E non me vale eses datos que dá do 77 %, porque vostedes tamén abriron a porta á barra libre a facer parques eólicos fóra desas zonas. E o que lles propoñemos aquí é facer algo, porque nós non estamos en contra das enerxías renovábeis, estamos a favor, xa o demostramos cando gobernamos. E temos un modelo, temos un proxecto, pero un proxecto garantista, conservacionista, protector do territorio e a favor do país e do rural. O que lle propoñemos é facer algo como fixo Cantabria, que protexeu o 93 % do territorio, e no 6 % restante, no 3 % dese 6 % é moi difícil facer un parque eólico e aínda así quedan zonas para poder aproveitar. E pódense facer moitas cousas máis porque vostede dixo aquí tamén que no seu concello, San Cibrao, que están facendo... bueno, chamarémoslle un proxecto de autoconsumo colectivo. Pero nós non estamos dicindo —porque Pontevedra tamén está facendo un— iso, estamos dicindo que a Xunta, o Goberno galego promova as comunidades enerxéticas, que non as está promovendo; e propoñemos aquí crear con apoio, con fomento do Goberno galego, 40 comunidades enerxéticas.

En definitiva, vostedes teñen que decidir de que lado están, se están do lado desas grandes empresas enerxéticas das portas xiratorias que gañaron 6.500 millóns de euros e só 3 no ano 2021; ou se están do lado das galegas e dos galegos, que pagamos, mentres eses se forran, a luz máis cara da historia; e que temos dereito —iso é o que queremos nós— a beneficiarnos da enerxía que produzamos de maneira sustentábel e xusta.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: Voten a favor desta moción. Voten a favor do rural, voten a favor do medio natural, e voten a favor de Galiza.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a situación dos equipos técnicos encargados da valoración da dependencia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Hoxe substanciamos esta moción derivada da interpelación do pasado pleno sobre os problemas que padecen as persoas con dependencia ou discapacidade en Galicia para obter e poder chegar a esas axudas da dependencia, axudas que son os seus dereitos recoñecidos que, en moitas ocasións, a pesar de estar recoñecidos, non obteñen esa axuda en moitísimo

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempo. Falo de máis do dobre do que marca a lei de listas de espera e incluso en provincias como Ourense moitísimo máis.

No pasado Pleno facía referencia tamén ao que leva sufrido o propio persoal dos servizos sociais comunitarios. E hai que ter en conta unha premisa, que vivimos na comunidade autónoma cos peores saldos vexetativos segundo os últimos estudos; a comunidade co peor comportamento demográfico é Galicia, co peor saldo vexetativo de todo o Estado. E, en base a estas premisas, é clave o sector coidados e trátase do futuro mentres non revertamos esa deriva.

No pasado pleno facía referencia —como dicía— a unha experiencia persoal, que hai anos tiven a oportunidade de xestionar un equipo de servizos sociais; e si que é verdade que, en xeral, os equipos dos servizos sociais en Galicia son altamente cualificados pero en moitas ocasións están moi desmotivados. E o motivo real desa desmotivación viña de que traballadoras sociais, educadoras sociais, psicólogas, pedagogos, administrativos, en xeral persoal dos servizos sociais, día a día tiveron que mirar á cara aos seus veciños e veciñas —aos que coñecen con nome e apelidos, que coñecen as súas vidas, as súas familias e as súas circunstancias persoais moi duras, en ocasións moi duras— e tiñan que dicirlles unha e outra vez que ía tardar moito máis en chegar a axuda á dependencia, ou que a axuda económica que percibían pois, por exemplo, esas nais que coidan os seus fillos ou fillos que coidan das súas nais —a maioría sempre mulleres— pois se recortaba drasticamente esa axuda. Ou que, se querían cotizar, ese dereito que tiñan á cotización especial, tíñano que pagar do seu bolsillo. E tivo que chegar o Goberno de Pedro Sánchez para reverter eses cambios que precisamente foi o primeiro que fixo, reverter eses cambios, como o dereito á cotización especial para coidadoras. Por se non o saben, señorías do Partido Popular; iso fixo, ao mellor nin o sabían porque seguramente nin lles interese. Pero ás familias que están sufrindo esas condicións si que lles interesa e moito.

E hoxe a conselleira mencionou a Zapatero, creador da Lei de dependencia, pero esqueceuse de mencionar que foi o Partido Popular o artífice do baleirado dos recursos á dependencia, case 3.000 millóns nunha soa lexislatura. Mentres o Partido Popular executaba eses recortes, os e as profesionais dos servizos sociais daban a cara e ségueno a facer porque aínda hoxe estamos a pagar as consecuencias. E, por certo, estamos a pagar esas consecuencias e custará moito volver levantar o que vostedes, señorías do Partido Popular, destruíron a boca calada.

Pero —repito— hai que lle deixar claro á cidadanía que a axuda da dependencia, e isto é importante deixalo claro, porque moitas veces a cidadanía ao mellor pode confundir onde están as competencias e quen é o responsable. Hai que deixar claro que a axuda da dependencia non lle tarda porque a traballadora social faga mal o seu traballo, non lle tarda a axuda da dependencia porque o concello non estea traballando na cuestión, senón que a Administración que ostenta a competencia e a responsabilidade é o Goberno galego, e o motivo desa tardanza é que non está a ser dilixente nin responsable, nin está investindo o que debería para a comunidade que máis dependentes ou persoas con discapacidade ten de todo o conxunto do Estado.

Mentres o Partido Popular recortaba 3.000 millóns nunha soa lexislatura, o Goberno de Pedro Sánchez duplicaba os fondos que envía a Galicia nun só ano. ¿E que fai o Goberno galego?

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois, en vez de recoñecer que non cre na Lei de dependencia —como fixo o seu líder de hai anos, Mariano Rajoy, que dixo que a dependencia non era viable e foi sincero coa cidadanía e despois recortou con ese sablazo de case 3.000 millóns nunha soa lexislatura—, pois, en vez de facer iso, o Goberno galego pois di unha cousa de palabra pero logo fai outra. En vez de pedir perdón á cidadanía afectada polos danos causados, bota as culpas ao Goberno central. Pero miren, señorías do Partido Popular, aí o argumento de botar as culpas ao Goberno central non sempre vale, porque realmente os datos que temos, os datos como por exemplo de que Galicia está á cola do Estado en gasto por habitante en servizos sociais. Tamén temos outras noticias que inflúen en relación ao que estou comentando, como, por exemplo, que Galicia é a comunidade autónoma que menos inviste por habitante dependente de todo o Estado. Pero é que ademais esa mesma noticia xa se repetiu por estudos independentes a nivel estatal hai anos, por exemplo, en 2015; temos noticias de 2015 nas que xa dicían o mesmo, que Galicia estaba á cola en gasto de dependencia, na xestión de dependencia. E entón eu pregunto, ¿quen gobernaba en 2015? ¿Agora é culpa do Goberno do Estado e antes en 2015 de quen era a culpa? Pois non boten as culpas aos de fóra de ser a comunidade autónoma peor parada na xestión de dependencia e servizos sociais.

Tampouco boten a culpa aos concellos, que bastante fan con asumir moitas das competencias que tería que asumir o propio Goberno galego. Mentres o Partido Popular asubía e mira para outro lado, porque os propios concellos tiveron que asumir —como saben— un sobrecusto de máis de 6 millóns de euros mensuais derivados da pandemia, por asumir competencias que lle corresponden ao Executivo galego. Ter unha discapacidade ou dependencia en Galicia é máis difícil aínda que no resto de España, e ¿por que?, pola falta de investimento do Goberno galego, pola descoordinación entre áreas, porque non están coordinadas as propias consellerías. Por falta de investimento e polos datos dos últimos informes que din o seguinte: «O Goberno galego é dos peor parados na xestión dos servizos sociais de toda España. O Goberno galego é o que menos inviste por habitante dependente de toda España». A espera media para recibir a axuda da dependencia é de máis de 400 días, cando a lei marca que non pode superar os 6 meses. Ou sexa, que o Goberno galego está a tardar en dar as axudas á dependencia máis do dobre do tempo do que a lei permite; e, en Ourense, por certo, moitísimo máis. Que, por certo, creo que chegou agora unha noticia que creo que Jácome acaba de pedir a dimisión da secretaria xeral do Partido Popular de Galicia polas declaracións que fixo sobre que o AVE chegará a Ourense pero non a Galicia. Supoño que agora ao mellor si que rompe o bipartito na cidade de Ourense, isto si que é causa suficiente, *(Aplausos.)* e non que o alcalde agredise unha persoa no medio dunha praza por manifestarse. *(Aplausos.)*

O informe estatal de directoras e xerentes de servizos sociais destapou que o Goberno galego do Partido Popular escondeu case 10.000 solicitantes. Isto que acabo de dicir é moi grave, aínda que sigan falando con ese murmurio e non están atendendo; pero a xente interésalle; á xente que ten dependencia interésalle. ¿Onde están os 10.000 solicitantes que solicitaron a dependencia e que non saen en ningunha estatística? ¿Onde están? *(Aplausos.)* Non me contesta nin a conselleira nin o señor Pazos. A ver se o señor Pazos agora cando suba aquí me pode contestar, por favor. Non a min, senón á cidadanía que eu represento lexitimamente e con todo orgullo. E, sobre todo, ás persoas que nos poidan estar vendo que teñen unha situación ou unha persoa con dependencia na súa casa.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non explican esta cuestión tan grave nin por escrito nin no Parlamento; pedímola tamén por escrito, a ver se nos podían contestar desa forma. Tampouco. Seguimos esperando, como polos datos das residencias, os datos covid por cada centro residencial cando foi a pandemia, que tampouco nos deron os datos, e que incluso que o propio, o mesmísimo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza para que se aporten os datos, dando luz verde para que se aporten os datos de contaxios e falecementos por covid por cada residencia de maiores, e aínda seguimos esperando, a pesar de que a conselleira nos mandou á oposición a Google a ver se o atopabamos.

E, repito, se o Goberno galego do Partido Popular son os que menos invisten, tardan en resolver máis do dobre do permitido, esconden case 10.000 dependentes dos datos oficiais e ao señor Feijóo agora se lle ocorre pedir a Pedro Sánchez, a súa medida estrela coa discapacidade, mudar o termo «diminuído», algo que o PSOE defendeu e xa levou ao propio Congreso e que o PP votou en contra, vostedes o que están xogando, señorías do Partido Popular, é coa xente, intentando manipular a cidadanía para agochar a realidade, nun exercicio de hipocrisía política sen precedentes.

E con este panorama ¿que facemos dende o Grupo Parlamentario Socialista? Pois ofrecer, dende a humildade, e dende o traballo e dende o diálogo coas propias familias, co propio sector, ofrecer propostas para reverter esta situación. Incrementar o número de técnicos suficientes que traballan nos equipos de valoración da dependencia; un informe detallado sobre as solicitudes que non están gravadas no sistema de dependencia, como dicía, concretamente as 9.298, segundo o propio Informe do ditame do Observatorio Estatal de Dependencia; informe no que se indique a porcentaxe de valoracións para o recoñecemento de dependencia realizados no domicilio da persoa a tratar para poder vislumbrar cal é a situación da dependencia e por que tanto atasco, por que están tardando tanto e a cidadanía o está a sufrir.

E agardamos a que non sexan negacionistas de propostas que son xustas para a cidadanía e, sobre todo, para un sector da poboación que o está a pasar mal e máis nestes momentos, simplemente porque proveñan da oposición. Porque o dato está claro...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora ORTEGA OTERO: —Si, señora presidenta, remato agora—.

Porque está claro que as medidas anunciadas pola Xunta non solucionaron o problema e porque agora anunciarán máis persoal —xa o anunciaron— para os equipos de valoración de dependencia, tras solicitalo moitísimas veces nós dende o noso grupo e votar moitísimas veces en contra, todas e cada unha delas.

Pero, coma sempre, tarde, mal e a rastro. Pero mentres tanto a xente segue a esperar polos dereitos que ten recoñecidos por lei, pero que non se substancian pola inoperancia do Goberno galego competente na materia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...e reseteen o propio *modus operandi* na materia, gobernen con empatía e pensen nas persoas que máis o necesitan nestes momentos.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

E boa tarde a todas e a todos.

Eu vaia por diante que desde o Grupo Parlamentario do BNG imos votar a favor desta moción do Partido Socialista. Unha proposta que en síntese formula dúas cuestións, que é o incremento do persoal dos equipos de valoración e orientación ligado á dependencia, e tamén máis transparencia e a garantía do acceso á información pública, en definitiva, sobre as listaxes de agarda e os tempos de tramitación deses procesos de valoración e tamén da asignación ou acceso real e efectivo aos recursos.

Tanto en dependencia como en discapacidade, falabamos precisamente diso, do ámbito da discapacidade esta mañá. Hai 13.000 persoas agardando en procesos. Por certo, que nalgúns casos, non na súa totalidade, pero nalgúns casos, son conxuntos de solicitude tanto do grao de discapacidade como do recoñecemento do grao de dependencia. E, como temos ademais trasladado xa na Comisión 5ª desde o noso grupo, ademais hai escasas semanas ao director xeral, procesos que polo recoñecemento da Xunta poderían desenvolverse de maneira única para axilizar, para causar menos prexuízos ás persoas con discapacidade que en paralelo queren ser recoñecidas ou ter o recoñecemento do grao de dependencia, e como denuncian as entidades sociais e como teñen trasladado en numerosas ocasións á Xunta de Galiza, que a pesar de que se pode facer esa tramitación nun proceso unificado e conxunto, non se está a aplicar e a implementar.

Esa demora, tanto nas valoracións no recoñecemento do grao de discapacidade como de dependencia, como dicía tamén a señora Ortega e como sinalabamos esta mesma mañá, o que supón é unha vulneración e unha negación de dereitos fundamentais, dereitos subxectivos neste caso, porque falamos de garantirlles os servizos, os apoios e os recursos que as persoas con dependencia ou discapacidade necesitan para levar ou para ver as súas vidas nas mellores condicións e despois para poder garantir o dereito a unha vida digna e, sobre todo, autónoma e independente na medida das posibilidades.

Falabamos desas listaxes de agarda, desas 13.000 persoas no caso da discapacidade que agardan para ser atendidas, e recentemente ademais a propia Valedora do Pobo, que nestes días remitía á Cámara para a súa tramitación o informe correspondente ao ano 2021, sinálao precisamente no seu informe: esas demoras no recoñecemento da dependencia e tamén no recoñecemento da discapacidade.

E, falando estritamente dese recoñecemento nos tempos de tramitación das valoracións do grao de dependencia, que, como se sinalaba, a lei do ano 2006 de carácter estatal fixa nun período de tres meses como máximo; o tempo medio de tramitación, con datos da consellería

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

remitidos á Valedoría do Pobo —vamos, que non creo que a fonte non é opinable nin cuestionable porque é a mesma Xunta—, o tempo medio para a valoración da dependencia no caso da Coruña son 142,8 días, falamos de case 5 meses, 4,7; Lugo, 158 días, son 5 meses; Ourense —dicíao a señora Ortega—, 212,26 días, 7 meses; e 4 meses no caso da provincia de Pontevedra, 127,7 días. Insisto, cando a lei exixe que ese proceso de valoración ten que desenvolverse nun prazo máximo de 3 meses.

E ademais, se falamos non só da valoración, senón da asignación do recurso que xa se ten o dereito recoñecido, o tempo medio transcorrido entre a solicitude e a resolución é de 195 días na Coruña, 226 días en Lugo —ollo á diferenza, hai unha agarda brutal no caso de Lugo para acceder aos recursos aos que se ten dereito—, Ourense 288 días e en Pontevedra 170.

E a clave para resolver esta situación é garantirlles os dereitos de maneira real e efectiva á poboación con discapacidade ou con dependencia en Galiza a Xunta sabe cal é. Porque, cando falamos de que se axilizaron, porque as agardas eran moito maiores hai anos do que son agora, aínda incumpríndose a día de hoxe a lei, a Xunta sabe como minorou e resolveu con maior celeridade eses procesos de tramitación e esas solicitudes, que foi introducindo máis persoal, máis recursos e aumentando os equipos de valoración e orientación.

Entón, se sabemos cal é a vía para resolver esa vulneración e negación de dereitos, por que non se aplica ese reforzo de persoal e non se crean con carácter estrutural máis equipos de valoración e orientación. Dixémolo pola mañá, ¿é un problema orzamentario? ¿É un problema de investimento? Pois os dereitos custan cartos. É que é así e non hai máis.

Di a propia Valedora do Pobo, remitíndose á resposta que lle dá a propia Xunta de Galiza, que hai uns problemas de carácter estrutural que teñen que ser resoltos. E dille a Valedora —nós tamén o dicimos— agora o que hai de maneira urxente é que poñer solución a eses problemas de carácter estrutural que pasan polo reforzo e a creación de novos equipos de valoración, pero tamén por suposto pasan por aprobar con celeridade ese novo decreto de recoñecemento e valoración da dependencia e facelo incorporando as medidas que teñen proposto e teñen formulado as entidades de iniciativa social, as persoas a través das organizacións e das entidades que as representan e que, por exemplo, pasan, por poñer un caso, por incorporar nos procesos de tramitación con carácter de urxencia, prioritarios, novas doenzas, novas enfermidades. Tamén que vaian adaptando a normativa e a tramitación administrativa do noso país á realidade dunha Galiza do século XXI, que ten unha taxa de avellentamento da poboación moi elevada. Dicímolo sempre, iso é bo, vivir máis anos é bo, pero tamén nos trae aparellados novas discapacidades ou novas razóns ou motivos para a dependencia. Estou pensando por exemplo en demencias, en alzhéimer, que hoxe por exemplo..., ou danos cerebrais adquiridos que hoxe non teñen esa consideración dunha vía prioritaria, un trámite de urxencia.

E pensemos, dicímolo sempre, unha persoa por exemplo que ten un ictus, que sabemos que é tan importante unha resposta inmediata no ámbito sanitario, tamén o é tanto ou máis unha resposta inmediata no ámbito social, para que poida acceder aos recursos e aos servizos que necesita, sen ter que depender de poder ou non pagalos. Porque iso vai determinar que se recupere e gañe ou poida chegar a ter un grao de autonomía, se non o que tiña, o máis

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

próximo posible, ou que sexa unha persoa dependente o resto da súa vida e pode vivir moitos anos, ¡eh! Falamos diso.

Para rematar, volver facer énfase: tan importante é a valoración e cumprir con eses tres meses para o seu recoñecemento, do grao de dependencia ou discapacidade, como contar co acceso aos recursos en tempo e forma. E hoxe non o estamos garantindo. Hai 1.500 persoas dependentes, dependentes co recoñecemento dese grao de dependencia e co recoñecemento de que teñen dereito a acceder a unha praza pública nunha residencia de maiores, 1.500 persoas, que tendo o recoñecemento dese dereito a unha praza pública non a teñen porque non hai prazas. Pero non é só o caso das residencias, das listas de espera para unha praza pública en residencias —son datos da Consellería de Política Social ao *Faro de Vigo*, non invento nada—. Esa espera tamén a temos en 7.000 persoas maiores que están agardando para acceder ao Servizo de Axuda no Fogar. 1.500 dicíao para as prazas de residencia, 1.500 tamén para a teleasistencia, para un dispositivo tecnolóxico que poida monitorizar e facerlle seguimento e apoiar e acompañar persoas, moi especialmente a aquelas que viven en soidade. E ademais hai... —non quero errar o número de persoas— ... 263 persoas que están agardando para ocupar unha praza nun centro de día público no noso país.

Isto o que nos quere dicir é que temos unha realidade que nin estamos atendendo nin conta cos servizos públicos que necesita para garantir os dereitos que a propia Administración recoñece, volvo sinalar. Falamos de dereitos subxectivos e iso quere dicir que o dereito material é que ti tes dereito a unha vida digna e a contar cos apoios que necesitas para ter un proxecto de vida autónomo e independente. E a subxectividade radica en que teñas por parte da Administración, do conxunto polo tanto da sociedade, os recursos, os apoios e os servizos que necesitas para garantir esas condicións de vida dignas.

Nós, digo que van en liña as iniciativas que hoxe recolle esta moción das que temos presentado desde o BNG, imos votar a favor e agardamos que saia por unanimidade nesta Cámara, porque a propia Xunta recoñece na súa acción que é reforzando eses equipos de valoración como se axilizan e se reducen sobre todo esas listas de espera, que hoxe o que están facendo é negarlles dereitos fundamentais a miles de persoas neste país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra dona Rosalía López, por dez minutos tamén.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, na miña intervención vou ir tentando solventar as inquedanzas que amosan vostedes nesta moción punto por punto.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falan vostedes de incrementar o número de técnicos suficientes que traballan nos equipos de valoración para eliminar as listas de agarda en cumprimento da lei. Falan tamén de incrementar o número de equipos que resolven o Programa Individual de Atención ou PIA.

E realmente van vostedes con atraso, porque a Xunta xa vén de incrementar o persoal dos equipos de valoración dende novembro de 2021 en 36 persoas, entre psicólogos, traballadores sociais, terapeutas ocupacionais, médicos, cun investimento de 1,3 millóns de euros anuais, e que ademais tivo uns resultados moi satisfactorios. No último ano reduciuse nun 28 % o tempo que unha persoa agarda para unha valoración da súa situación de dependencia. E así mesmo, no período que vai dende xaneiro a abril deste mesmo ano, incrementouse nun 31 % o número de valoracións de grao con respecto ao ano anterior, o 2021.

E, se falamos da asignación do Programa Individual de Atención ou PIA, incrementáronse as asignacións nun 32,6 % con respecto ao ano 2021. E, ademais, como xa mencionaron vostedes, o Goberno galego está a traballar no novo decreto da dependencia, co que aínda vai reducir máis os tempos da garda; vai simplificar, vai axilizar e vai ordenar o procedemento.

E, ademais, falaron vostedes do cumprimento da lei. Creo que non están vostedes a ver a viga no seu propio ollo. É dicir, vostedes, o Goberno central, está a investir xusto a metade do que debería por lei en materia de dependencia, inviste o 25 % cando tiña que investir o 50 %. E non só iso, imos máis alá: no punto 9 do seu acordo de investidura entre o BNG e o Partido Socialista, comprometéronse vostedes a incrementar e a financiar o 50 % en materia de dependencia, e non o están a facer. Entón, nin vostedes cumpren a lei nin sequera cumpren os seus acordos de investidura. E asígnenlle vostedes as responsabilidades a quen as ten. *(Aplausos.)*

Ademais, somos coñecedores, a través do informe tan manido que vostedes sacan a colación —cando lles interesa, por suposto— da Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, de que o Ministerio de Dereitos Sociais, a Axenda 20-30, o ano pasado deixou sen executar 76 millóns de euros o Ministerio de Dereitos Sociais, co que se terían atendidos 13.000 persoas no conxunto de España ¿De acordo?

E, ademais, a través dese mesmo informe, sabemos tamén que, en canto ao gasto por persoa dependente, Galicia se sitúa na media de España. Non estamos de últimos, como vostedes están a repetir, unha e outra e outra vez. Eu xa llelo escoitei na comisión, escoitéillelo no pleno. Non é verdade. Vostedes están a confundir dous indicadores, están a confundir o gasto por persoa dependente co gasto por persoa potencialmente dependente. Galicia é unha comunidade que é a que ten maior número de persoas maiores e maior número de persoas con discapacidade, e, polo tanto, maior número de persoas potencialmente dependentes. E vostedes están a empregar un indicador e outro ao chou, eu non me atrevo a dicir se por ignorancia ou simplemente por falsidade intencionada, pero o caso é que están —non sei a quen veñen eses xestos— vostedes a terxiversar a realidade, totalmente ademais. *(Aplausos.)*

Piden vostedes, ademais, remitir ao Parlamento un informe detallado por provincias sobre o incremento exacto de persoas en dependencia. ¿Acaso non son vostedes coñecedores, se-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ñorías, de que as necesidades de persoal foron atendidas en función das demandas das xefaturas territoriais?

E, con respecto á súa terceira petición sobre a necesidade de remitir ao Parlamento de Galicia un informe sobre as listas da agarda, é unha petición reiterativa, xa a fixeron vostedes. Os datos xa lles foron remitidos a través dunha resposta escrita a unha pregunta; para ser máis concreta, dígolle o número de rexistro da pregunta: 34.005; xa teñen aí os datos, non sei que máis queren.

Piden tamén vostedes que a Xunta remita ao Parlamento un informe detallado sobre as solicitudes que non están gravadas no sistema de dependencia, concretamente preto de 10.000. Vamos ver, a Asociación de Traballadores, de Xerentes e Directores de Servizos Sociais di que existen 10.000 solicitudes ocultas, é dicir, que 10.000 persoas foron entregar a súa solicitude a traballador social, e ese traballador social non gravou a solicitude no sistema, ocultouna nun caixón. Moi ben, e que iso a Xunta publicouno no seu portal de transparencia. Vamos ver, ¿vostedes consideran que isto ten algún tipo de lóxica? Mire, é que non sabemos nin de onde saíu esa información, semellante despropósito, nin os datos nin nada. O que lle podo dicir é que é totalmente falso, falso; e que a Xunta de Galicia é totalmente transparente, totalmente transparente en relación ás persoas en situación de dependencia que están sendo atendidas.

E, de feito, segundo datos publicados polo IMSERSO, que emite informes mensuais, na actualidade en Galicia hai 69.000 persoas cunha situación de dependencia recoñecida. E, destas 69.000, 66.000 reciben algún servizo ou prestación; no ano 2009 eran 14.000. E isto supón que na actualidade o 95 % das persoas con dereito a unha prestación na nosa comunidade están a recibir algún tipo de servizo adaptado á súa situación, e isto tamén coloca Galicia na cabeza das comunidades cunha maior ratio de persoas atendidas en situación de dependencia. De feito, ocupamos o segundo lugar despois de Castela e León.

Solicitan tamén vostedes un informe no que se indique a porcentaxe das valoracións realizadas no domicilio, nas instalacións da Administración e realizadas de xeito telemático. Xa se lles dixo en máis dunha ocasión que as valoracións da situación de dependencia non se realizaron nunca de xeito telemático, nunca. Cando aquí foi decretado o estado de emerxencia sanitaria, suspendéronse todas as valoracións de dependencia en cumprimento do Real decreto do Goberno central, que decretou o estado de alarma para a xestión sanitaria ocasionada pola Covid-19. Cando se levantou ese estado de alarma, retomáronse de novo as valoracións da dependencia de xeito presencial, progresivamente dende xuño de 2020, e sempre intentando manter as condicións de seguridade evidentemente.

E, por último, interésanse vostedes, señorías, polos datos de dependencia referidos aos anos 2020, 2021 e primeiro trimestre do 2022. Pois ben, voulles falar de cifras e datos que creo que cómpre deben lembrar. Con respecto ao ano 2009, multiplicáronse por catro o número de prazas en centros de día, pasando de 980 a 3.800. Duplicáronse as prazas obtidas con fondos públicos en residencias de maiores, pasando de 5.500 a 13.000 na actualidade. Multiplicáronse por sete as cifras de beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar, pasando de 3.500 persoas beneficiarias a 25.000, e impulsouse o servizo de teleasistencia que practicamente non existía de 120 persoas no 2009 a 7.000 persoas na actualidade.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, ademais, para continuar na mellora de atención ás persoas en situación de dependencia, o Goberno galego asinou en maior de 2021 unha nova folla de ruta que é o plan de choque en dependencia co que se vai reducir á metade os tempos de agarda que se rexistran na actualidade, e ademais cunha serie de liñas de actuación que lle vou nomear rapidamente: unha simplificación normativa e administrativa; unha redefinición do Programa Individual de Atención ou PIA; a creación dunha prestación económica pública e alternativa ao servizo preferido, no caso de non poder optar á primeira opción desexada; o reforzo dos equipos de valoración, a mellora no modelo de xestión de citas e a priorizacion de determinadas patoloxías; por exemplo, mencionaba vostede o alzhéimer, menciónolle eu tamén a esclerose lateral amiotrófica, tamén chamada ELA.

E vou afondar agora, señorías, en dous recursos concretos, un é o Servizo de Axuda no Fogar. A Xunta negociou coa Fegamp un aumento no importe autonómico para este servizo e, de feito, en base a este acordo, a contía da Xunta aumentará un 24 % ao longo desta lexislatura, e con isto blíndase un servizo que atende 25.000 persoas para que eses galegos e esas galegas poidan estar no seu domicilio e ser atendidos cunha atención de calidade e profesionalizada. E, ademais diso, este servizo constitúese xa como un dos piares da dependencia, porque realmente consome case o 33 % dos recursos en materia de dependencia, 14 puntos por riba da media do Estado. No ano 2022 destináronse 101 millóns de euros a esta prestación, 18 millóns máis que no ano anterior.

E, con respecto ao modelo residencial, fronte ao modelo que presentou o Goberno central, totalmente inasumible, que foi rexeitado por case todas as comunidades autónomas de diferentes cores políticas, a Xunta propón un novo modelo que xa detallou a conselleira. E en resumo, señorías, voulles dicir que o que é completamente certo é que o orzamento en dependencia foi aumentando ano tras ano, ata chegar a este ano, o 2022, cun orzamento de 430 millóns de euros, unha cifra récord na historia da atención á dependencia.

E, volvo a repetir, lamentamos profundamente que o Goberno central nin cumpra coa lei nin cumpra cos acordos de investidura, porque deste xeito poderiamos ingresar 150 millóns máis ao ano para atender a nosa xente. E estamos deixando de ingresar polas súas incongruencias e os seus incumprimentos. Malia todo isto, señorías, nós continuamos a traballar, somos conscientes de que temos un arduo traballo por diante, de que en base a esta situación realmente sempre hai marxe de mellora, pero que o estamos a facer no camiño correcto.

Máis nada pola miña banda e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora López.

Grupo autor da moción, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora López, eu penso que temos que debater e rebater sempre dende os argumentos, dende a humildade, evitando a prepotencia e chamando ignorantes ás persoas que aquí nos subi-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos con todo o respecto e con todo o traballo que queremos ofrecer polos galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Tamén di que o modelo residencial que xa o presentou a señora conselleira. Pois non sei, non nos debemos de enterar, porque a propia Valedora do Pobo, ata a mesma Valedora do Pobo está a demandar o novo modelo residencial en Galicia. Entón, non sei.

E outra cousa, porque vexo que ten o mesmo argumentario que o Partido Popular, que os seus compañeiros, claro. Entón, se o problema é o financiamento estatal, pois todo resolto, porque, mire, voulle dar un dato: o financiamento estatal da dependencia cando gobernaban vostedes no Estado co señor Rajoy era dun 15,8, no ano 2017 por exemplo, así quedou. E agora con Pedro Sánchez, Galicia recibe o 32,64. Tema resolto, se o problema é o financiamento estatal xa está. ¿Ou vostedes non defenden o que fixo Mariano Rajoy? ¿Defenden iso ou non? ¿Vostede está de acordo con iso? Eu penso que vostede non está de acordo co que fixo o Partido Popular. Eu penso que vostede non, pero non o pode dicir.

Como pode dicir que os resultados son satisfactorios e falar de ignorancia. Ignorancia é non saír á rúa e preguntarlle á xente canto lle está tardando a dependencia. É que o din os datos, pero se saímos a rúa, simplemente con saír a rúa, a xente achégase a nós e dinos que a dependencia lles está tardando ata 2 anos a graos 3, e incluso máis. É que iso é totalmente inasumible. Podemos argumentar o que queiran, o partido Popular está no seu dereito de argumentar o que queira, pero o que non poden facer é dicir que as cousas van ben, porque iso é mentir á cidadanía. E pode mentir á cidadanía que ao mellor non coñeza este tipo de situacións porque non a padeza, pero ás persoas que teñen dependencia, que ao mellor están nas súas casas e non poden alzar a voz porque, desgraciadamente non teñan a oportunidade, para iso estamos nós a oposición para poder dicirlles as verdade, para poder dar solucións, propostas dende o máximo respecto para que as poidan acoller e poidan solucionar os problemas das persoas. *(Aplausos.)*

E, por suposto, e a Xunta, os datos son os que os propios informes... Agora chámame a atención porque agora están primeiro é a culpa do Estado, logo é a culpa dos concellos, e agora é a culpa dos informes independentes a nivel estatal dos directores e xerentes dos servizos sociais. A culpa é de todo o mundo menos da Xunta de Galicia, que o fai perfecto. Pero os datos reais e obxectivos son que temos en Galicia, polo Goberno galego os peores datos en dependencia, en investimento en dependencia. Temos os peores datos de inserción laboral das persoas con discapacidade; temos as listas de espera que superan o dobre do que permite a lei, e en Ourense máis; 10.000 solicitantes en dependencia que non aparecen polas estatísticas oficiais que vostede dicía que era mentira, pero dígame por que é mentira, arguméntеme, déame os datos, ¿onde están esas 10.000 persoas que os propios informes estatais, que non aparecen nas estatísticas oficiais?, ¿por que non aparecen?

Mentres ofrecemos propostas para chegar a todos os nenos e nenas que precisan atención temperá, o Partido Popular rexéitaa, ¿por que? Se son propostas que melloran, e neste caso aos nenos e ás nenas de 0 a 6 que precisan este tipo de problemas no seu desenvolvemento, por problemas de saúde, ¿que máis xusto hai que iso?, ¿por que votan en contra diso? Mentres o número de menores tutelados, por exemplo, pola Xunta aumenta, os equipos técnicos de menores agonizan sen persoal suficiente e denunciando que non dan chegado a todos os menores

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en risco de desamparo; é que a situación dos datos da consellería están así. A Lei da demografía ¿para que serviu?, ¿para empeorar os datos? Porque hoxe tivemos, nas últimas semanas, os últimos datos e son peores que nunca. Estes son algúns dos datos do balance das políticas sociais do Goberno galego e penso que a reflexión é obrigada dende a humildade, non podemos saír aquí, señorías do Partido Popular, e dicir que está todo ben, un pouco de humidade. É dicir, polo menos dicir intentaremos mellorar, intentaremos solucionar o problema..., pero non poden saír aquí e dicir que os datos son satisfactorios, porque a xente segue nas súas casas esperando polas axudas da dependencia ás cales teñen o dereito recoñecido en moitos casos máis de dous anos e falo de graos tres, e penso que a reflexión é obrigada, ninguén está libre de precisar este servizo —sempre o digo—, independentemente da idade, de que teña un nivel de vida económico alto ou baixo, porque as cousas poden mudar na vida 180 graos en cuestión de horas. Estas propostas interesan a toda a cidadanía, incluídos vostedes, señorías do Partido Popular. Voten a favor independentemente de que sexamos nós os que a estamos propoñendo.

E aproveito para agradecer á señora Rodil e ao Bloque Nacionalista o seu apoio.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución

Substituír o texto dos puntos 2 e 3 polo seguinte:

«Eliminar os contratos de continuidade e pasar a contratar as prazas pola causa que orixina o contrato, de xeito que pasen a ser convocadas en OPE, previa oferta en concurso de traslados.»

Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 4 polo seguinte:

«Rematar o proceso de elaboración do decreto de "ordenación do sistema de formación sanitaria especializada", anteproxecto que foi presentado na mesa sectorial de sanidade no mes de outubro de 2021.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta moción:

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de adición

Debe engadirse un novo punto 7 co seguinte contido:

«7. Demandar do Goberno Central cinco reformas urxentes para afrontar o déficit de especialistas en medicina de familia que está a sufrir toda España e, en particular:

a) Cambiar o sistema de selección de prazas MIR garantindo o coñecemento en tempo real por parte do aspirante das prazas dispoñibles en cada momento.

b) Crear, con tramitación preferente, a especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, tal e como foi demandado por unanimidade deste Parlamento en novembro de 2020.

c) Aprobar a revisión da normativa de acreditación de prazas formativas de medicina familiar e comunitaria acordada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en abril de 2018.

d) Facer unha convocatoria de prazas extraordinarias de medicina familiar e comunitaria nos próximos procesos de formación sanitaria especializada.

e) Crear definitivamente o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios (REPS) para que poda orientar as necesidades de formación de especialistas e poda contribuír a solucionar os déficits de profesionais de determinadas especialidades.»

Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, neste exercicio de conciliación laboral que facemos a estas horas...

Falamos de atención primaria —non é a primeira vez, curiosamente, e non será a última— porque vimos dunha interpelación que deixou algunha cousa moi interesante e moitas delas un pouco tristes, como, por exemplo, seguir entendendo que a política sanitaria deste Goberno vai contra un muro, unha rúa sen saída, lévanos todos detrás. E ninguén está dándose de conta dos sinais que avisan de que é unha rúa sen saída, de que todo o mundo que lle grita «oe, que hai aí un muro», senón que o Goberno que está moi convencido de que o coche que leva é moi bo. E o coche que leva será moi bo pero vai contra un muro. E eu non quero saber que pasará cando este coche choque contra ese muro. E, por tanto, nós imos intentar seguir facendo o que facemos sempre, que é traer unha serie de propostas que poden contribuír a resolver a situación. Difícil, pero posible de resolución.

E temos unha situación difícil na atención primaria, fundamentalmente por unha cuestión, e é que os profesionais teñen unha situación difícil. Non nos fartaremos de dicir que o problema fundamentalmente —non o único— deste sistema que temos, especialmente en primaria, é que temos un modelo xa superado que fai que os profesionais estean nunha situación laboralmente moi complicada. E como intentamos en numerosas ocasións, formas, maneiras explicalo, vou intentalo outra vez; son inasequible ao desalento. Vámolo intentar por outra vía.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A nosa intención hoxe é plantexar que pasa nun centro de saúde. Mañá pola mañá unha persoa en Galicia vai a calquera dos centros de saúde que existen en Galicia e que pode ver ou que podemos ver dende o sistema, dende a política, como lle damos resposta á cidadanía e que atopa a cidadanía nun centro de saúde. Pois ben, nese centro de saúde, calquera, un centro de saúde medio ou estándar en Galicia, ¿mañá que vai pasar? Vai pasar que hai asignados número de médicos, 10, pero vai pasar que non están os 10, van estar 6-7, máis ou menos. Vai pasar probablemente que existan varias semanas de concentracións cidadás pedindo que lles cubran os médicos, pero non lles fai ninguén caso. Ademais diso o que vai pasar é que os médicos que si están alí están cubrindo o seu cupo e o do veciño; o do veciño chámolle ao médico do lado, non ao veciño da casa, ao médico do lado; co cal, iso das ratios oficiais xa é a milonga máis grande do mundo. Esas ratios que vostedes calculan nos despachos son mentira, partamos de aí.

Por tanto, hai 6 médicos ou 7 nun centro de saúde de 10. Co cal teñen un volume de xente que atender moito maior, normalmente van estar aproximadamente en algo por riba de 40 citas programadas para esa mañá, ás que hai que sumarlle as non programadas. É dicir, alguén que chega sen cita esa mañá por unha urxencia pero ten que ser atendido; de media, por riba das 50 —vamos poñerlle 50 para facer os cálculos máis fáciles, que a estas horas do día sempre é moito máis favorable—. 50 pacientes ao día para un médico de primaria son —ratatatatá— 6 minutos por paciente, ¡6 minutos! Eu dígolles unha cousa, eu coñezo moitísimos pacientes neste país aos que en 6 minutos non lles dá tempo practicamente nin a empezar a falar co médico, e non é culpa súa; se non hai máis de 6 minutos, non é culpa súa. Por tanto, temos un problema, ese paciente que chegou ata alí... e estou empezando pola parte de que chegou ata alí, porque igual pediu cita hai dúas semanas. Eu sigo intrigadísimo en saber cal sería a cita para atención primaria de cada un dos 75 que estamos aquí, porque sería tremendamente interesante sabelo. Porque o outro día, bueno, por curiosidade —é certo— que os deputados do PP tiñan cita moito máis rápido que os da oposición; eu non creo —insisto— que tivera nada que ver, dígoo, é unha cousa... Pero interesaríame estatisticamente sabelo, porque eu creo que superamos amplamente os 4 días en que o 90 % está cuberto, segundo dixo o conselleiro.

¿Que vai atopar esa persoa que ten ese centro de saúde se atende un pouco a cal é o problema que temos? Vai atopar que, se ten un problema de mobilidade, podía ser atendido por un fisioterapeuta, pero ese fisioterapeuta, probablemente 1 nese centro de saúde, porque levan 7 anos sen ser convocadas as prazas —ata que se convocaron unhas hai 2 e agora volvemos esperar—. Probablemente ese fisioterapeuta ten unha lista de espera duns 4 ou 5 meses; polo tanto, como teña un problema de mobilidade nun pé ou está 4-5 meses esperando para poder moverse ou ten que facer ¿que?, ir ao médico, traballo do médico que podiamos liberar. Se ten un problema de mobilidade nun pé, podiamos incluso pensar en incorporar podólogos —estano facendo outras comunidades autónomas, Galicia non—; polo tanto, ese problema que podía por outra vía saír do médico vai ao médico. Podía ser atendido por unha enfermeira nun caso no que moitos deles, as enfermeiras, teñen unha capacitación plena e absoluta incluso para prescribir nalgúns casos —que vostedes se negaron sempre—, para facer algúns labores que agora non lles deixan. ¿Que pasa entón?: que ten que ir ao médico e podía librarse de ir ao médico.

Podemos ter un problema diante, esa persoa pode ter un problema relacionado cunha cuestión de saúde mental, pero ¿que pasa?, que vostedes non están convencidos de conectar a

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

saúde mental con atención primaria; é máis, fixérono para a galería. Un psicólogo clínico por 400.000 habitantes, o que é en realidade 6 meses de espera como pouco para unha cita. Imposible, non é posible. ¿Que fai? Ir ao médico.

Xa temos 4 casos distintos que están indo ao médico e que podían non ir. Se, ademais de superar ese bloqueo dos 15 días para poder ter unha cita e de que algún problema que podía ser atendido por outro profesional está sendo atendido polo médico, consegue chegar á consulta do seu médico ou da médica, está alí —xa as 12 probas de Astérix xa están na metade— e consegue chegar alí, a metade do tempo o seu médico vai estar mirando o ordenador, e non porque estea xogando ao Tetris, senón porque está facendo un traballo de burocracia inxente que lle está quitando moitísimo a posibilidade de atender esa persoa. Dos 6 minutos probablemente 2 ou 3 escribindo no ordenador, que podían facer administrativos formados para iso ou xente que colabore cos profesionais; e así temos tempo para que os médicos fagan clínica, que é o que deben facer. Xa temos unha quinta posible solución.

Pero, ademais de todo isto, por se acaso non fora suficiente, é que algúns dos médicos que teñen que estar alí tamén teñen que facer atención a domicilio, e entón xa me dirán vostedes en 6 minutos que fai alguén para saír a facer unha atención a domicilio, porque tamén a teñen que facer. E, por tanto, cando volven hai non 1, 2 ou 3 persoas, senón 15 ou 20 esperando; ¿que fai a maior parte desa xente?, espera e resígnase. Quéixase, e vostedes discútenlles, dinlles que van ás manifestacións porque lles pagan o bocadillo, en fin.

¿Que fai algún —o que pode— de entre eses? Paga un seguro privado, que aumentaron o 20 % no ano pasado. E esta é a realidade dun centro de saúde en Galicia. Pódena negar, pero entón chega a oferta nova sempre, fagamos este debate nun centro de saúde se é que aínda saben onde están algún deles.

¿Que pasa en Galicia e por que temos isto? Dúas cuestións fundamentais. Primeira, Galicia ten unha das peores condicións laborais para os profesionais sanitarios de toda España, especialmente en atención primaria. Dicía o señor Rueda: non é cuestión de diñeiro. A min lémbrame eses novos ricos: ¡será por cartos! Faltoulle soltar panoja así. Non é cuestión de diñeiro, recórdame a unha película que —recordarán— é *Parque Jurásico*, dicía o dono de *Parque Jurásico*: non reparamos en gastos; e así acabou a cousa. «*No es cuestión de dinero*», dixo o señor Rueda. Bueno, proven a investir, porque non será cuestión de cartos, pero o orzamento deste ano en atención primaria baixou. Claro, non será cuestión de cartos e como non é cuestión de cartos, baixámolo. *(Aplausos.)* Claro, ¿non? *(Aplausos.)* Así si que non é, dentro de pouco vanlle quitar o orzamento e xa non é cuestión de cartos, *(Aplausos.)* non queda ningún. *(Aplausos.)* Igual vostedes pensan que a xente tamén traballa gratis ou algo así. Non será cuestión de cartos pero igual, se investimos algo máis, podemos ter máis profesionais, porque xa me dirán vostedes como conseguen máis profesionais se non investimos máis. Non é cuestión de cartos, di.

Pero temos outro problema e é que por fin —é certo— o conselleiro tivo que recoñecer algo moi interesante e é que dende que vostedes chegaron ao Goberno en 2010 renunciaron a unha de cada cinco prazas de formación de médicos de familia, é dicir, ao 20 %. Por cada 5 que podiamos formar, vostedes formaron só 4, e iso asóciase coa seguinte frase

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que dixo —e leo literalmente—: «En 2018 vimos o problema ao que nos enfrontabamos». En 2018 entenderon que empezaba a xubilarse a xente, en 2018, lembren unha afirmación que dixo un sabio unha vez: «todo o mundo cumpre un ano cada ano», normalmente, haberá excepcións —seguro—. Hoxe sabemos os profesionais que se van xubilar dentro de 30 anos. Vostedes entenderon en 2018 que tiñamos un problema. Houbo unha convocatoria extraordinaria no 95 e non se deron conta en 2018 de que, se había un volume de xente moi grande que entrou nun mesmo ano e eran máis ou menos da mesma xeración, non se ían xubilar na vez porque ían distintos. Xa saben, entraron todos xuntos, máis ou menos no mesmo ano, pero xubilaríanse 20 despois. Vostedes sabían perfectamente o que estaba pasando, outra cousa é que aplaudían coas orellas o dos recortes e buscaban ser os campións dos recortes. E agora están aquí chorando por dicir a ver se a culpa é doutro, e a ver se nos axudamos todos; pois algún ten máis culpa que outros.

Nós traemos aquí unha serie de propostas, cousa revolucionaria. Por exemplo, se hai un contrato de 6 meses que hai que cubrir unha substitución, contraten por 6 meses. ¡Revolucionario! Porque están facendo 6 contratos de 1 mes, así saen as contas. Se facemos moitos contratos a moita xente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, fan moitos contratos á mesma xente. Podemos probar a facer iso. Podemos probar que os contratos de continuidade en vez de ser escasísimos de 1 ano, fagamos como en Euskadi que foi a primeira comunidade que os implantou, pero o mínimo son 2 anos e ten limitación xeográfica comarcal —que vostedes non querían—. Podemos facer iso.

Podemos comprometernos a que non volvamos cometer ese erro que vostedes cometeron durante tantos anos de non convocar todas as prazas MIR que podían. ¡Convoquemos! Podemos facer como está facendo Cantabria ou como avanza facer Castela-A Mancha, incorporar podólogos ao sistema de primaria. ¡Hai solucións! Podemos facer como está facendo Valencia ou Aragón de incorporar moitísimos fisioterapeutas. ¡Hai solucións! Non van resolver todo, pero resolven algo, encamiñan ben. Nós pedímoslles o apoio para as solucións. Vostedes están indo contra un muro. E nós dicímoslles que case é mellor que lle fagan caso —xa non a nós, que vostedes a min supoño que me dirán agora, como lle dixeron á miña compañeira, que son un ignorante; está ben, non se preocupen, poden insultar o que queiran—, pero se acaso fagan caso ao que din as sociedades científicas, ao que din os traballadores, ao que din os profesionais; ou ao que din os que saben de atención primaria, aos expertos aos que vostedes lles encargan os documentos que logo desbotan á papeleira. Todos eses estamos dicindo o mesmo.

Se é posible, xa non é que voten a favor —que estaría ben— senón algo moito máis revolucionario, que aquilo que vostedes din que queren facer o fagan. Que iso xa é tremendo, en política dicir que vou facer algo e facelo, iso xa é unha revolución absoluta —aquí en Galicia están pouco acostumados—. Pero, se é posible, intenten facelo.

Nós traemos unhas propostas humildes —iso que somos moi ignorantes—; humildes, pouquiña cousa, xa saben: contratar establemente, darlle traballo aos profesionais. Porque, ¿saben o que dixeron os profesionais desa última oferta, que foi o gran anuncio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: …—termino xa— do conselleiro na última comparecencia que tivo de pagar máis aos médicos que tiveran que facer traballo extraordinario? Que non queren cobrar máis por traballar peor. Porque en realidade o que están facendo —que xa o diciamos nós, pero o din eles moito mellor ca nós— é que vostedes están alimentando a idea de cantas máis horas extra fagas e canto máis satures a túa axenda, máis che pagamos. Eu voulles contar unha cousa: non o fan por cartos; vostedes igual teñen a mentalidade de que a xente só fai as cousas por cartos…

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Non o fan por cartos, eles o que queren é calidade para o sistema. ¡Que curioso! O que pedimos todos os demais. A ver se son capaces de entendelo e votan a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Ao relato que acaba de facer vostede, señor Torrado, se me permite, vou engadirlle algunha outra cuestión, porque daría para unhas cantas sesións plenarias poder describir realmente a situación da sanidade en Galiza. Porque podiamos dicir que converteron —ou o resumo do que vostede dixo— a atención primaria nun despacho de doentes, e que pecharon consultorios que non volveron abrir. E na nosa comarca a mutua pois podo falar de Vilaxoán ou podo falar de Paradela, con 1.000 persoas en cada un deles aos que lles pecharon o consultorio; pecharon horarios de tarde, eliminaron os reforzos de costa. Xa non é que non haxa os profesionais necesarios, senón que en zonas de costa, onde se multiplica a poboación, pois eliminan o reforzo de costa, non fan falta para nada. Bueno, sacando Sanxenxo, que ofrecen pisito.

E miles de galegos sen médico asignado. A atención pediátrica de nenas e nenos, miles que non teñen pediatra; outros que cren que teñen pediatra pero non é un pediatra, é un ou unha médico de familia cun curso de puericultura. Converteron en norma a temporalidade e a precariedade. E podemos falar das 200.000 persoas que están esperando por unha primeira consulta, dos 40.000 por unha proba diagnóstica. Dos 10.000 para unha primeira consulta de saúde mental, que acaban de anunciar que no CHUS se deixan de facer gardar de neurofisioloxía; que no hospital do Salnés xa non hai radiólogos de garda nin nas noites nin na fin de semana… E podiamos empezar aquí agora a dicir cantos profesionais hai nos centros de saúde ou relación do que está acontecendo noutros moitos hospitais.

Realmente o que está en risco é a universalidade do sistema. Está en risco a atención —e non é ningún alarmismo— que se está prestando aos galegos e ás galegas. E no caso que nos

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ocupa a atención primaria convertida nun lugar totalmente hostil para profesionais e para a poboación, porque iso é o que é neste momento, ou no que o teñen convertido. Un lugar onde os profesionais están a desgusto traballando e onde a poboación non está atendida.

E, diante desta situación, ¿que fai o Partido Popular? Fuxida para diante, ¿non? Vai o conselleiro e estes días atrás o que nos di é: «Os galegos poden ir tranquilos aos seus centros de saúde».

Poden ir, si, poden ir alí dar unha volta arredor e probar sorte outro día. Non hai ningún problema. Di que, pide tranquilidade e confía en que sanidade sexa capaz de atender a demanda do verán. Entón, confianza, cuestión de fe, como lle dixen no anterior pleno, porque recursos e medidas non, aderezado con responsabilizarnos á oposición de dicir o que está pasando.

Xa sabemos aquilo que cando o sabio sinala á lúa, o necio mira para o dedo. E iso é o fai o Partido Popular: dicir que o culpable é o dedo que sinala a lúa en vez de darse conta de que hai un problema.

E logo vén a señora secretaria xeral do Partido Popular, a señora Paula Prado e xa o borda. O Partido Popular reivindica que a sanidade galega é unha envexa en España e en Europa. A señora Paula Prado *dixit*. E logo a renglón seguido, a culpa é do bipartito. E xa con iso temos arreglado o problema da sanidade, xa está redondeado. Tranquilidade, non hai ningún problema, malo será, di o conselleiro; e a señora Paula Prado di que somos a envexa do mundo mundial e que a culpa foi do bipartito. Trece anos despois, pero... Si, si, as guerras napoleónicas creo que tamén. Digo que o apunte para a seguinte rolda de prensa responsabilizarnos desa cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, eu van perdoarme os miles de galegos e galegas que están padecendo a falta de atención sanitaria que faga estas brincadeiras. Pero é que é realmente máis que preocupante que, diante desa situación que empeora día a día, non haxa resposta e non teñamos un Goberno á fronte que faga algo máis que botarlle a culpa ao empedrado ou, evidentemente, responsabilizar o Goberno español, que ten responsabilidade.

E, por certo, señor Torrado, a ver se lle mandan algún recado contundente para que eliminen dunha vez por todas a taxa de reposición e creen a especialidade de urxencias para quitarlle os argumentos estrela aquí ao Partido Popular porque os fan bos, cando non toman as medidas que teñen que tomar para que non teñan eses argumentos tramposos.

Ben, en realidade teñen convertida a atención primaria nunha poxa, a ver quen consegue algún profesional, e, máis alá de botarlle a culpa a Madrid, non asume absolutamente ningunha responsabilidade o Partido Popular.

Prazas MIR sen cubrir, quedan 9 en Galiza. Curiosamente —volvo dicir— son na provincia de Lugo, non é casualidade. Hai un descontento xeneralizado coa formación que reciben. E o tema é que é un síntoma do rexeitamento ás condicións de traballo, á desconsideración, aos déficits de formación, á falta de titores, á falta de tempo, a falta de motivación.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dicía non hai moito un profesional que antes, non hai moito, dicíase que os médicos que acababan ou os que ían ao MIR moitos non collían familia porque non se coñecía primaria. É unha das grandes descoñecidas na universidade, na formación, e é certo. O BNG presentou unha iniciativa nesta dirección de que ten que estar máis presente na formación antes de escoller especialidade, e entón que era por iso, que había que dar a coñecer a atención primaria. ¡Ah!, pero agora xa cambiou o conto. Agora non queren porque coñecen cal é a situación de traballo en atención primaria e marchan despavoridos. *(Aplausos.)* Ese é o problema. É que agora marchan despavoridos porque si, xa coñecen cales son as condicións de traballo en atención primaria.

¿E cales son os datos? Os datos son que non hai moito viñamos aquí dicindo hai uns meses que o colectivo de precarios pola atención primaria de médicos e médicas de familia fixeron un estudo para ver onde estaban os que ían rematando a formación MIR en familia comunitaria. E dábanos o dato de que máis do 50 % non estaban traballando nos centros de saúde. Pero é que este ano os datos que temos é que xa non é o 50 %, que xa era algo inaceptábel co déficit que hai. É que nestes momentos os datos que temos é que dos 11 que rematan na área de Compostela só de momento optaron por centros de saúde 2, dos 23 de Vigo só optaron 10, e así o resto das áreas.

E entre tanto o Partido Popular dicindo que teñen dereito a irse a onde queiran. Claro, ou sexa, formámolos con cartos públicos e logo temos a atención primaria en tal estado que o que fan é saír despavoridos.

Pero, claro, eu dixen no anterior pleno que non hai un déficit de profesionais porque caera un meteorito nin porque houbera un tsunami, nin porque viñera unha praga bíblica, non. É consecuencia de 13 anos de deterioración da atención primaria, 13 anos continuados de recortes; por moito que sigan dicindo, menos orzamento, 13 anos continuados dun auténtico traballo de desconsideración que, evidentemente, ten estes resultados.

E, claro, no anterior pleno o conselleiro facía referencia a unha especialista que en 2017 levou un informe ao ministerio onde dicía cantas profesionais se ían xubilar, porque a atención primaria era froito dos finais dos oitenta e tal... ¡Home!, descubrírono en tempo recente. Eu saqueille no anterior pleno que neste Parlamento levamos dez anos dicíndolle que os propios plans da Xunta e do Sergas alertaban do que se ía producir. E o tema é que non estamos falando en pasado, o tema é que nos vindeiros cinco anos hai case 800 médicos de familia que teñen máis de 63 anos, que hai 80 pediatras que teñen máis de 63 anos, que hai máis de 500 enfermeiras e enfermeiros que teñen máis de 63 anos. E, se neste momento, con esa cantidade de profesionais aínda en activo estamos na situación en que estamos, ¿cal é a planificación para o futuro con todas esas xubilacións? Seguirémoslle botando a culpa ao empedrado, aquí non temos un Goberno actuando.

Efectivamente, seguimos falando da atención primaria, o discurso é que non hai médicos, non hai médicos porque actuaron para que non os houbera, e eu sigo dicíndolle por que non introducen esas categorías das que se si hai profesionais na lista de espera. Neste momento na lista de contratación de psicoloxía clínica hai 160 persoas. ¿Por que non introducen psicoloxía clínica cando o 30 % das consultas en atención primaria teñen que ver con procesos

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de saúde mental, con problemas de saúde mental? Porque non queren que funcione a atención primaria.

Fálase de que non hai médicos, e o conselleiro daba o dato o outro día de que se contrataron 270 PSX. Dito así parece que, ¡ostra!, bueno, PSX si, pero, claro, o dato é que hai 463 centros de saúde en Galiza e 90 PAC. É dicir, 553 centros, 270 toca a medio PSX por centro de saúde. Co aumento da demanda, co aumento da burocracia, co aumento das chamadas, co aumento de todo, resulta que con medio PSX por centro de saúde é como para aplaudir.

E podiamos seguir así, é dicir, que alternativas hai, e, efectivamente, hai que pagalas. Porque non hai profesionais dispostos a traballar nestas condicións nin a que se lles explote e se lles exixa facer o traballo de 4, de 5 ou de 25 a cambio de absolutamente nada, nin sequera dun mínimo coidado.

Polo tanto, iniciativas, o BNG tamén vai seguir traéndoas; e a moción que trae o Partido Socialista, o BNG fíxolle, presentámoslle 2 emendas por 2 cuestións. No punto 2 e 3 fálase de ampliar a contratación dos contratos de continuidade, o BNG mostrou a súa desconformidade con eses contratos, mostrouno porque os profesionais están en contra; e ademais é que eses contratos de continuidade non son postos estruturais. Co cal o que propoñemos é que, como dixo na súa intervención..

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... o señor deputado, que se contraten pola causalidade que os causa, e iso significa que son prazas estruturais, e que se poden quitar á OPE e non estar indefinidamente en contratos precarios.

E logo o tema dos titores. Presentaron en outubro en mesa sectorial un plan para o tema de titores, estamos case en xullo do ano 2022 e nada se sabe dese tema. Co cal o que pedimos é que en mesa sectorial se atendan as alegacións e se conclúa dunha vez.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, hai alternativas, hai medidas, o que hai é que ter vontade política...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRADO CORES: ... para apostar pola sanidade pública e, evidentemente, o Partido Popular non a ten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, señor presidente.

Eu non vou entrar no desprestixio que se fai desde aquí da atención primaria nin da sanidade pública galega. Son unha defensora a ultranza da sanidade que temos e Dios nola conserve por moitos anos. *(Aplausos.)*

Despois das 4 horas de debate do pasado pleno co conselleiro de Sanidade, hoxe o señor Torrado, o Partido Socialista, tráenos unha moción na que apunta que os problemas estruturais de déficit de persoal de medicina de familia que temos en toda España se poden resolver se desde a Xunta se fan máis ofertas de emprego, se ofrecen mellores condicións laborais e aumentan as prazas de formación.

Dito isto, desde logo que parece que pouco se sacou en limpo do que o señor conselleiro dixo aquí no debate desas 4 horas do pleno pasado. Miren, vamos falar con seriedade do que aconteceu nos últimos anos. Desde o ano 2012 a Xunta leva ofertado un total de 8.218 prazas das distintas categorías para a súa incorporación como persoal fixo estatutario ás institucións sanitarias do sistema público de saúde.

Hai un ano, despois das oposicións que se fixeron no ano 2020, adxudicouse destino definitivo en propiedade a 254 médicos de familia, 30 enfermeiros, 71 fisioterapeutas, 93 pediatras en atención primaria, 7 odontólogos e 135 PSX. Entre os ano 2019 e 2020, destino definitivo a outros 240 médicos de familia, 16 traballadores sociais, 10 pediatras e 15 odontólogos.

Porque, señorías, a Xunta de Galicia non parou, non parou nin coa crise económica nin coa crise pandémica. En todo momento se seguiron convocando e executando ofertas públicas de emprego para estabilizar o persoal sanitario. Este mesmo maio de 2022 fixéronse os exames para 46 prazas de traballo social e neste mesmo mes a Xunta vén de ampliar en 1.300 prazas a convocatoria da próxima oposición de enfermería. Están ofertadas na OPE de 2021 e pendentes aínda de convocatorias máis prazas tanto de enfermería como de medicina de familia ou de odontoloxía.

E, por suposto, aí está esa convocatoria das 106 prazas de facultativo especialista de atención primaria, ás que tanto o Bloque como o PSOE votaron en contra.

Polo tanto, non vemos ningún problema, señor Torrado, en que se sigan convocando ofertas públicas de emprego para todas as categorías de atención primaria, porque iso é exactamente o que está a facer o Goberno do Partido Popular. E tampouco vemos problemas en ampliar o tempo de contratación dos contratos de continuidade. É certo que estes son ata tres anos. E saberán vostedes que hai profesionais que soamente queren ese contrato por un ano. Prefiren asinalo aí e ilo renovando, pero é verdade que se pode negociar coas organizacións sindicais e ofertalos por un mínimo de dous anos, como vostedes piden. Agora ben, non deixa de ser curioso que o Partido Socialista, que votou en contra de que a Xunta puidera ofertar prazas en propiedade en atención primaria por concurso de méritos, pida agora que garan-

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamos un mínimo de dous anos de estabilidade cos contratos de continuidade. Iso, señoría, é coherencia.

A Xunta está ofertando a profesionais que acaban de rematar a súa residencia prazas fixas para toda a vida co voto en contra tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego. E, por suposto, piden que esgotemos as prazas formativas en atención primaria. Pois estamos de acordo; pero, mire, nós non queremos quedar nese 70 % que facían cando vostedes estaban no Goberno bipartito. O Goberno do Partido Popular seguiu aumentando ano a ano esas prazas desde o ano 2009 ata chegar ao 100 %. E logo aumentando aínda máis as prazas acreditadas. Este ano 206, e poderían ser 64, que é verdade que están acreditadas, pero é que vostede sabe, señor Torrado, que non nos deixaron formar esas 64 prazas MIR, e iso díxollo o conselleiro no pleno pasado. E por iso mesmo tampouco vemos que non haxa ningún problema en traer un informe a este Parlamento sobre as prazas de formación sanitaria especializada dos últimos anos; ademais, penso que vai ser moi ilustrativo ver as prazas que se formaban no bipartito e as prazas que se forman desde que o Partido Popular está no Goberno.

E tamén piden que se dialogue cos titores para procurar as mellores condicións de formación sanitaria, pois tamén. Eu recórdolles que a Xunta xa estivo en diálogo con eles para o decreto de formación sanitaria especializada que se está a tramitar para mellorar as condicións dos profesionais que participan na docencia, e que tamén falou con eles para facer propostas ao Goberno central e así poder reformar os criterios de acreditación de prazas docentes e o programa formativo para medicina familiar.

E aí está o quid da cuestión, que parece que vostedes aínda non captaron. O problema de déficit de especialistas non está na falta de OPE por parte da Xunta, nin está na falta de estabilidade nas ofertas que fai a Xunta, nin na falta de compromiso coa formación; xa a Xunta inviste máis de 60 millóns de euros en formar todos os médicos de familia que se permiten por parte do ministerio, porque o MIR convócao ao Estado central, pero a Xunta é a que paga a formación.

O problema, señorías, o problema —e o que dixo o conselleiro, que vostedes entenderon mal— non é que a Xunta se dera conta no 2018; no 2018 o que aconteceu é que se pediron reformas estruturais ao Goberno de España. Nese momento estaba o Partido Popular no Goberno e aí por unanimidade acordouse, todas as comunidades autónomas pactaron en abril do ano 2018, pero cando chegou ao Goberno o señor Pedro Sánchez, o seu xefe, isto paralizouse, e lamentablemente ningún dos catro ministros socialistas que pasaron neste tempo polo Ministerio de Sanidade lle deu importancia a esa reforma tan imprescindible que ía contribuír a solucionar o problema de fondo que ten a sanidade neste país.

Esa parálise da que vostedes son responsables directos, señores do PSOE, co voto favorable do Partido Nacionalista Galego, é a fonte de todos os problemas que agora mesmo teñen todos os servizos autonómicos de saúde para captar profesionais de primaria. Porque vostede, coa súa retórica, pretende xerar agora unha cortina de fume e facernos crer que é un problema de que a Xunta desprestixia a atención primaria. Alá vostede, pero o seu argumento, desde logo, nin o seu nin o da señora Prado corresponde coa realidade. Mire, ¿que

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasou na última convocatoria de MIR? As prazas de formación de medicina de familia vacantes na nosa comunidade, un 6 %, señora Prado, non esas nove prazas non é porque en Lugo se dea mala formación, porque, mire, en comunidades gobernadas polo PSOE, como Asturias, quedaron vacantes un 16 %, goberna o PSOE; na Rioxa un 32 % ou en Estremadura o 40 %. Eu non sei moi ben como conseguiu a Xunta desprestixiar a atención primaria en Asturias, na Rioxa ou en Estremadura, pero seguro que vostede, señor Torrado, ten a resposta. Igual que ten a resposta de como arranxar a falta de médicos en Galicia que o señor Formoso lle pode explicar nunha tarde ao señor Rueda, pero que se ve que non lle pode explicar aos presidentes das comunidades de Baleares, da Rioxa, de Asturias, de Aragón, de Castela-A Mancha, de Estremadura, onde están exactamente, teñen exactamente os mesmos problemas que Galicia para a cobertura de prazas, exactamente os mesmos. Por iso, señoría, para un problema nacional fan falta reformas nacionais e medidas nacionais. E o conselleiro xa o apuntaba na súa comparecencia, e nós insistimos na nosa emenda, que por certo é unha emenda de adición ao que vostedes piden.

E falaban de presupostos, pois, miren, os presupostos para a Sanidade en atención primaria este ano é un 9,1 % máis que o ano pasado; e o presuposto xeral da sanidade é un 6 % máis que no 2021. E, evidentemente, o problema non está nos cartos, está en que non hai médicos de atención primaria, díxoo o conselleiro, en todas as áreas sanitarias, dispoñibilidade cero, non hai. Nós o que lle pedimos é que en primeiro lugar haberá que garantir a elección de prazas MIR para que non queden desertas, como o que pasou este ano; unha vez que se cubran estas prazas formativas e con graduados que queiran exercer como médicos de familia e non como no actualidade, porque unha boa parte de médicos de familia van traballar a urxencias, que é outra demanda que nós facemos. Pero para poder traballar en urxencias hai que ser primeiro médico de familia, e esa especialidade que aquí todos votamos a favor, non sei por que se vota en contra no Senado... Claro, é que o que aquí vostedes votan en contra en Madrid non lles fan caso, e os seus compañeiros do Senado do Partido Socialista tamén votan en contra.

Nós o que pedimos é que ademais se amplíen esas prazas, que poidamos desa maneira afrontar o relevo xeracional; pero, para poder facer isto, tamén pedimos a revisión da normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes na especialidade de medicina de familia, esas reformas que desde o ano 2018 están agochadas nun caixón.

Tamén lle pedimos máis convocatorias de prazas MIR extraordinarias e, por último, temos que ter instrumentos que permitan que o Sistema Nacional de Saúde planifique no futuro e con máis rigor a súa oferta formativa. E por iso tamén pedimos un rexistro estatal de profesionais sanitarios, tamén comprometido desde o ano 2018. Polo tanto, señorías, o Partido Popular apoia todas as demandas que vostedes formulan nesta moción dirixidas á Xunta no eido das súas competencias, cremos que a Xunta xa está cumprindo, pero que pode e debe facer todo o que estea nas súas mans, pero o único que pedimos é corresponsabilidade por parte do Partido Socialista de Galicia e que vostedes acepten a nosa emenda de engádega, incorporando todas as demandas ao ministerio no eido das súas competencias, porque eles non están cumprindo, e tamén o ministerio debe facer todo o que está nas súas mans, igual que o fai a Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bueno, é complicado afrontar así un debate a estas horas e con algún tipo de argumentos. Para sentenciar un e respectando estas cuestións, eu para resolver o problema sanitario son máis de orzamentos que de pedirlle a Deus, pero é unha cousa moi así. *(Aplausos.)* Eu ¡eh! Pero paréceme ben, toda axuda sexa boa, pero igual subir os orzamentos estaba ben tamén.

En fin, dígoo porque vostede dixo que as cousas boas eran por Deus e as malas por Pedro Sánchez, non o poña tan alto, só é presidente do Goberno, xa sei que lle fastidia un pouco pero tampouco é tan así.

En fin, empezando polas emendas. Eu quero agradecer os termos en que se fala delas, creo que son construtivos os debates, e quérolle propoñer ao BNG, que ten dúas emendas en realidade a través dunha, a primeira non a imos compartir, por dúas razóns: a primeira porque nós cremos que os contratos de continuidade non son efectivamente, unha gran solución, pero, como somos un partido relativamente pragmático ás veces para intentar votar unha man, cremos que, xa que existen e non se van eliminar, porque non os van eliminar, polo menos que sexan bos; sabemos que non é perfecta a solución, pero é polo menos intentar que sexan decentes. E o terceiro punto non di nada dos fondos se continuidade, o terceiro punto que plantexa na nosa moción é que aquelas prazas que se cobren en substitución que se cubran por todo o prazo polo que vai durar a ausencia; isto é o que din, pero non teñen nada que ver nada cos fondos de continuidade, non o pon. Creo que aí houbo un...

Pero a segunda emenda que plantexa, que é de substitución, nós plantexamos aceptar se lle vale á señora Prado que sexa de engádega. Está ben, a mesa sectorial para negociar iso, pero cremos que os titores teñen cousas que aportar que ademais poden contribuír e sumar á mesa sectorial para falar sobre a formación. Se lle parece ben, aceptámola como de engádega en función do que nos diga.

Sobre a emenda do Partido Popular, é moi interesante porque plantexa un montón de cousas con respecto a melloras nas decisións sanitarias, e pídellas todas ¿a quen? Ao Goberno do Estado. Claro, non, claro, claro, porque o conselleiro de Sanidade forma parte do Goberno do Estado e ten a competencia. Se a este paso vanlle aplaudir ao BNG, porque está considerando que o conselleiro é un conselleiro do Estado, están considerando Galicia un Estado. Aí está a señora Rodil, xa está a pouco, pouco o está conseguindo xa. A pouco xa lle teñen comida a cabeza. Entón, a ver se somos capaces de entender que as competencias en sanidade son autonómicas. Non, bueno si, non; vamos empezar polo principio. *(Aplausos.)* A ver Estatuto de autonomía, artigo 1º... En fin, iso para outro día que non teño tempo suficiente.

Agradézolle á señora Prado a mención á taxa de reposición, non podo evitar dicilo, hoxe está en doce veces máis grande que hai uns cantos anos. ¿Suficiente?, bueno, seguramente mellorable. É certo que, cando na comisión de reconstrución se votou eliminar a taxa de reposición, o BNG votou en contra, pero eses detalliños pequenos que tamén imos pasar. Pero, en fin, non pasa nada, é que tampouco pasa nada.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En fin, eu creo que isto de sentarse a mirar a outros para ver o que outros fan está moi ben, é moi interesante. Eu sigo esperando que alguén se dea conta de que as competencias en sanidade están en Galicia, de que a posibilidade de contratar está en Galicia e de que a oportunidade de contratar está en Galicia. Tamén a quen; si, non se preocupe que imos a todos, non lle podo responder, eu non podo responderlle, ¿verdade?, a esa mesma velocidade con que vostede dispara cousas que non son especialmente moi verdade. Pero déixeme un pouco, que teño menos tempo pero xa lle vou.

Empezan polos MIR, que está moi ben. A min gústame moito o debate dos MIR porque, mire, eu está visto que non son capaz de explicar, eu intentando explicalo son bastante torpe. Explícolle o dos MIR, vouno explicar coa mellor maneira —teño un profesor que dicía que unha imaxe vale máis que mil palabras, creo que a todos nolo ten dito— esta é a convocatoria de MIR en familia comunitaria nos últimos quince anos en Galicia. A curiosidade de que cando son máis está en vermello non é casual, ¿sabe con que ten que ver?, con que son as catro convocatorias que convocou o Goberno Socialista. E ¿sabe cal é a curiosidade?, que entre todas elas suman practicamente todas as mesmas dos anos anteriores do Goberno do PP. ¿Saben que facían vostedes con iso? Calar. *(Aplausos.)*

Non somos capaces de convocar todos os MIR coa mesma velocidade coa que vostedes os destruían, pero imos case xa, xa case na metade de tempo os convocamos todos.

E, por último, non temos profesionais, facemos outra convocatoria. Fixeron vostedes —e presumiu vostede aquí— dunha convocatoria de 106 prazas para atención primaria, á que ademais presumiron, presumiu o señor Rueda, de que se lle presentaron 347 profesionais —creo que é o dato—. Convocaron 106 prazas para médicos de familia, presentáronlles 347 persoas. Polo tanto, cando contraten 106 —que hai un truco aí polo medio— vanlle quedar así aproximadamente 241 médicos de familia que non van poder contratar. Repito, que non é fácil, 106 convocaron, 347 se presentaron. Vanlles sobrar 241 médicos que se presentaron e non os poden convocar. Vostedes queren médicos, hai 241 médicos que non van poder contratar. Igual hai unha solución aí, 241 que se presentaron de máis. Vamos facer unha cousa, vamos deixalo pensar ata mañá e mañá cóntannolo. 106 prazas e presentáronse 347 e os 241 que non van ter praza...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ... igual había médicos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

Comezamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D. Xosé Luís Bará.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14 .

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de Dª Marina Ortega.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Orega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ante a situación dos equipos técnicos encargados da valoración da dependencia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón?

Vou comentar primeiro como é a cousa, segundo dixo el. E despois ao mellor quere...

Eu entendín que a súa emenda —a do Bloque— ten tres partes e el a primeira non a acepta, a segunda acéptalla como engádega e a terceira tampouco lla acepta. ¿É así? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Correcto.

¿Ten algo que dicir, señora Prado?

Perdón, déanlle voz ao escano. Si, agora ten.

A señora PRADO CORES: É que como non tivemos tempo de poder falar...

Pedimos a votación por puntos. O punto 2 é para o se...

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben. Votación por puntos.

E ¿sobre a do PP? Non a aceptou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale.

Bueno, entón votamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quere separar o punto...?

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos, en primeiro lugar o punto número 2.

(Pausa.)

A ver, hai que volver explicalo. A señora Prado pediu a votación por puntos dos puntos da moción do señor Torrado, e pediu separar o punto número 2. *(Murmurios.)* Aceptoulle unha parte como engádega... a ver, explíquelle aí.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, entendo que, tal como queda... Eu acepto a segunda parte da emenda como engádega e non o resto da emenda do BNG. Que despois creo entender que pide separar...

O señor PRESIDENTE: A votación por puntos.

O señor TORRADO QUINTELA: ...o punto 2 —que é o punto 2 da orixinal—.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Non, non, vamos ver, ela acepta... a emenda do Bloque ten 3 apartados, ¡3!, 3 subapartados: o primeiro non llo acepta; o segundo acéptallo como engádega; e o terceiro non llo acepta. E, unha vez feita esa transacción, a señora Prado pide votación por puntos. *(Murmurios.)* ¿É así? *(Murmurios.)* Acéptalla como engádega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non sei, pero entón, a ver... *(Murmurios.)* Por favor, a ver, *(Murmurios.)* a ver, *(Murmurios.)* ten dous apartados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu entendinlle e vostede... *(Murmurios.)* Ben, entre dous apartados *(Murmurios.)* o primeiro non *(Murmurios.)* e o segundo como engádega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, a emenda dela é unha emenda que era unha de substitución e outra de engádega. *(Murmurios.)*

A ver, déanlle voz á señora Prado.

A señora PRADO CORES: Que non sei exactamente cal é o problema que ten o Partido Popular. O BNG presenta dúas emendas: a primeira é de substituír o punto 2 e 3 —que non a acepta—, co cal o punto 2 do Partido Socialista queda como está e pedímolo por separado. E a segunda emenda pedía cambiar o punto 4.

Facemos unha transacción; en vez de eliminalo, engadímolo. ¿É algo que se pode facer ou non? *(Murmurios.)* Digo eu, é que non sei por que están con tanto problema. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Máis ou menos o que se dixo.

Bueno, entón, volvendo ao práctico. Despois de todo isto, hai que votar por puntos. *(Murmurios.)* Vale.

Pois, entón, votamos por puntos. ¿Cantos puntos tiña a moción? *(Murmurios.)* ¿Cantos puntos tiña? Ela pide separar o punto número 2. *(Murmurios.)* Correcto.

CSV: BOPGDSPG-o0e0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos punto número 2. A votar

Votación do punto 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado ese punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, menos o punto 2, xa votado, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: E agora tamén parece que todos de acordo e agora tamén imos con outro acordo, porque despois do problemiña que houbo... Aquí todos os problemas se poden arranxar, o malo é que outros asuntos ao mellor non se poden arranxar; por exemplo, o que pasou hoxe a tarde pódese arranxar falando como se falou agora. E entón imos ler o texto que me fan chegar, que é un texto importante e que di:

«Hoxe 28 de xuño celébrase o Día Internacional das Persoas LGTBI. Foi ese día pero en 1969 cando en Stonewall, no barrio neoiorquino de Greenwich Village, se orixinan revoltas populares en defensa deste colectivo, xerando o movemento internacional moderno para o recoñecemento dos dereitos de todas as persoas LGTBI.

É importante que toda a sociedade participe da celebración deste día, que nos lembra que debemos seguir a traballar e avanzar na construción de sociedades máis tolerantes e integradoras que sexan capaces de celebrar a diversidade e sobre todo que garantan o cumprimento dos dereitos de todas as persoas LGTBI.

Non se pode esquecer que os dereitos do colectivo LGTBI son e serán sempre dereitos humanos, e non debemos deixar de construír contornas cada vez máis xustas en todos os sentidos, baseadas en principios tan esenciais como a igualdade, a tolerancia, o respecto e a liberdade.

É certo que avanzamos moito e que Galicia conta desde 2014 cunha lei específica e propia de igualdade e trato e non discriminación das persoas LGTBI, e desde 2018 co Observatorio

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero. Agora ben, é necesario continuar no camiño da ampliación da conquista de dereitos e poñendo especial empeño na erradicación de condutas LGTBIfóbicas, denunciando estas actitudes sempre, sexan do grao que sexan. Son condutas discriminatorias e debemos, como axentes responsables, loitar contra elas e empeñarnos en lograr cidades e pobos libres de violencias convertidos en lugares de respecto.

Dende as institucións debemos asegurar a igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI e as súas familias como elemento esencial dunha boa convivencia para o progreso e o desenvolvemento social. É a nosa obrigación poñer freo aos discursos de odio que desde hai tempo están a escoitarse, construíndo un muro para concienciar a sociedade para que todas as persoas, sen importar a súa identidade ou orientación sexual, poidan exercer sen medo e con respecto a todas as facultades e dereitos que lle corresponden como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Somos conscientes de que quedan cousas por facer, polo que nos sumamos sen ambaxes á resolución aprobada no Parlamento Europeo en marzo de 2021, onde se declara que a Unión Europea é zona de liberdade para todas as persoas LGTBI, que non se tolerará a retórica perigosa e discriminatoria que pode impedir que millóns de cidadáns e cidadás vivan tal como desexen. Así, estamos totalmente en contra de calquera tipo de discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero, e defendemos o dereito á plena igualdade, á dignidade e ao libre desenvolvemento da identidade sexual e/ou de xénero.

O Parlamento de Galicia quere mostrar a súa solidariedade e apoio a todas as vítimas das agresións LGTBIfóbicas. E quere facer un recoñecemento ao labor de todas as persoas activistas e de organizacións que voluntariamente levan traballando máis de 50 anos en favor da igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI.

Asemade, o Parlamento de Galicia quere reiterar a súa condena ao asasinato de Samuel Luiz, do que se cumprirá nos próximos días 1 ano. Un acto brutal, inhumano e execrable que conmoveu a sociedade da nosa terra e a de toda España e no que se verteron, segundo as testemuñas, expresións homófobas que, con independencia da cualificación penal dos feitos, queremos condenar, alén de lembrar a importancia de desterrar da nosa sociedade o odio á diversidade sexual». *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Aplausos.)

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e catro minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-oOe0LzZu2-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/